

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 26 de decembro de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día 26 de decembro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asisten a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, e o deputado *Rafael Domínguez Artime*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e Paula Bouzós Barros* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35917.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025.

2.35918.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO SOCIAL NO ANO 2026. (EXPTE. 2025074069)

• ANTECEDENTES:

1º.- De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se encontran en situación ou risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido.

No ámbito local, o artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, establece que é competencia das deputacións provinciais ou entidades equivalentes, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.



2º.- En base a dita competencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca unha liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, có fin de fomentar a realización de actuacións dirixidas a colectivos que necesitan apoio dende o punto de vista social. Cabe sinalar que esta convocatoria ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, e desenvólvese desde fai máis de 20 anos, chegando a superar as 140 solicitudes anuais e estimándose que as persoas destinatarias finais alcanzan os 5.000 usuarios/as directos e os 15.000 usuarios/as indirectos.

3º.- O obxecto destas bases é regular o procedemento para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actividades e proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2026, dirixidos a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de risco ou vulnerabilidade social.

4º.- A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

5º.- As subvencións concedidas pola Deputación de Pontevedra nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada. Polo contrario, son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social, contempladas no orzamento de esta institución para o exercicio 2026 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

6º.- Serán subvencionables aquelas actuacións relativas a proxectos e/ou actividades de promoción e inserción social, a prestación de servizos sociais, e en xeral as que persigan un interese social na procura da mellora da calidade de vida das persoas, que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio 2026.

7º.- A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a 600.000,00 euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria, supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

A contía máxima da subvención que pode percibir cada entidade non poderá exceder do 80% do seu orzamento nin da cantidade de oito mil (8.000,00) euros.

As contías de cada subvención serán aprobadas pola Xunta de Goberno, de acordo cos criterios establecidos na base décimo segunda.



8º.- Con data 4 e 16 de decembro de 2025, respectivamente, Secretaría Xeral e Intervención emiten informe favorable en relación á tramitación deste expediente (CSV: MM1CC3YRUBBAFAQV e RIAOZGXU0JFNAICJ), quedando condicionada a aprobación das bases á existencia de crédito adecuado e suficiente, por tratarse dunha tramitación anticipada.

• **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial
- Bases de execución do Orzamento provincial

• **PROPOSTA DE ACORDO:**

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar a Convocatoria e bases reguladoras das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social no ano 2026.

O texto íntegro das bases, que figuran asinadas no expediente co CSV: ZRCRFILKLLEFTKM6, reproducése a continuación:

“CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIONES NO ÁMBITO SOCIAL EN 2026

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca cada ano unha liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro co fin de promover a realización de actuacións centradas nos colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social e precisen apoio.

Segundo o establecido no artigo 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitarlle alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se encontran en situación ou en risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido.

A través desta liña de axudas, a Deputación de Pontevedra impulsa a posta en marcha de actividades e iniciativas promovidas polas entidades sociais da provincia, co obxectivo de mellorar a calidade de vida e fomentar a integración das persoas en situación de especial vulnerabilidade. Con esta convocatoria, a Deputación consolida o seu compromiso co tecido social destinando un total de 600.000,00 euros á súa financiación.



Desde o punto de vista competencial, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

En particular, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actividades e proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2026, dirixidos a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de risco ou vulnerabilidade social.

Segunda. Principios reguladores

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.*

Terceira. Financiamento, contías e límites

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a seiscentos mil (600.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80 % do seu orzamento nin a cantidade de oito mil (8.000,00) euros.

Cuarta. Entidades beneficiarias e requisitos

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Ter a sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por “delegación permanente” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realizar as súas actividades.*
- b. Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.*
- c. Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.*
- d. Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- e. Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*



Quinta. Gastos subvencionables e exclusións

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas a programas proxectos, e/ou actividades de promoción e inserción social, a prestación de servizos sociais e, en xeral, as que persigan un interese social na procura da mellora da calidade de vida das persoas. se atopen en situación de risco ou vulnerabilidade social.

As actuacións subvencionadas deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2026.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- *Os proxectos, programas ou actividades subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial.*
- *Os gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono, alugueiro, limpeza etc.).*
- *Os destinados a atencións protocolarias (comidas, festas, recepcións, agasallos, flores etc.).*
- *As adquisicións de bens ou os gastos que teñan a consideración de investimento.*
- *Os gastos relativos a actividades lúdicas, culturais, deportivas ou turísticas e a servizos de restauración e catering que non se correspondan co obxecto do programa.*
- *Os gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga.*
- *Os relativos a manutención e desprazamento, agás que a entidade solicitante especifique claramente a necesidade e a adecuación deses gastos á finalidade da actividade subvencionada.*

Sexta. Compatibilidade e incompatibilidade das subvencións

As subvencións concedidas pola Deputación de Pontevedra nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais; en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2026 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/64849178>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, excepto que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, das obrigas tributarias coa ATRIGA, de estar ao corrente do pago coa Seguridade Social e de estar ao corrente do pago coa Deputación de Pontevedra.

En caso de opoñerse á consulta, deberá indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

Así mesmo, comprobarase a inscrición da entidade solicitante no RUEPSS da Xunta de Galicia, sen que sexa necesaria a referida autorización por tratarse dun rexistro público.

Décima. Documentación complementaria

Para todas as solicitudes é obrigatorio presentar a documentación que proceda en arquivos independentes en formato PDF, co nome de cada arquivo:

- *Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, no caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. A acreditación da representación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa que resulte de aplicación.*
- *Proxecto descritivo da actividade para a que se solicita a subvención, segundo o establecido no documento anexo a estas bases. A non presentación do proxecto constituirá un defecto non emendable e a solicitude non se admitirá a trámite ao ter este carácter esencial para a súa tramitación.*
- *Escritura de constitución da asociación ou da entidade e estatutos vixentes coa composición actualizada da Xunta Directiva, para aquelas entidades que participen por primeira vez nesta liña de axudas ou que sufrisen algunha variación respecto á última documentación presentada nesta liña de subvencións.*
- *Co fin de valorar os criterios da entidade, de acordo co contemplado na base décimo segunda, deberá achegarse coa solicitude, se procede, a seguinte documentación:*
 - *Documentación acreditativa da coordinación e traballo en rede con entidades e institucións durante o período 2025-2026.*
 - *Calquera outro documento relevante para os efectos desta convocatoria.*

As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite.

Non será válido usar outros medios de comunicación, coma correos electrónicos ou outros. Así mesmo, só poderá contactarse coas entidades por teléfono con fins informativos ou aclaratorios; estas chamadas rexistraranse no expediente, pero non terán valor xurídico.



Décimo segunda. Valoración e criterios de concesión

Os criterios de valoración das solicitudes clasificaranse nos relacionados coa entidade e co proxecto presentado, segundo se detalla nos apartados seguintes, nos que se indican as puntuacións máximas asignadas a estes.

Cada actuación poderá obter ata un máximo de 100 puntos; quedarán excluídas as entidades que non acaden unha puntuación igual ou superior a 40 puntos. Os criterios especificanse a continuación:

A) Criterios relacionados coa entidade (máximo de 20 puntos):

1. Traxectoria da entidade ata un máximo de 10 puntos

- *Antigüidade de máis de quince anos: 10 puntos*
- *Antigüidade de entre dez e quince anos: 7 puntos*
- *Antigüidade de entre cinco e nove anos: 3 puntos*
- *Antigüidade de menos de cinco anos: 1 punto*

2. Coordinación, colaboración e traballo en rede con outras entidades ou institucións no período de 2025-2026, 2 puntos por entidade, ata un máximo de 10 puntos.

Para que poidan avaliarse todos os criterios recollidos no apartado anterior, deberá acreditarse documentalmente coa presentación da solicitude.

B) Criterios relacionados co proxecto obxecto de subvención (máximo de 80 puntos)

1. Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades ata un máximo de 15 puntos.

1.1. Claridade na descrición do proxecto, e idoneidade do proxecto para a cobertura das necesidades que pretenda paliar ou mellorar. Máximo de 5 puntos.

1.2 Formulación de obxectivos xerais e específicos e concordancia coas actividades. Máximo de 5 puntos.

1.3 Estabilidade e continuidade, tempo que leva desenvolvéndose o programa para o que solicita subvención, e continuidade prevista e descrita do proxecto. Máximo de 5 puntos

2. Persoas beneficiarias directas do proxecto ata un máximo de 5 puntos.

- *Menos de 25 persoas: 1 punto*
- *Entre 25 e 50 persoas: 3 puntos*
- *Máis de 50 persoas: 5 puntos*

3. Implantación do proxecto no territorio da provincia ata un máximo de 10 puntos.

- *Ámbito local: 5 puntos*
- *Ámbito comarcal ou supramunicipal:*
 - Máis de tres concellos: 6 puntos*
 - Máis de cinco concellos: 7 puntos*
- *Ámbito provincial: 10 puntos*



4. *Achega económica propia da entidade para desenvolver a actividade ou o proxecto obxecto de subvención ata un máximo de 10 puntos.*

- *Maior do 20 % e ata o 40 %: 3 puntos*
- *Maior do 40% e ata o 60%: 5 puntos.*
- *Maior de 60 % e ata o 80 %: 7 puntos*
- *Maior de 80%: 10 puntos*

5. *Metodoloxía proposta para a realización e indicadores de avaliación ata un máximo de 10 puntos.*

5.1 *Definición da metodoloxía proposta, das ferramentas, técnicas, e instrumentos máis idóneos e acordes para o desenvolvemento do proxecto. (Máximo 5 puntos)*

5.2 *Descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e accións programadas para cumprir os obxectivos, ferramentas e instrumentos de avaliación empregados. (Máximo 5 puntos)*

6. *Temporalización do proxecto que se levarán a cabo, ata un máximo de 10 puntos.*

- *Menos de 3 meses: 3 puntos*
- *De 3 a 6 meses: 5 puntos*
- *Máis de 6 meses: 10 puntos*

7. *Equipo profesional da entidade destinado ao proxecto con perfís profesionais técnicos do ámbito social: 2 puntos por cada profesional ata un máximo de 10 puntos.*

8. *Innovación e calidade do proxecto ata un máximo de 5 puntos.*

8.1. *Innovación na atención ás necesidades descritas no proxecto, ou na metodoloxía empregada. (máximo de 2.5 puntos)*

8.2 *Calidade xeral do proxecto (máximo de 2.5 puntos)*

9. *Plan de difusión detallado, descrición de como se dará a coñecer o proxecto, a quen se dirixe e como se medirá o seu impacto. Compromiso de, durante o desenvolvemento do proxecto, enviar a Benestar Social a difusión do proxecto, notas de prensa relacionadas, difusión en redes sociais, difusión das actividades, etc. (máximo de 5 puntos)*

Décimo terceira. Procedemento de concesión

13.1. *A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrencia competitiva.*

Establécese un prazo máximo de oito (8) meses, que se computará a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 23.1 da LPACAP. Transcorrido o devandito prazo sen que se resolva nin se notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

13.2. *Instrución do procedemento*

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes segundo os criterios establecidos nesta convocatoria en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución provisional, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

No exercicio das súas funcións, o órgano instrutor poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información e dos servizos.

O órgano instrutor realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e, no caso das excluídas, o motivo.



Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado pola Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle propoñerá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas. A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a xefa do Servizo de Benestar Social*
- Vogais: dúas traballadoras sociais funcionarias do Servizo de Benestar Social*
- Secretaria: unha técnica do Servizo de Benestar Social, que actuará sen voto*

13.3. Resolución provisional de solicitudes. Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional, a cal se lles notificará ás entidades solicitantes mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>). Esta notificación terá o carácter de colectiva, para os efectos do previsto nos artigos 45.1.b da LPACAP e 24.4 da LXS.

As entidades propostas como beneficiarias admitidas e excluídas disporán dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional, para formular alegacións.

Neste trámite de audiencia poderán manifestar a súa aceptación ou renuncia; de non comunicar nada no devandito prazo, a axuda terá a consideración de aceptada.

13.4. Resolución definitiva. Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias e alegacións, formularase unha proposta de resolución definitiva, que conterá a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe e na que se especificarán a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Para calcular a contía da subvención, empregarase un algoritmo no que se terán en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria.

A Xunta de Goberno, logo do informe da Intervención, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións e indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos. A resolución incluírá a relación de solicitudes denegadas e os motivos do seu rexeitamento.

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO da resolución definitiva de concesión.

A resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

Décimo cuarta. Notificacións e publicacións

As resolucións e os actos administrativos notifícanse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícanse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://debu.redsara.es>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practícaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo quinta. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as entidades beneficiarias deberán:

a) Levar a cabo a actuación subvencionable nos prazos indicados na súa solicitude, así como presentar a xustificación na forma e no prazo.

b) Realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, polo menos, en incluír a imaxe institucional da Deputación de Pontevedra en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou en calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade e a veracidade da difusión.

O manual de imaxe corporativa poderase consultar en <https://www.depo.gal/documents/37861/77851/PROXECTO-SUBVENCIONADO.pdf/a357b7c9-07db-d2d2-21cd-c088628182a8?t=1668772976822>.

Excluíranse desta obriga aquelas subvencións nas que, pola súa natureza, a publicidade poida ser contraria ao respecto e á salvagarda da honra, da intimidade persoal e familiar das persoas físicas ou calquera outra na que, pola súa imposibilidade material, se xustifique a súa exención consonte os termos da convocatoria.

c) Pagarlles ás e aos acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou as entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán facelo cando cobren a subvención e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.

d) As entidades beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma de pagamento e así quede acreditado no expediente, poderá empregarse o pago en efectivo.

O incumprimento desta disposición para gastos que superen o importe de novecentos (900,00) euros suporá que estes se consideren non subvencionables, segundo o establecido no artigo 38.2 da LSG.

e) Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia excepcional e debidamente xustificada que altere ou dificulte o desenvolvemento da actuación subvencionada.

f) Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada.

g) Someterse ao control financeiro da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

h) A actividade desenvolvida pola entidade debe cumprir coas obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; co Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; coa demais lexislación vixente en materia de igualdade; e co exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.

Décimo sexta. Subcontratación

Enténdese que unha entidade beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedará fóra destes conceptos a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a entidade beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

A subcontratación, parcial ou total, non excederá o 50 % da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumenten o seu custo e non lle acheguen valor engadido ao seu contido. As e os contratistas estarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, a cal asumirá a responsabilidade total da execución fronte á Administración.



As entidades beneficiarias non poderán subcontratar as persoas ou as entidades previstas no artigo 29.7 da LXS:

- a) As que estean incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da LXS.*
- b) As que percibisen outras subvencións para realizar a actividade obxecto da contratación.*
- c) As intermediarias ou asesoras nas que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, excepto que este pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.*
- d) As vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:*
 - 1. Que se obtivese a autorización previa e expresa do órgano concedente.*
 - 2. Que o importe subvencionable non exceda o custo no que incorra a entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.*
- e) As solicitantes da axuda ou da subvención na mesma convocatoria e proxecto que non a obtivesen por non reunir os requisitos ou non acadar a puntuación suficiente.*

Segundo o disposto no artigo 31 da LXS e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores antes de contraer o compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado un número suficiente de entidades que o realicen, o presten ou o subministren, ou salvo que o gasto se realízase antes de concederse a subvención.

Décimo sétima. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias poderán xustificalas ata o 31 de xaneiro de 2027, este incluído.

As entidades beneficiarias deberán presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/dymanic/catalogo/tramitesxenericos>), a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, a seguinte documentación en arquivos independentes en formato PDF, co nome de cada arquivo e cun índice numerado na seguinte orde:

- 1. Memoria explicativa e detallada da realización da actuación, na que se mencionarán expresamente os resultados obtidos, o cronograma de execución, o número de persoas beneficiarias e os recursos materiais, humanos e financeiros aplicados ao proxecto, e na que se indicará se se cumpriron os obxectivos propostos.*
- 2. Acreditación da difusión do financiamento obtido. No caso de que figuren logotipos doutras entidades no material gráfico empregado, deberase aclarar o motivo da súa inclusión (achegar o documento gráfico).*
- 3. Conta xustificativa dos gastos segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica (anexo II.A COD SLA: 288331 Mod: 231.D086G).*

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima do 20 % dos custos directos con respecto ao orzamento inicial presentado.
- 4. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida; para cada factura ou documento análogo indicaranse o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade.*
- 5. Conta xustificativa de ingresos segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica (anexo II.B COD SLA: 288331 Mod: 231E086G).*

O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice este servizo, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderáselles esixir responsabilidade administrativa.



Décimo oitava. Pagamento

Para facer efectiva a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención que corresponda.*

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados preferiblemente polas entidades beneficiarias antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.

Décimo novena. Incumprimentos e réxime sancionador

Se a entidade beneficiaria non presenta a documentación unha vez vencido o prazo, o Servizo de Benestar Social requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do expediente de perda da subvención e as responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e na demais normativa aplicable, así como das condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, e tras a tramitación do oportuno expediente, dará lugar, de forma parcial ou total, á súa cancelación e, en caso de que a subvención xa fose aboada, á obriga de reintegrar a achega económica, consonte o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

De acordo co artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que na Lei de orzamentos xerais do Estado se estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, aplicarase o previsto nos artigos 52 e seguintes da LXS, 50 e seguintes da LSG e 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésima. Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas de dereito privado.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



ANEXO I. Proxecto descritivo da actividade

Terá unha extensión máxima de dez folios por unha cara, coa fonte Corbel e tamaño 11.

De acordo co recollido no Regulamento para un uso inclusivo da linguaxe na Deputación de Pontevedra (BOPPO núm. 229, de 29 de novembro de 2017), deberá empregarse unha linguaxe escrita e iconográfica inclusiva e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

O proxecto deberá ter a seguinte estrutura:

A. Denominación ou nome da actividade ou do proxecto

Identificación da actuación para a que se solicita a subvención.

B. Fundamentación ou xustificación

Diagnóstico e antecedentes que xustifiquen a posta en marcha ou continuidade do proxecto ou da actividade, explicación das prioridades e dos problemas detectados, así como a motivación de que a actuación é viable e a alternativa máis axeitada para acadar os obxectivos propostos. Idoniedade do proxecto para a cobertura das necesidades que pretenda paliar, mellorar.

C. Obxectivos

Detalle dos obxectivos xerais e específicos en concordancia coas actividades e con referencia aos indicadores de seguimento propostos. Poderase achegar como documento complementario unha matriz na que se indiquen os obxectivos xerais e específicos relacionados coas actividades, indicadores e resultados esperados logo da súa execución.

D. Persoas beneficiarias e ámbito de actuación

Identificación do número de persoas beneficiarias directas (aquelas directamente favorecidas pola realización da actuación) e indirectas. Así mesmo, detallarase o ámbito territorial no que se vai desenvolver a actuación, local, comarcal ou provincial.

E. Metodoloxía empregada

Descrición pormenorizada das diferentes actividades que se van levar a cabo para desenvolver a actuación obxecto de subvención, na que se especificarán as técnicas e/ou os instrumentos utilizados para acadar as metas e os obxectivos propostos, as medidas que se implementarán para a transversalidade de xénero e para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e accións programadas para cumprir os obxectivos, ferramentas e instrumentos de avaliación empregados.

F. Temporalización

Elaboración dun cronograma detallado, no que se fará referencia á planificación das diversas accións desde o comezo ata o remate destas, co obxectivo de establecer as distintas etapas do proxecto que se vai subvencionar; nel indicaranse as datas nas que se levarán a cabo e o número de meses nos que se executará o proxecto.

No caso de modificación na execución da actividade por causas imprevistas, debidamente motivada, esta deberá axustarse ao número de meses descritos inicialmente para cumprir os obxectivos propostos.

G. Recursos

Para valorar a actuación, cómpre contar con diversos recursos que ofrezcan unha certa garantía de viabilidade. Especificaranse os seguintes:

- Recursos humanos. Descrición dos perfís do equipo humano que participará na súa posta en marcha e execución, detalle da categoría profesional e meses adicados ao proxecto a subvencionar, así como se é persoal contratado da entidade ou prestación de servizos externos.*
- Recursos materiais. Detalle das instalacións necesarias e do material que se vai usar.*
- Recursos financeiros. Orzamento detallado por aplicacións, que garde relación coas actividades que se van desenvolver no proxecto obxecto de subvención.*



K. Avaliación e impacto social estimado. Difusión

Débense sinalar as técnicas e os instrumentos empregados para medir o grao de cumprimento dos obxectivos da actuación subvencionable e, deste xeito, proxectar o resultado estimado segundo os indicadores iniciais que se tivesen en conta e describir o impacto acadado.

Descrición do plan de difusión do proxecto subvencionado, os materiais e as canles de difusión previstas”

3.35919.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2026. (EXPTE. 2025079084)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- Segundo o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, se establece no seu artigo 31 que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

É labor da Deputación de Pontevedra apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos, especialmente ós de menor capacidade económica e de xestión, polos artigos 109.1.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG); 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG) e 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

2º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social pon en marcha esta convocatoria do “PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2026”, que ten por obxecto o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento a estas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do persoal profesional de referencia que se regula no artigo 37 do antedito Decreto 99/2013º.- Para a cuantificación das achegas establécense dous módulos:

3.1.- Módulo de servizo de axuda no fogar (SAF) básico

Inclúe os gastos derivados da prestación básica do servizo de axuda no fogar adscrito directamente aos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos con menos de 20.000 habitantes, que comprenden os supostos nos que sexan prestados tanto por xestión directa coma, de ser o caso, por xestión indirecta, mediante un contrato ou unha encomenda da xestión. Serán obxecto de subvención os gastos de retribucións brutas e de seguridade social do persoal auxiliar do SAF, o gasto de material directamente vinculado ao programa (luvas, batas, pixamas e zocos) os gastos derivados da financiación de plataformas telemáticas directamente relacionadas coa xestión do servizo e a quilometraxe do persoal auxiliar de axuda do fogar.



3.2.- Módulo de persoal

Inclúe o financiamento dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal empregado público que realice as tarefas propias do seu posto nos servizos sociais comunitarios básicos, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do profesional de referencia, segundo o artigo 37 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

4º.- Para a prestación dos servizos comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026 establécense unha contía máxima para cada Concello de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, recollida no Anexo I das bases reguladoras.

As entidades locais poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos indicados na base precedente, respectando o número de profesionais, a xornada, a temporalidade e a categoría profesional, entre outras cuestións. No caso de redución da xornada ou da temporalidade con respecto ao estipulado, diminuírase a contía correspondente de xeito proporcional.

En relación co módulo de persoal, aplicaranse as seguintes modalidades económicas:

Categoría profesional	Xornada completa para 12 meses	Media xornada para 12 meses
Persoa con titulación superior (licenciatura universitaria, grao ou equivalente)	24.655,90 €	12.327,95 €
Persoa con titulación media (diplomatura universitaria ou equivalente)	22.251,04 €	11.125,52 €
Persoal administrativo	19.506,10 €	9.753,05 €

Coas achegas reflectidas no anexo I das bases reguladoras garántese o financiamento do servizo de axuda no fogar prestado en réxime de libre concorrência con respecto aos niveis de referencia de cobertura e de financiamento recollidos no anexo III do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Así mesmo, dase continuidade ao reforzo no financiamento do módulo de persoal coa ampliación das contías máximas das categorías profesionais establecidos no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, garantindo ademais a continuidade e estabilidade na prestación destes servizos por parte das corporacións locais.



5º.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaraa a xefa do Servizo de Benestar Social, a medida que os concellos presenten as súas solicitudes, e comprenderá as seguintes fases:

- Tras recibir as solicitudes, o Servizo de Benestar Social procederá ao seu estudo e comprobación.
- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

A Intervención emitirá un informe de fiscalización de cada expediente e do informe-proposta, dirixido ao órgano competente.

6º.- A contía consignada para esta convocatoria ascende a tres millóns sesenta e oito mil seiscientos trinta e oito euros con vinte e seis céntimos (3.068.638,26 €), con cargo á aplicación 26/231.2313.462.00 do Orzamento provincial para 2026.

7º.- Con data 16 de decembro de 2026 Secretaría Xeral (CSV: AUWVDWO9RZVS3LMA) e Intervención (CSV: T4D6WDS35U2IAS3R) emiten informe favorable sobre a tramitación de este expediente.

• PROPOSTA DE ACORDO:

Considerando que o órgano competente para a aprobación das bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2026 é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a convocatoria e bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2026.

O texto íntegro das bases, que figuran asinadas no expediente co CSV: FLBNNY7FS0RWY4NY, reproducése a continuación:

“ BASES REGULADORAS DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO DE 2026

Na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), defínense os servizos sociais comunitarios como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema.”

Así, os servizos sociais comunitarios teñen un carácter predominantemente local, ao referírense a un territorio e a unha poboación determinados, e constitúen o punto de acceso normalizado e tamén o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

No artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, establécese que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos de menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.



De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014, a Deputación de Pontevedra aproba o Plan de cofinanciamento, que ten por obxecto o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes e a contratación de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor dentro dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, que se regula no artigo 37 do antedito decreto.

Este plan remitiúselles para o seu coñecemento ás entidades responsables mencionadas no artigo 31.4 do Decreto 99/2012, consonte o disposto no artigo 112.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Desde o punto de vista competencial, atribúeselles ás deputacións o apoio ás corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das previsións establecidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no que se determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión; no artigo 109.1.b da LALG; no artigo 63 da LSSG; e no artigo 31 do citado Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

Segundo o exposto e en execución das competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, apróbase este Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2026, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar o Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2026, a través do cal se subvencionarán o servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes e a contratación de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor dentro dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012.

Segunda. Entidades destinatarias da convocatoria

Serán destinatarios deste plan os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio de 2024.

Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concurra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

Así, en concreto, non poderán ser beneficiarios os concellos que non estean ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) ou coa Seguridade Social.

No que atinxe ao cumprimento das obrigas coa Facenda provincial, estarase ao disposto nos artigos 10.10 e 27.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no apartado 4 da base 25 das de execución do Orzamento, referido á compensación de débedas cos concellos.

Terceira. Réxime xurídico e principios de xestión

O Concello solicitante comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver os seus obxectivos e a completar coa súa achega económica os módulos financiados.

A percepción destas axudas será compatible con calquera outra achega económica do organismo provincial que complemente as actuacións contempladas nestas bases e coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado.



Non obstante, en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da axuda subvencionada. De superar este límite, a entidade beneficiaria deberá comunicalo co obxecto de diminuír o importe da subvención. As entidades beneficiarias das achegas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Este plan rexerase polo establecido nestas bases. Aplicaranse supletoriamente as normas da LXS, da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e das Bases de execución do Orzamento provincial para 2026.

A xestión desta convocatoria realizarase segundo os principios que se detallan a continuación:

- a) Publicidade, transparencia, non concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.*
- c) Eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.*

Cuarta. Módulos obxecto de financiamento e contías das axudas

A través da adhesión ao Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra, os concellos destinatarios poderán financiar o SAF básico e a contratación de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor nos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, establecido no artigo 37 do Decreto 99/2012.

Os módulos obxecto de financiamento serán os seguintes:

- Módulo de SAF básico*

Para estes efectos, considérase SAF básico aquel no que as persoas usuarias acceden ao servizo en réxime de libre concorrencia e non gozan del a través do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).

A través desta modalidade financiaranse os gastos derivados da prestación básica do SAF adscrito directamente aos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos de menos de 20.000 habitantes, que comprenden os supostos nos que se presten tanto por xestión directa coma, de ser o caso, por xestión indirecta, mediante un contrato ou unha encomenda da xestión.

Serán obxecto de subvención os gastos de retribucións brutas e de seguridade social do persoal auxiliar do SAF, o gasto de material directamente vinculado ao programa (luvas, batas, pixamas e zocos), os gastos derivados da financiación de plataformas telemáticas directamente relacionadas coa xestión do servizo e a quilometraxe do persoal auxiliar de axuda no fogar.

En caso de que este servizo se xestione indirectamente mediante algunha das formas previstas na lexislación de contratos do sector público, serán igualmente subvencionables os gastos ocasionados da mesma natureza que os sinalados nos apartados anteriores.

- Módulo de persoal*

A través desta modalidade financiaranse os gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal empregado público que realice as tarefas propias do seu posto nos servizos sociais comunitarios básicos, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do profesional de referencia, segundo o artigo 37 do Decreto 99/2012.

A Deputación de Pontevedra, a través desta convocatoria, reforza o financiamento do módulo de persoal e amplía as contías máximas das categorías profesionais establecidas no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, no que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e garante, ademais, a continuidade e estabilidade na prestación destes servizos por parte das corporacións locais, de acordo co artigo 47 do antedito decreto.

As entidades beneficiarias terán a obriga de velar polo cumprimento da normativa fiscal e laboral, así como de prevención de riscos laborais, e a Deputación quedará exenta de toda responsabilidade derivada das posibles contratacións levadas a cabo ao abeiro desta convocatoria.

Quinta. Contías das axudas

Para a prestación dos servizos comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026 establécense unha contía máxima para cada concello de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, recollida no anexo I destas bases.



Os concellos poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos indicados na base precedente, respectando o número de profesionais, a xornada, a temporalidade e a categoría profesional, entre outras cuestións. No caso de redución da xornada ou da temporalidade con respecto ao estipulado, diminuírase a contía correspondente de xeito proporcional.

Nos supostos nos que os servizos os presten mancomunidades ou agrupacións de menos de 20.000 habitantes, a contía da achega provincial será o resultado de sumarlles as cantidades correspondentes aos distintos concellos que a integran.

En relación co módulo de persoal, aplicaranse as seguintes modalidades económicas:

Categoría profesional	Xornada completa para 12 meses	Media xornada para 12 meses
Persoa con titulación superior (licenciatura universitaria, grao ou equivalente)	24.655,90 €	12.327,95 €
Persoa con titulación media (diplomatura universitaria ou equivalente)	22.251,04 €	11.125,52 €
Persoal administrativo	19.506,10 €	9.753,05 €

Sexta.

Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que comprende a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenericos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros): <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle ao Concello, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21.

Novena. Notificacións



As resolucións e os actos administrativos notificaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e directamente desde <https://debu.redsara.es/>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles aos concellos solicitantes avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practícaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima. Instrución e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaráa a xefa do Servizo de Benestar Social, a medida que os concellos presenten as súas solicitudes, e comprenderá as seguintes fases:

- Unha vez presentadas as solicitudes, o Servizo de Benestar Social estudaráas e comprobaraas.*
- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto nos artigos 24 da LXS e 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*
- A Intervención emitirá un informe de fiscalización de cada expediente e do informe-proposta dirixido ao órgano competente.*

A resolución da concesión notificarase de conformidade co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP. A resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses; o prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que nesta se pospoñan os seus efectos a unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución lexítima os interesados para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo Primeira. Pagamento e xustificación

O pagamento da subvención realizarase tras xustificar a execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo de xustificación "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

- 1. Certificación da Secretaría ou da Intervención, segundo o modelo dispoñible en <https://sede.depo.gal>, na que consten os datos referidos aos gastos e características do módulo de persoal e os gastos referidos ao módulo de SAF básico, así como os ingresos recibidos para o financiamento dos conceptos obxecto de subvención.*
A achega da institución provincial é compatible coa percepción doutros ingresos que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da achega da Deputación, non supere en ningún módulo o importe total do gasto efectivamente xustificado. Para que non concorra esta circunstancia reducirase a axuda provincial no importe necesario, o que poderá dar lugar a un expediente de reintegro.
- 2. Memoria de actividade do persoal empregado público adscrito aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello e memoria do SAF básico, segundo os modelos dispoñibles en <https://sede.depo.gal>, elaborada e asinada polo persoal técnico dos servizos sociais comunitarios básicos municipais.*
- 3. Acreditación mediante proba documental de que se cumpre o compromiso de publicidade da achega provincial segundo a base décimo sexta.*



Respecto do importe dos pagamentos xustificados:

- Deberá acadar en cada módulo o da achega do organismo provincial.*
- Cando o importe dos pagamentos xustificados non alcance o establecido na base quinta para o devandito módulo, sempre que se respecten as condicións estipuladas, a axuda provincial minorarase proporcionalmente.*
- De reducirse a xornada ou temporalidade do persoal, sen autorización previa da variación do módulo, a achega da Deputación será proporcional.*

Se a contía xustificada fose inferior ao importe solicitado e recibido, iniciarase o expediente da perda do dereito ao cobramento total ou parcial, no seu caso, ou ao reintegro, segundo proceda, de conformidade co establecido no artigo 90 do Real decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS).

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2027, este incluído.

Excepcionalmente, poderase solicitar unha prórroga antes de rematar o mes de xaneiro. Logo de ser valoradas favorablemente as causas excepcionais que motivan a mencionada solicitude polo Servizo de Benestar Social e pola Intervención, poderá concederse unha prórroga da xustificación ata, como máximo, o 31 de marzo de 2027.

De non achegarse a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), requiriráselle á entidade beneficiaria a súa presentación no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de xustificación neste prazo excepcional implicará o inicio do expediente da perda da achega da Deputación.

De xeito excepcional, e sempre que estea debidamente xustificado, se o Concello o solicita, poderase realizar o pagamento anticipado do 50 % das axudas aprobadas. O 50 % restante librarase tras xustificar a execución completa do programa.

Décimo segunda. Financiamento

A contía consignada para esta convocatoria ascende a tres millóns sesenta e oito mil seiscientos trinta e oito euros con vinte e seis céntimos (3.068.638,26), con cargo á aplicación 26/231.2313.462.00 do Orzamento provincial para 2026.

Décimo terceira. Vixencia

Estas bases estarán vixentes ata a finalización da data de xustificación; non obstante, os gastos relativos a esta convocatoria quedarán condicionados ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Décimo cuarta. Publicidade

En toda a publicidade e nas comunicacións deben constar a organización e colaboración da Deputación de Pontevedra mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do RLXS.

A entidade local deberá situar nun lugar visible do centro de servizos sociais comunitarios municipais básicos un cartel informativo no que se faga constar o cofinanciamento da institución provincial.

Ademais, deberá proporcionarlle ao persoal contratado para o SAF, sexa propio ou dunha empresa especializada que presta o servizo, as tarxetas identificadoras do servizo subvencionado; o persoal deberá levalas cando estea a realizar a actividade obxecto da subvención.

Décimo quinta. Obriga dos concellos de informar

Os concellos estarán obrigados a facilitarlles aos servizos do organismo provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande nun prazo de quince (15) días. A negativa a facilitar esta información ou a demora inxustificada no seu envío dará lugar á exclusión da entidade local do plan, coa conseguinte perda do dereito ao cobramento ou ao inicio do expediente de reintegro, segundo proceda, das achegas percibidas ou concedidas ao seu abeiro, que será declarada pola Xunta de Goberno tras tramitar o oportuno expediente contraditorio coa audiencia da entidade interesada.

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.



A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Anexo I

Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio de 2026				
<i>Cadro de achegas máximas por módulos</i>				
Concello	Módulo de persoal (achega máxima)		Módulo do SAF (achega máxima)	Total
A Cañiza				
	Persoal administrativo	19.506,10 €		
	Titulada/o media/o	22.251,04 €		
		41.757,14 €	23.382,86 €	65.140,00 €
A Guarda				
	Persoal administrativo	19.506,10 €		
	Titulada/o media/o	22.251,04 €		
		41.757,14 €	32.824,12 €	74.581,26 €
A Illa de Arousa				
	Persoal administrativo	9.753,05 €		
	Titulada/o media/o	11.125,52 €		
		20.878,57 €	11.316,57 €	32.195,14 €



<i>A Lama</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	27.824,35 €	48.702,92 €

<i>Agolada</i>				
	<i>Auxiliar administrativa/o</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		30.631,62 €	31.097,77 €	61.729,39 €

<i>Arbo</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	11.884,14 €	32.762,71 €

<i>As Neves</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	23.212,21 €	44.090,78 €

<i>Baiona</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	24.572,00 €	66.329,14 €

<i>Barro</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		30.631,62 €	19.562,27 €	50.193,89 €



<i>Buen</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	24.744,00 €	66.501,14 €

<i>Caldas de Reis</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	23.865,00 €	65.622,14 €

<i>Cambados</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	27.628,00 €	69.385,14 €

<i>Campo Lameiro</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	13.807,00 €	34.685,57 €
		41.757,14 €		

<i>Catoira</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	7.816,00 €	28.694,57 €

<i>Cerdedo-Cotobade</i>	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		30.631,62 €	39.999,28 €	70.630,90 €



<i>Covelo</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		30.631,62 €	11.222,86 €	41.854,48 €

<i>Crecente</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	22.383,09 €	43.261,66 €

<i>Cuntis</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
		32.004,09 €	26.508,21 €	58.512,30 €

<i>Dozón</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		30.631,62 €	22.331,69 €	52.963,31 €

<i>Forcarei</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	27.057,85 €	68.814,99 €

<i>Fornelos de Montes</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	12.874,61 €	33.753,18 €



Gondomar				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	29.840,00 €	71.597,14 €

Meaño				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	28.000,00 €	69.757,14 €

Meis				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	23.718,36 €	44.596,93 €

Moaña				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
		64.008,18 €	38.992,00 €	103.000,18 €

Mondariz				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	24.655,90 €		
		44.162,00 €	25.988,21 €	70.150,21 €



<i>Mondariz-Balneario</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	3.085,71 €	23.964,28 €

<i>Moraña</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	9.419,43 €	30.298,00 €

<i>Mos</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	24.655,90 €		
		66.413,04 €	35.760,24 €	102.173,28 €

<i>Nigrán</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	24.655,90 €		
		66.413,04 €	36.010,00 €	102.423,04 €

<i>O Grove</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	24.655,90 €		
		44.162,00 €	35.144,29 €	79.306,29 €



<i>O Rosal</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	20.340,79 €	41.219,36 €

<i>Oia</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	12.020,24 €	32.898,81 €

<i>Pazos de Borbén</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	10.573,05 €	31.451,62 €

<i>Poio</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	22.251,04 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	11.125,52 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	22.251,04 €		
	<i>Titulada/o superior</i>	12.327,95 €		
		87.461,65 €	34.460,00 €	121.921,65 €

<i>Ponte Caldelas</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/o media/o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	25.362,29 €	67.119,43 €



<i>Pontecesures</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	14.160,00 €	35.038,57 €

<i>Portas</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	22.300,00 €	43.178,57 €

<i>Ribadumia</i>				
	<i>Auxiliar administrativa/ o</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	15.775,63 €	36.654,20 €

<i>Rodeiro</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	19.378,03 €	40.256,60 €

<i>Salceda de Caselas</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	24.655,90 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	12.327,95 €		
		56.489,95 €	21.140,57 €	77.630,52 €



<i>Salvaterra de Miño</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	24.655,90 €		
		44.162,00 €	20.096,00 €	64.258,00 €

<i>Sanxenxo</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	24.655,90 €		
		66.413,04 €	35.270,00 €	101.683,04 €

<i>Silleda</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	41.312,21 €	83.069,35 €

<i>Soutomaior</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	17.101,71 €	37.980,28 €

<i>Tomíño</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	32.000,00 €	73.757,14 €



<i>Tui</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	24.655,90 €		
		66.413,04 €	34.796,00 €	101.209,04 €

<i>Valga</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	24.655,90 €		
		44.162,00 €	13.184,00 €	57.346,00 €

<i>Vila de Cruces</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
		41.757,14 €	33.802,32 €	75.559,46 €

<i>Vilaboa</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	9.753,05 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	11.125,52 €		
		20.878,57 €	13.611,43 €	34.490,00 €

<i>Vilanova de Arousa</i>				
	<i>Persoal administrativo</i>	19.506,10 €		
	<i>Titulada/ o media/ o</i>	22.251,04 €		
	<i>Titulada/ o superior</i>	24.655,90 €		
		66.413,04 €	37.835,48 €	104.248,52 €

1.862.249,39 € 1.206.391,87 €

3.068.641,26 €

*O financiamento máximo de cada categoría profesional correspóndese coa xornada laboral para 12 meses establecida na base quinta. ”



4.35920.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA O FINANCIAMENTO E A PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DESTA DEPUTACIÓN PARA O ANO 2026. (EXPTE. 2025079081).

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, promove a presente liña de axudas co obxectivo de proporcionarlles aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico para poderen atender as demandas de necesidade urxente e puntual das e dos veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo, ademais de darlles resposta a situacións de grave emerxencia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define os servizos sociais comunitarios como “*o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema.*”.

Así, os servizos sociais comunitarios teñen un carácter predominantemente local ao estar referidos a un territorio e a unha poboación determinados, constituíndo o punto de acceso normalizado e tamén o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

O artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, establécese que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos de menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

Desde o punto de vista competencial, as deputacións temos a competencia propia de apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das previsións establecidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión; no artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG); no artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG); e no artigo 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, promove unha nova convocatoria de axudas có obxectivo de proporcionarlles aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico para poderen atender as demandas de necesidade urxente e puntual das e dos veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo, ademais de darlles resposta a situacións de grave emerxencia.

2º.- Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas bases reguladoras da convocatoria.



3º.- O obxecto das bases reguladoras é aprobar a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes, destinadas a prestar apoio económico para atender as necesidades urxentes das persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

4º.- A xestión desta convocatoria realizarase segundo os seguintes principios:

- Publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.
- Eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.

5º.- As contías máximas dispoñibles para cada concello, así coma os rangos de referencia establecidos para a repartición da puntuación e as contías máximas, e os indicadores e a puntuación acadada para cada concello figuran nos anexos I, II e III das bases reguladoras.

6º.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaraa a xefa do Servizo de Benestar Social e comprenderá as seguintes fases:

- Tras recibir ás solicitudes, o Servizo de Benestar Social encargarse de estudalas e de comprobalas.
- órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

A Intervención emitirá un informe de fiscalización de todos os expedientes e do informe- proposta, dirixido ao órgano competente.

7º.- A contía consignada para esta convocatoria ascende a seiscientos seis mil oitocentos (606.800,00) euros, dos que trescentos noventa e sete mil trescentos (397.300,00) euros son para gasto corrente, con cargo á aplicación 26/231.2313.462.00, e douscentos nove mil cincocentos (209.500,00 €) euros, para investimento, con cargo á aplicación 26/231.2311.762.00 do Orzamento provincial.

8º.-Con data 16 e 17 de decembro de 2025, respectivamente, Secretaría Xeral (CSV: 441593TAHV6IJ3CT) e Intervención (CSV: UR17TM2IAAN0ATOB) emiten informe favorable sobre a tramitación deste expediente.

• **PROPOSTA DE ACORDO:**

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar a Convocatoria e bases reguladoras para o financiamento e prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación provincial de Pontevedra para o ano 2026.

O texto íntegro das bases, que figuran asinadas no expediente co CSV: OSIOBDSOU4MC8IIA, reproducése a continuación:



“ BASES REGULADORAS PARA O FINANCIAMENTO E A PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define os servizos sociais comunitarios como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema”.

Nos últimos anos, a crise provocada pola pandemia e a subida xeneralizada de prezos, derivada, entre outros factores, da escaseza das fontes de enerxía e dos problemas de transporte e subministracións, tivo consecuencias sociais e económicas que redundan no agravamento de situacións persoais que provocan que os servizos sociais comunitarios se atopen con máis situacións ao límite da exclusión social.

Estas circunstancias empeoran a situación das persoas en risco de exclusión social e reducen a cohesión social, polo que é necesario aplicar medidas de recuperación para facerlle fronte a esta situación.

Deste xeito, de acordo co artigo 39.1 da Constitución española, “os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia”. Isto significa que todas as administracións públicas son responsables, dentro das súas competencias, de proporcionarlle ás familias que o necesiten axudas económicas ou servizos para cumprir as súas responsabilidades, atender as súas necesidades básicas e apoialas cando atravesen situacións de especial dificultade.

Neste sentido, os servizos sociais comunitarios teñen un carácter predominantemente local ao estar referidos a un territorio e a unha poboación determinados, e constitúen o punto de acceso normalizado e tamén o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, promove unha nova convocatoria de axudas co obxectivo de proporcionarlle aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico para poderen atender as demandas de necesidade urxente e puntual das e dos veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo, ademais de darlles resposta a situacións de grave emerxencia.

Así mesmo, é competencia propia das deputacións apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das previsións establecidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), na que se determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión; no artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG); no artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG); e no artigo 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes



BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes, destinadas a prestar apoio económico para atender as necesidades urxentes das persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

Segunda. Principios reguladores

A xestión desta convocatoria realizarase segundo os seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.*
- c) Eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.*

Terceira. Entidades destinatarias

Serán destinatarios destas subvencións os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionarán as citadas axudas a través dos seus servizos sociais comunitarios.

Non poderán ser beneficiarios destas os concellos que non estean ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social.

No que atinxe ao cumprimento das obrigas coa Facenda provincial, estarase ao disposto nos artigos 10.10 e 27.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no apartado 4 da base 25 das Bases de execución do Orzamento, referido á compensación de débedas coas entidades locais.

Cuarta. Requisitos das persoas beneficiarias das entidades destinatarias

Pódense beneficiar das axudas básicas de emerxencia as persoas empadroadas e con residencia efectiva en calquera dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios do seu Concello e que carezan de ingresos suficientes para facerlles fronte aos gastos para os que se solicita a axuda.

Quinta. Contía das axudas e criterios para a dotación económica de cada Concello

5.1. As contías destinaranse a gastos correntes e de investimento, segundo se recolle nos capítulos 2 e 6 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

5.2. No anexo I destas bases establécense as contías máximas dispoñibles para cada Concello, tanto para gasto corrente coma para investimento.

No anexo II figuran os rangos de referencia establecidos para a repartición da puntuación e as contías máximas da subvención. No anexo III figuran os indicadores en cifras e a puntuación acadada para cada Concello.

A asignación das contías máximas establecidas para cada Concello defínese en función da súa poboación, índice de dependencia global, taxa de desemprego e renda dispoñible bruta. Os datos obtivéronse tras consultar as seguintes fontes de verificación:

- Índice de dependencia global: Instituto Galego de Estatística (IGE) de 2024.*
- Taxa de desemprego: elaboración propia, en función dos datos extraídos do IGE de 2022. O dato ofrecido é o resultado de dividir o número de persoas desempregadas entre a poboación en idade de traballar.*
- Renda dispoñible bruta: IGE de 2022.*
- Poboación: IGE de 2024.*

Para os efectos destas bases, enténdese por:

- Índice de dependencia global: mide a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (entre 15 e 64 anos).*



- Taxa de desemprego: é o cociente entre o número de persoas paradas e o de persoas activas.
- Renda dispoñible bruta: refírese á renda primaria total que reciben os membros dun fogar.

5.3. No procedemento de solicitude cada Concello poderá indicar a cantidade que considere oportuna en función das súas necesidades (para gasto corrente e investimento), sen superar a contía máxima establecida no anexo I para o seu Concello. Unha vez resolto o procedemento e aprobadas as contías, non será posible a transferencia entre ambos os capítulos.

Sexta. Conceptos subvencionables

Serán obxecto de subvención os seguintes conceptos:

6.1 Alimentación

Baixo este concepto poden desagregarse dous tipos de axudas:

- *As destinadas á compra de alimentos de primeira necesidade, especialmente de perecedoiros (como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social) e de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimentarias prescritas por persoal facultativo (celíacas, diabéticas ou con outras necesidades).*
- *As destinadas ao pagamento de servizos de restauración. Este suposto queda restrinxido aos casos nos que a persoa usuaria, polas súas circunstancias ou polas da súa contorna, non poida preparar os alimentos por si mesma.*

Esta axuda ten por obxecto satisfacer as necesidades alimentarias inmediatas da poboación vulnerable, favorecer o consumo local de alimentos nos concellos de

menos de 20.000 habitantes e garantir o acceso igualitario ao produto fresco perecedoiro, segundo o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) 2 da Axenda 2030 das Nacións Unidas (ONU).

6.2 Uso da vivenda

Axudas destinadas a posibilitar o acceso a unha vivenda digna e adecuada a parámetros de accesibilidade, eficiencia enerxética, dotación de servizos básicos e hixiene:

- *Pagamento de gastos de alugueiro que impidan o desafinanzamento.*
- *Pagamento de hipoteca e/ou cotas ordinarias ou extraordinarias da vivenda en propiedade da persoa solicitante da axuda.*
- *Acondicionamento da habitabilidade da vivenda (accesibilidade, eficiencia enerxética, dotación de servizos básicos e hixiene).*
- *Mobiliario e enxoval da vivenda (sabas, louza, toallas etc.).*
- *Estancias temporais nun centro residencial ou establecemento hoteleiro, cando non sexa viable outra forma de aloxamento por situacións de emerxencia ou necesidade.*

6.3 Pagamento de subministracións básicas

Axudas destinadas a evitar a perda de subministracións básicas da vivenda e a paliar situacións de empobrecemento enerxético: recibos de electricidade, gas, gasóleo, auga, leña, pélets ou equivalentes.

Así mesmo, poderán financiarse recibos de telefonía e internet das persoas usuarias, co obxecto de reducir a fenda dixital e garantir o acceso igualitario á información e ao coñecemento segundo o ODS 9 da Axenda 2030 da ONU.

6.4 Pagamento de produtos e servizos de hixiene e limpeza

Axudas destinadas á compra de produtos básicos de uso común para a limpeza da vivenda (lixivia, deterxente para lavalouza e outros); de produtos de aseo e coidado persoal (xabón, desodorizante, produtos de hixiene feminina etc.); e de produtos dirixidos á protección respiratoria e hixiene de mans, coma máscaras e xel hidroalcolico.



Así mesmo, poderán financiarse gastos derivados da contratación de empresas de servizos de baleirado, limpeza e desinfección de vivendas de persoas usuarias afectadas pola síndrome de Dióxenes ou situacións de natureza similar.

6.5 Pagamento de produtos farmacéuticos

Axudas destinadas ao pagamento de produtos farmacéuticos.

6.6 Adquisición de electrodomésticos básicos

Axudas destinadas á compra de electrodomésticos básicos (lavadora, quentador, cociña, frigorífico, microondas, forno, deshumidificador, estufas de pélets, secadora...).

6.7 Pagamento de desprazamentos

Axudas destinadas ao pagamento de desprazamentos para recursos asistenciais ou sanitarios fóra do municipio para recibir tratamentos, facer xestións ou participar en actividades que non poidan levarse a cabo no propio concello.

Así mesmo, pagaranse os desprazamentos dentro do municipio para realizar xestións ou asistir a actividades relacionadas cos programas de educación familiar, do servizo de axuda no fogar ou de asistencia a recursos sociais, educativos ou sanitarios do propio municipio.

6.8 Pagamento da reparación e mantemento de vehículos

Axudas destinadas á reparación e ao mantemento de vehículos, de xeito que lles permita ás persoas a mobilidade para acceder aos recursos educativos, asistenciais, sanitarios e sociais e/ou ao traballo.

6.9 Pagamento de lentes, lentes de contacto e audífonos

Axudas destinadas ao pagamento parcial ou total de audífonos, lentes e lentes de contacto.

6.10 Pagamento de gastos derivados de tratamentos de odontoloxía

Axudas destinadas ao pagamento parcial ou total de tratamentos odontolóxicos non financiados polo servizo público de saúde.

6.11 Pagamento de produtos de apoio

Axudas destinadas ao pagamento de produtos de apoio para persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade ou de dependencia.

Enténdese por produto de apoio aquel dispoñible no mercado ou fabricado especialmente para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias, limitacións na actividade e restricións na participación: camas articuladas, guindastres, colchóns antiéscaras, cadeiras e barras de ducha ou baño, andadores, soletas ortopédicas etc.

6.12 Atencións de carácter complementario

Axudas destinadas ao pagamento de servizos de carácter complementario para persoas con algunha discapacidade, dependencia ou en situación de dificultade persoal.

Enténdense como atencións de carácter complementario as dirixidas ao tratamento de persoas que presenten algunha dificultade ou enfermidade dexenerativa e que precisen de tratamento de fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional e/ou psicoloxía. Poderán ser complementarias a aquelas que proporcione a cobertura do seu seguro médico.

6.13 Axudas para adquisición de roupa e calzado

Axudas destinadas á compra de roupa e calzado básico, de primeira necesidade, coa finalidade de promover o proceso de inclusión social.

6.14 Axudas de estudos

Axudas dirixidas a persoas que se atopen cursando estudos oficiais en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para adquirir material que non sexa financiado a través de bolsas ou axudas doutras administracións públicas.

Esta axuda ten o obxecto de facilitar a mobilidade socioeconómica ascendente e garantir o acceso igualitario ao coñecemento consoante o ODS 4 da Axenda 2030 da ONU.



6.15 Axudas de apoio á infancia

No caso de menores de idade, poderáselles facer fronte aos gastos non incluídos nos puntos anteriormente mencionados que posibiliten a continuidade da ou do menor no seu medio familiar e a súa escolarización.

6.16. Gastos de sepelio

Concederanse axudas económicas extraordinarias para facer fronte aos gastos derivados dun sepelio, cando a persoa falecida e/ou a unidade de convivencia carezan de recursos suficientes para asumilos e non exista cobertura por parte de seguro, prestación pública ou calquera outro medio alternativo. A concesión da axuda estará suxeita á xustificación da falta de recursos suficientes por parte da unidade de convivencia e á ausencia de cobertura por outros medios, como seguros ou prestacións públicas.

Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables exclusivamente aqueles que se consideren básicos e imprescindibles para a prestación mínima e obrigatoria do servizo funerario. Estes gastos inclúen:

- *Retirada e traslado básico do defunto.*
- *Féretro estándar.*
- *Servizo esencial de tanatorio, cando non sexa posible prescindir del.*
- *Tramitación administrativa necesaria para a xestión do sepelio.*
- *Inhumación ou incineración básica.*

Non serán subvencionables os seguintes gastos:

- *Misas, oficios relixiosos ou cerimoniais adicionais.*
- *Recordatorios, flores, coronas ou ornamentos especiais.*
- *Tanatorios ampliados ou de categoría premium.*
- *Vehículos adicionais ou de luxo.*
- *Calquera outro suplemento, mellora ou servizo que non sexa imprescindible para a prestación mínima do servizo funerario.*

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que prevé a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros).

Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite.

Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle ao Concello, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos; indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, logo dunha resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

Décima. Notificacións

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e no enderezo directo <https://debu.redsara.es/>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se acceda ao seu contido, e rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles aos concellos solicitantes avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Instrución e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizáraa a xefa do Servizo de Benestar Social e comprenderá as seguintes fases:

- *Tras presentar as solicitudes, o Servizo de Benestar Social estudaráas e comprobaraas.*
- *O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto nos artigos 24 da LXS e 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*

A Intervención emitirá un informe de fiscalización de todos os expedientes e do informe-proposta, dirixido ao órgano competente.

A resolución da concesión notificarase de conformidade co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

Sen prexuízo da obriga de resolver e de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da LPACAP, transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen que se lles notifique a resolución expresa ás entidades interesadas, estas consideraranse desestimadas por silencio administrativo.



Décimo segunda. Pagamento e xustificación

O pagamento da subvención realizarase tras a completa xustificación da execución do programa, integrada pola seguinte documentación, que deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo de xustificación “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

1. Certificación da Secretaría ou da Intervención, segundo o modelo dispoñible en <https://sede.depo.gal>, na que consten os datos referidos aos gastos correntes e de investimento das axudas de emerxencia social de 2026.
2. Memoria técnica, segundo o modelo dispoñible en <https://sede.depo.gal>, elaborada e asinada polo persoal técnico dos servizos sociais comunitarios básicos municipais.
3. Acreditación mediante unha proba documental do cumprimento do compromiso de publicidade da achega provincial segundo a base vixésima.

De non presentarse a certificación da Secretaría ou da Intervención, deberá achegarse, xunto coa memoria técnica e coa acreditación da publicidade, o seguinte:

1. Conta xustificativa dos gastos para cada unha das subvencións concedidas (unha para gasto corrente e outra para investimento) segundo o modelo establecido.
2. Copia das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe das subvencións concedidas acompañados polo documento de aprobación por parte do órgano competente. Cómpre destacar que os gastos correntes e de investimento incluídos nesta convocatoria deben corresponderse con gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios.

No caso de que a contía xustificada sexa inferior ao importe solicitado e recibido, iniciárase o expediente da perda do dereito ao cobramento total ou parcial, no seu caso, ou ao reintegro, segundo proceda, de conformidade co establecido no artigo 90 do Real decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS).

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2027, este incluído.

Excepcionalmente, poderase solicitar unha prórroga antes de rematar o mes de xaneiro. Logo de ser valoradas favorablemente as causas excepcionais que motivan a mencionada solicitude polo Servizo de Benestar Social e pola Intervención, poderá concederse a prórroga da xustificación ata, como máximo, o 31 de marzo de 2027.

Se non se achega a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), requiriráselle á entidade beneficiaria a súa presentación no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de xustificación neste prazo excepcional implicará o inicio do expediente da perda da achega da Deputación.

De forma excepcional, e sempre que estea debidamente xustificado, se o Concello o solicita, poderase realizar o pagamento anticipado do 50 % das axudas aprobadas. O 50 % restante librarase tras xustificar a execución completa do programa.

Décimo terceira. Compatibilidade das axudas

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado; non obstante, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da axuda subvencionada á persoa beneficiaria. No caso de superar este límite, isto deberá comunicarse co obxecto de reducir o importe da subvención.

Décimo cuarta. Financiamento

A contía consignada para esta convocatoria ascende a seiscentos seis mil oitocentos (606.800,00) euros, dos que trescentos noventa e sete mil trescentos (397.300,00) euros son para gasto corrente, con cargo á aplicación 26/231.2313.462.00, e douscentos nove mil cincocentos (209.500,00 €) euros, para investimento, con cargo á aplicación 26/231.2311.762.00 do Orzamento provincial.



Décimo quinta. Vixencia

Estas bases estarán vixentes ata a finalización da data da xustificación; con todo, os gastos relativos a esta convocatoria quedarán condicionados ao período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.

Décimo sexta. Publicidade da convocatoria

As bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que o Concello beneficiario declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven. A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades beneficiarias poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo oitava. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria
Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria a LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026.

As entidades beneficiarias das axudas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Décimo novena. Publicidade

A colaboración do organismo provincial deberá constar en toda a publicidade (impresa, informática ou audiovisual) das actividades ou dos investimentos subvencionados e na páxina web mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do RLXS.

Así mesmo, deberase acreditar, xunto coa xustificación, a realización da citada publicidade. O manual de imaxe corporativa poderá consultarse en <https://www.depo.gal/identidade-corporativa>. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á perda da subvención.



Anexo I. Contías máximas dispoñibles
AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA 2026
*Concellos de 5.000 habitantes ou menos**

	<i>Contía máxima solicitable</i>		
	<i>Gasto corrente</i>	<i>Investimento</i>	<i>Total</i>
<i>Agolada</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Arbo</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Barro</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Campo Lameiro</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Catoira</i>	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
<i>Covelo</i>	8.000,00 €	4.300,00 €	12.300,00 €
<i>Crecente</i>	8.000,00 €	4.300,00 €	12.300,00 €
<i>Cuntis</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Dozón</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Forcarei</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Fornelos de Montes</i>	8.000,00 €	4.300,00 €	12.300,00 €
<i>Illa de Arousa, A</i>	5.000,00 €	2.800,00 €	7.800,00 €
<i>Lama, A</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Meis</i>	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
<i>Mondariz</i>	8.000,00 €	4.300,00 €	12.300,00 €
<i>Mondariz-Balneario</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Moraña</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Neves, As</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Oia</i>	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
<i>Pazos de Borbén</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Ponteceures</i>	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
<i>Portas</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
<i>Rodeiro</i>	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €

*Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE), 2024



*Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes**

	<i>Contía máxima solicitable</i>		
	<i>Gasto corrente</i>	<i>Investimento</i>	<i>Total</i>
<i>Cañiza, A</i>	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
<i>Caldas de Reis</i>	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
<i>Cerdedo-Cotobade</i>	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
<i>Meaño</i>	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
<i>Ponte Caldelas</i>	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
<i>Ribadumia</i>	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
<i>Rosal, O</i>	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
<i>Salceda de Caselas</i>	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
<i>Silleda</i>	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
<i>Soutomaior</i>	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
<i>Valga</i>	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
<i>Vila de Cruces</i>	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
<i>Vilaboa</i>	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €

*Fonte: IGE, 2024

*Concellos de entre 10.001 e 15.000 habitantes**

	<i>Contía máxima solicitable</i>		
	<i>Gasto corrente</i>	<i>Investimento</i>	<i>Total</i>
<i>Baiona</i>	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
<i>Buen</i>	8.800,00 €	4.500,00 €	13.300,00 €
<i>Cambados</i>	8.800,00 €	4.500,00 €	13.300,00 €
<i>Grove, O</i>	8.800,00 €	4.500,00 €	13.300,00 €
<i>Guarda, A</i>	8.800,00 €	4.500,00 €	13.300,00 €
<i>Salvaterra de Miño</i>	8.800,00 €	4.500,00 €	13.300,00 €
<i>Tomíño</i>	8.800,00 €	4.500,00 €	13.300,00 €
<i>Vilanova de Arousa</i>	9.200,00 €	4.600,00 €	13.800,00 €

*Fonte: IGE, 2024



*Concellos de entre 15.001 e 20.000 habitantes**

	<i>Contía máxima solicitable</i>		
	<i>Gasto corrente</i>	<i>Investimento</i>	<i>Total</i>
<i>Gondomar</i>	9.200,00 €	4.600,00 €	13.800,00 €
<i>Moaña</i>	9.350,00 €	4.700,00 €	14.050,00 €
<i>Mos</i>	9.350,00 €	4.700,00 €	14.050,00 €
<i>Nigrán</i>	9.200,00 €	4.600,00 €	13.800,00 €
<i>Poio</i>	9.200,00 €	4.600,00 €	13.800,00 €
<i>Sanxenxo</i>	9.350,00 €	4.700,00 €	14.050,00 €
<i>Tui</i>	9.350,00 €	4.700,00 €	14.050,00 €

*Fonte: IGE, 2024

Anexo II. Rangos de referencia establecidos para a repartición da puntuación e as contías máximas da subvención

<u>PUNTUACIONES</u>	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>4</u>
<u>Índice de dependencia global</u>	<u><55,5 %</u>	<u>55,6-67 %</u>	<u>68 %-78,5 %</u>	<u>78,6-90 %</u>
<u>Taxa de desemprego</u>	<u><5,75 %</u>	<u>5,8-8,5 %</u>	<u>8,6 %-11,25 %</u>	<u>>11,26 %</u>
<u>Renda dispoñible bruta</u>	<u>>16.675 €</u>	<u>16.676 €-14.150 €</u>	<u>14.151 €-11.625 €</u>	<u><11.624 €</u>

<u>Puntuación de indicadores sociais</u>	<u>POBOACIÓN</u>			
	<u><5.000</u>	<u>5.001-10.000</u>	<u>10.001-15.000</u>	<u>15.001-20.000</u>
<u>3-4</u>	<u>7.800 €</u>	<u>10.800 €</u>	<u>12.800 €</u>	<u>13.800 €</u>
<u>5-6</u>	<u>9.300 €</u>	<u>11.800 €</u>	<u>13.300 €</u>	<u>14.050 €</u>
<u>7-9</u>	<u>10.800 €</u>	<u>12.800 €</u>	<u>13.800 €</u>	<u>14.300 €</u>
<u>10-12</u>	<u>12.300 €</u>	<u>13.800 €</u>	<u>14.300 €</u>	<u>14.550 €</u>



Anexo III. Indicadores en cifras e puntuación acadada por cada Concello

<u>Concello</u>	<u>Índice de dependencia global (2024)</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Taxa de desemprego (2022)</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Renda dispoñible bruta (2022)</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Total</u>
<u>Agolada</u>	<u>84,72</u>	<u>4</u>	<u>6,6 %</u>	<u>2</u>	<u>13.888,00€</u>	<u>4</u>	<u>10</u>
<u>Arbo</u>	<u>76,24</u>	<u>3</u>	<u>11,8 %</u>	<u>4</u>	<u>14.581,00 €</u>	<u>4</u>	<u>11</u>
<u>Baiona</u>	<u>53,33</u>	<u>1</u>	<u>7,8 %</u>	<u>2</u>	<u>18.190,00 €</u>	<u>1</u>	<u>4</u>
<u>Barro</u>	<u>60,81</u>	<u>2</u>	<u>8,6 %</u>	<u>3</u>	<u>15.929,00 €</u>	<u>2</u>	<u>7</u>
<u>Bueu</u>	<u>55,96</u>	<u>2</u>	<u>7,9 %</u>	<u>2</u>	<u>16.356,00 €</u>	<u>2</u>	<u>6</u>
<u>Caldas de Reis</u>	<u>56,02</u>	<u>2</u>	<u>7,9 %</u>	<u>2</u>	<u>14.718,00 €</u>	<u>3</u>	<u>7</u>
<u>Cambados</u>	<u>52,36</u>	<u>1</u>	<u>7,7 %</u>	<u>2</u>	<u>15.701,00 €</u>	<u>2</u>	<u>5</u>
<u>Campo Lameiro</u>	<u>76,9</u>	<u>3</u>	<u>7,7 %</u>	<u>2</u>	<u>13.849,00 €</u>	<u>3</u>	<u>8</u>
<u>Cañiza, A</u>	<u>68,74</u>	<u>3</u>	<u>10,1 %</u>	<u>3</u>	<u>13.249,00 €</u>	<u>4</u>	<u>10</u>
<u>Catoira</u>	<u>55,1</u>	<u>1</u>	<u>8,2 %</u>	<u>2</u>	<u>15.330,00 €</u>	<u>2</u>	<u>5</u>
<u>Cerdedo- Cotobade</u>	<u>78,16</u>	<u>3</u>	<u>8,6 %</u>	<u>3</u>	<u>13.594,00 €</u>	<u>3</u>	<u>9</u>
<u>Covelo</u>	<u>80,2</u>	<u>4</u>	<u>10,7 %</u>	<u>3</u>	<u>12.303,00 €</u>	<u>4</u>	<u>11</u>
<u>Crecente</u>	<u>83,1</u>	<u>4</u>	<u>11,4 %</u>	<u>4</u>	<u>12.055,00 €</u>	<u>4</u>	<u>12</u>
<u>Cuntis</u>	<u>70,06</u>	<u>3</u>	<u>8,3 %</u>	<u>2</u>	<u>15.353,00 €</u>	<u>2</u>	<u>7</u>
<u>Dozón</u>	<u>81,4</u>	<u>4</u>	<u>3,4 %</u>	<u>1</u>	<u>10.068,00 €</u>	<u>4</u>	<u>8</u>
<u>Forcarei</u>	<u>90,31</u>	<u>4</u>	<u>5,9 %</u>	<u>2</u>	<u>13.226,00 €</u>	<u>3</u>	<u>9</u>
<u>Fornelos de Montes</u>	<u>71,16</u>	<u>3</u>	<u>14,0 %</u>	<u>4</u>	<u>12.709,00 €</u>	<u>3</u>	<u>10</u>
<u>Gondomar</u>	<u>50,08</u>	<u>1</u>	<u>7,7 %</u>	<u>2</u>	<u>16.916,00 €</u>	<u>2</u>	<u>5</u>
<u>Grove, O</u>	<u>53,39</u>	<u>1</u>	<u>7,3 %</u>	<u>2</u>	<u>15.188,00 €</u>	<u>2</u>	<u>5</u>
<u>Guarda, A</u>	<u>56,98</u>	<u>2</u>	<u>7,9 %</u>	<u>2</u>	<u>14.926,00 €</u>	<u>3</u>	<u>7</u>
<u>Illa de Arousa, A</u>	<u>51,14</u>	<u>1</u>	<u>5,5 %</u>	<u>1</u>	<u>14.341,00 €</u>	<u>2</u>	<u>4</u>
<u>Lama, A</u>	<u>70,66</u>	<u>3</u>	<u>8,2 %</u>	<u>2</u>	<u>10.827,00 €</u>	<u>4</u>	<u>9</u>
<u>Meaño</u>	<u>58,94</u>	<u>2</u>	<u>6,9 %</u>	<u>2</u>	<u>14.938,00 €</u>	<u>3</u>	<u>7</u>
<u>Meis</u>	<u>62,07</u>	<u>2</u>	<u>7,7 %</u>	<u>2</u>	<u>14.296,00 €</u>	<u>3</u>	<u>7</u>
<u>Moaña</u>	<u>53,63</u>	<u>1</u>	<u>9,3 %</u>	<u>3</u>	<u>16.496,00 €</u>	<u>2</u>	<u>6</u>



<u>Mondariz</u>	<u>68,46</u>	<u>3</u>	<u>12,0 %</u>	<u>4</u>	<u>13.587,00 €</u>	<u>3</u>	<u>10</u>
<u>Mondariz- Balneario</u>	<u>50,21</u>	<u>1</u>	<u>9,2 %</u>	<u>3</u>	<u>13.829,00 €</u>	<u>3</u>	<u>7</u>
<u>Moraña</u>	<u>63,74</u>	<u>2</u>	<u>7,9 %</u>	<u>2</u>	<u>13.884,00 €</u>	<u>3</u>	<u>7</u>
<u>Mos</u>	<u>52,79</u>	<u>1</u>	<u>7,8 %</u>	<u>2</u>	<u>15.235,00 €</u>	<u>2</u>	<u>5</u>
<u>Neves, As</u>	<u>65,14</u>	<u>2</u>	<u>12,9 %</u>	<u>4</u>	<u>13.678,00 €</u>	<u>3</u>	<u>9</u>
<u>Nigrán</u>	<u>54,66</u>	<u>1</u>	<u>7,2 %</u>	<u>2</u>	<u>20.606,00 €</u>	<u>1</u>	<u>4</u>
<u>Oia</u>	<u>65,23</u>	<u>2</u>	<u>8,4 %</u>	<u>2</u>	<u>14.679,00 €</u>	<u>3</u>	<u>7</u>
<u>Pazos de Borbén</u>	<u>60,98</u>	<u>2</u>	<u>11,3 %</u>	<u>4</u>	<u>13.930,00 €</u>	<u>3</u>	<u>9</u>
<u>Poio</u>	<u>51,33</u>	<u>1</u>	<u>7,6 %</u>	<u>2</u>	<u>18.087,00 €</u>	<u>1</u>	<u>4</u>
<u>Ponte Caldelas</u>	<u>59,71</u>	<u>2</u>	<u>10,5 %</u>	<u>3</u>	<u>14.179,00 €</u>	<u>3</u>	<u>8</u>
<u>Pontecesures</u>	<u>45,05</u>	<u>1</u>	<u>8,6 %</u>	<u>3</u>	<u>16.210,00 €</u>	<u>2</u>	<u>6</u>
<u>Portas</u>	<u>65,48</u>	<u>2</u>	<u>8,4 %</u>	<u>2</u>	<u>13.870,00 €</u>	<u>3</u>	<u>7</u>
<u>Ribadumia</u>	<u>54,13</u>	<u>1</u>	<u>5,9 %</u>	<u>2</u>	<u>15.396,00 €</u>	<u>3</u>	<u>6</u>
<u>Rodeiro</u>	<u>81,5</u>	<u>4</u>	<u>4,3 %</u>	<u>1</u>	<u>14.574,00 €</u>	<u>4</u>	<u>9</u>
<u>Rosal, O</u>	<u>55,35</u>	<u>1</u>	<u>8,8 %</u>	<u>3</u>	<u>14.634,00 €</u>	<u>3</u>	<u>7</u>
<u>Salceda de Caselas</u>	<u>46,69</u>	<u>1</u>	<u>8,7 %</u>	<u>3</u>	<u>15.199,00 €</u>	<u>2</u>	<u>6</u>
<u>Salvaterra de Miño</u>	<u>55,22</u>	<u>1</u>	<u>9,6 %</u>	<u>3</u>	<u>14.286,00 €</u>	<u>3</u>	<u>8</u>
<u>Sanxenxo</u>	<u>56,38</u>	<u>2</u>	<u>5,9 %</u>	<u>2</u>	<u>16.816,00 €</u>	<u>2</u>	<u>6</u>
<u>Silleda</u>	<u>65,42</u>	<u>2</u>	<u>5,6 %</u>	<u>1</u>	<u>14.657,00 €</u>	<u>3</u>	<u>6</u>
<u>Soutomaior</u>	<u>49,9</u>	<u>1</u>	<u>9,6 %</u>	<u>3</u>	<u>15.007,00 €</u>	<u>2</u>	<u>6</u>
<u>Tomiño</u>	<u>52,5</u>	<u>1</u>	<u>8,7 %</u>	<u>3</u>	<u>14.767,00 €</u>	<u>3</u>	<u>7</u>
<u>Tui</u>	<u>52,84</u>	<u>1</u>	<u>8,9 %</u>	<u>3</u>	<u>14.810,00 €</u>	<u>2</u>	<u>6</u>
<u>Valga</u>	<u>54,68</u>	<u>1</u>	<u>7,8 %</u>	<u>2</u>	<u>14.355,00 €</u>	<u>3</u>	<u>6</u>
<u>Vila de Cruces</u>	<u>76,4</u>	<u>3</u>	<u>6,5 %</u>	<u>2</u>	<u>13.702,00 €</u>	<u>3</u>	<u>8</u>
<u>Vilaboa</u>	<u>62</u>	<u>2</u>	<u>7,1 %</u>	<u>2</u>	<u>15.104,00 €</u>	<u>2</u>	<u>6</u>
<u>Vilanova de Arousa</u>	<u>59,05</u>	<u>2</u>	<u>8,6 %</u>	<u>3</u>	<u>14.367,00 €</u>	<u>3</u>	<u>8</u>

Fonte: IGE

*A taxa de desemprego é o resultado de dividir o número de persoas desempregadas entre a poboación en idade de traballar (de 16 a 67 anos)."



5.35921.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA” 2026. (EXPTE. 2025076021)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓN TÉCNICAS:

1º.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. Por outra banda, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas.

2º.- A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define no seu artigo 2 os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. No artigo 63, relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade co previsto na normativa de réxime local, éstas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no seu Capítulo III, desenrola os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade.

4º.- Este programa, cun grande arraigo na provincia de Pontevedra desde a súa posta en marcha na década dos noventa, promove a participación en cada edición de preto de 200 entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia, a través das cales as persoas maiores de 50 anos realizan obradoiros temáticos para favorecer a participación e a cooperación social. Neste contexto, a Deputación de Pontevedra, pon en funcionamento o programa “PROVINCIA ACTIVA 2026”, no marco do benestar social e das actividades de lecer e de tempo libre dirixido a entidades de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra.

5º.- “PROVINCIA ACTIVA “2026” contempla a celebración de obradoiros nas seguintes áreas temáticas:

- Benestar Natural
- Saúde en Movemento
- Emocíonate
- Outra Vida
- Con Ritmo!
- Redeir@s



6º.- Poderán beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:

- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra dentro da área de maiores .
- Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións da Xunta, rexistradas na provincia de Pontevedra e clasificadas en actividades dirixidas a persoas maiores.
- Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas entre as anteriores.
- Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos.

Non poderán participar no programa as entidades de iniciativa pública.

O alumando que realice o obradoiro deberá poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma e non presentará ningunha enfermidade, alteración do comportamento ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.

Ofértanse un total de 160 obradoiros. En cada un deles poderán participar entre 15 e 25 persoas como máximo (o número máximo de participantes por curso especificase no catálogo).

Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que, para a súa realización, a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70% do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición. No caso contrario, o obradoiro non poderá realizarse.

Só se poderá solicitar un obradoiro por entidade. Así mesmo, os obradoiros terán unha duración de 30 horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que teñan lugar un ou varios días á semana ata completar o número de horas.

Cada Obradoiro terá un custo de sete (7,00) euros por participante, cantidade que deberá ser aboada de conformidade co establecido nas bases reguladoras do programa.

7º.- Establécese unha contía consignada para este plan no ano 2026, douscentos sesenta e seis mil cincuenta e cinco euros con trece céntimos (266.055,13 €), con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

8º. Con data 16 de decembro de 2025 Secretaría Xeral emite informe xurídico (CSV O3R902ONE7HY3NW7) e con data 18 de decembro de 2025, Intervención informa favorablemente a tramitación do expediente (CSV TPG87SFYKAHZTF7L).

9º.- O órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “PROVINCIA ACTIVA 2026”, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do vixente orzamento.



De cordo có exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar as bases reguladoras e o catálogo de obradoiros do Programa “Provincia Activa” para o ano 2026. O texto íntegro das bases, así coma o catálogo de obradoiros, asinados no expediente cos CSV: MB48VA8R97K9E6WR e 96GUVPC1FEVKPBL, respectivamente, reproducense a continuación:

“BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA” 2026

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, leva a cabo a organización de actividades no ámbito da educación non regrada dirixidas a persoas maiores de 50 anos, xubiladas e pensionistas, a través de distintos obradoiros e coa finalidade de favorecer o envellecemento activo.

Nesta liña, no capítulo III da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, desenvólvense os principios reitores da actuación da Administración pública galega en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade”.

Entre estes principios recóllese de xeito expreso que a Administración potenciará as políticas públicas que eviten o illamento das persoas maiores e que favorezan a socialización, as actividades interxeracionais e os servizos públicos que permitan o intercambio de experiencias; así, no artigo 22 desta lei dispónse que as administracións públicas fomentarán a participación das persoas maiores en actividades formativas específicas para un envellecemento activo.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra asume, co programa “Provincia Activa”, os principios recollidos na devandita norma e fomenta a participación das persoas maiores en actividades que promoven a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, que permiten impulsar a súa independencia e, deste xeito, evitar o illamento e as situacións de soidade non desexadas.

Este programa, cun grande arraigo na provincia de Pontevedra desde a súa posta en marcha na década dos noventa, promove a participación en cada edición de preto de 200 entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia, a través das cales as persoas maiores de 50 anos realizan obradoiros temáticos para favorecer a participación e a cooperación social.

Deste xeito, mediante esta nova convocatoria ofertaranse 160 obradoiros, cun número máximo de 25 prazas por cada un deles, o que supón a participación de máis de 3.000 persoas.

Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

Por outra banda, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos de proporcionar oportunidades e recursos que aseguren a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas. No artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.



Segundo o anterior, a Deputación acorda convocar unha nova edición do programa “Provincia activa” 2026, consonte as seguintes BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria do ano 2026 do programa “Provincia activa”, a través do que se ofertan 160 obradoiros dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos previstos nesta convocatoria, e establecer as condicións de participación nela.

Segunda. Orzamento e financiamento

A contía consignada para este programa é de douscentos sesenta e seis mil cincuenta e cinco euros con trece céntimos (266.055,13€), con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceira. Entidades beneficiarias e requisitos para a participación

3.1. Poderán beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:

- 1) Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra dentro da área de maiores .*
- 2) Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións da Xunta, rexistradas na provincia de Pontevedra e clasificadas en actividades dirixidas a persoas maiores.*
- 3) Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas entre as anteriores.*
- 4) Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos.*

3.2. As entidades beneficiarias non deberán estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

3.3. Non poderán participar no programa as entidades de iniciativa pública.

3.4. O alumando que realice o obradoiro deberá poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma e non presentará ningunha enfermidade, alteración do comportamento ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.

Cuarta. Condicións do programa

4.1. Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade e para levalo a cabo a entidade solicitante deberá acreditar, antes do inicio de cada obradoiro, que o 70 % do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición e que hai un número mínimo de 15 persoas inscritas.

4.2. Só se poderá solicitar un obradoiro por entidade.

4.3. As temáticas, os obradoiros e o número de prazas ofertadas recóllense no anexo I, catálogo de obradoiros.

4.4. Cada obradoiro terá un custo de sete (7) euros por participante, que se lle deberá aboar á entidade solicitante.

4.5. Os obradoiros terán unha duración de trinta (30) horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que o obradoiro se imparta durante un ou varios días á semana ata completar o número de horas; a data límite para a súa realización será o 31 de decembro de 2026.



De non acadar o mínimo de quince (15) persoas participantes, antes de anular a actividade formativa a entidade deberá poñerse en contacto co Servizo de Benestar Social da Deputación, co fin de cambiar a data de inicio ata acadar o número mínimo de persoas inscritas ou ben cambiar a temática elixida.

4.6. En caso de que as persoas socias non cubran todas as prazas ofertadas, a entidade solicitante deberá aceptar as persoas non socias que previamente solicitasen participar no obradoiro correspondente. Para estes efectos, as persoas non socias deberán contactar directamente coas entidades para poder anotarse ao obradoiro que lles interese.

4.7. As obrigas das entidades participantes son as seguintes:

- *Proporcionar un espazo ou unha aula que conte coas características adecuadas para desenvolver o obradoiro. Se o local non reúne os requisitos mínimos esixidos e non existe aula alternativa, este non se poderá realizar. Neste caso a entidade poderá solicitar calquera outro obradoiro cuxo contido se adecúe ás condicións da aula ou local do que dispoña.*
- *Informar o alumnado do material que deberá levar, especificado no catálogo para cada obradoiro. De ser preciso, achegarán o material de prevención esixido na normativa sanitaria vixente.*
- *Efectuar o pagamento do importe total das persoas participantes no obradoiro á empresa adxudicataria a través de transferencia bancaria, cunha antelación mínima de dez (10) días naturais antes do comezo da actividade. O pagamento será indispensable para o inicio do obradoiro; non cumprir esta condición supoñerá a anulación da actividade.*

4.8. Unha vez concedido o obradoiro, a entidade solicitante terá a obriga de enviarlle a relación provisional de participantes á empresa adxudicataria mediante o modelo do anexo IV, a través do enderezo de correo electrónico que esta habilite para estes efectos ou de calquera outro medio que permita deixar constancia da súa recepción, cunha antelación mínima de dez (10) días naturais antes do comezo da actividade, así como o xustificante do pagamento, a través de transferencia bancaria, do importe correspondente ao número de participantes. Se houbese modificacións sobre a relación provisional, enviarase unha relación definitiva e un novo xustificante de ingreso cunha antelación máxima de dous (2) días naturais antes do comezo da actividade. Na relación final deberán figurar os nomes e os apelidos das persoas asistentes, o seu NIF, a súa idade e o número de teléfono de contacto de cada unha delas. Unha vez enviada a relación final de persoas participantes, as prazas non serán transferibles a outras persoas.

Quinta. Forma e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para presentar as solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla o uso de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

No modelo de solicitude habilitarase un campo para que as entidades que o autoricen indiquen un número de teléfono móbil no que recibir avisos relacionados co programa mediante unha mensaxe de texto.

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Sétima. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF da entidade solicitante.*
- *NIF da persoa representante da entidade solicitante.*



En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Oitava. Documentación

8.1. As entidades interesadas deberán presentar a solicitude, para a que se empregará o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, no que constan as seguintes declaracións responsables:

- Que acepta as bases da convocatoria, asumindo os compromisos e as condicións mínimas esixidas para a realización da acción formativa.

- Que as persoas que realizarán o obradoiro cumprirán coas condicións de autonomía e capacidade establecidas no punto 3.4 destas bases.

- Que a realización da actividade proposta cumprirá, en todo momento, a normativa de seguridade e hixiene vixente no momento.

- Que para a impartición da acción formativa deberán contar cun mínimo de persoas participantes (15).

- Que os obradoiros deberán realizarse durante o ano 2026.

- Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Que está ao día no pagamento de obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

- Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

8.2. A acreditación da representación da persoa representante da asociación, só no caso de non empregar o certificado cualificado de representante. Neste caso, deberán achegarse os estatutos da entidade ou a copia íntegra da acta de constitución ou renovación da xunta directiva na que conste a relación completa das e dos seus membros, indicando nome, apelidos e cargo.

A documentación complementaria presentarse obrigatoriamente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou, co fin de ser recollidos pola propia Administración.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada que o presente ou, no seu defecto, que o acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Novena. Notificacións

As notificacións de resolucións e outros actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://debu.redsara.es/>

As notificacións entenderanse practicadas nos termos establecidos nos artigos 41 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e coas especificacións previstas nos artigos 41 a 45 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.



Décima. Publicacións de actos

De conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, na páxina web da Deputación de Pontevedra a relación provisional de entidades admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas.

Unha vez publicada a lista provisional, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros das solicitudes excluídas e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido este prazo, publicarase a relación definitiva de entidades admitidas e excluídas na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Enviarase unha mensaxe de texto de avisos relacionados co programa ao teléfono móbil indicado a tal efecto polas entidades beneficiarias que o autoricen.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite.

Os modelos están dispoñibles en

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>

Décimo segunda. Obrigas das entidades e das persoas participantes

12.1. A entidade solicitante autorizará a institución provincial a publicar os datos de contacto e o lugar no que se levará a cabo o obradoiro, co fin de que as persoas que non sexan socias poidan contactar con ela en caso de estar interesadas.

Así mesmo, as entidades participantes autorizarán a obtención de imaxes das instalacións onde se levará a cabo o obradoiro escollido para verificar que estas reúnen as condicións óptimas para o desenvolvemento correcto da acción formativa.

12.2. As persoas participantes deberán levar os materiais recollidos no catálogo baixo a epígrafe “Materiais que levará o alumnado”, polo que é importante, á hora de elixir, que se teñan en conta os materiais necesarios. Poderase solicitar ás persoas participantes algún material non recollido no catálogo sempre que a proposta motivada da empresa adxudicataria se estime necesario para o correcto desenvolvemento do obradoiro.

12.3. As persoas participantes deberán asinar no primeiro día do curso a recepción do material que ten que proporcionarlle a empresa, que tamén se especifica no catálogo.

12.4. As entidades participantes no programa só exixirán o pagamento de sete (7) euros por persoa como custo da actividade formativa.

En caso de solicitar unha cantidade maior, a entidade será sancionada e non poderá participar na seguinte edición, sen prexuízo das responsabilidades que legalmente lle puidesen corresponder.

12.5. Respecto do alumnado participante, as entidades participantes deberán garantir / velarán polo cumprimento dos requisitos de autonomía e capacidade establecidos no punto 3.4 para realizar o obradoiro.

12.6. As persoas participantes poderán autorizar voluntariamente a cesión dos seus dereitos de imaxe para permitir que se tomen fotos durante a execución dos obradoiros para difundir e promover o programa.



12.7. Unha vez finalizada a acción formativa, a cada participante entregaráselle un diploma acreditativo da formación recibida, sempre que se cumpran os requisitos de asistencia —non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % das faltas xustificadas— e presenten o NIF ou o NIE. En caso contrario, non terán dereito á emisión do correspondente diploma. Os diplomas poderán entregarse ao final de cada acción ou cando finalice o programa. Neste último caso, realizarase a clausura deste e a entrega conxunta dos diplomas ás diferentes entidades participantes.

Décimo terceira. Obrigas da empresa adxudicataria

13.1. A institución provincial ofertará os obradoiros a través dunha empresa especializada na materia, que será a responsable de executar, coordinar e avaliar o programa.

A empresa adxudicataria encargarse de proporcionar para cada obradoiro:

- O persoal docente coa titulación exixida nos pregos.
- Un cartafol do programa que inclúa a presentación e as condicións deste, o guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e a copia da póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Os materiais didácticos: folios, bolígrafo, fotocopias e calquera outro material necesario para a boa execución do obradoiro.
- O equipamento específico recollido no catálogo, o material necesario para desenvolver exemplos prácticos na aula e os materiais básicos para realizar o curso.

13.2. A empresa adxudicataria será a responsable, en coordinación e colaboración coa entidade solicitante, dos seguintes aspectos:

- Verificar que o espazo ou a aula facilitada pola entidade para realizar cada obradoiro reúne as condicións aceptadas para o seu desenvolvemento. Se a entidade solicita o mesmo obradoiro ou de similar temática no mesmo espazo ou aula que o ano anterior, non será necesario que emita un informe de visita da instalación, sendo suficiente que o faga constar unha declaración xurada.
- Obter a relación provisional e definitiva de persoas participantes, tal e como se sinala no apartado 4.8 das bases reguladoras.
- Supervisar o desenvolvemento do programa e comunicarlles ás entidades e á Deputación a data, a hora e o lugar de inicio de cada actividade formativa e o remate desta, así como calquera cambio ou incidencia que lle afecte á súa realización.
- Acreditar a formación e experiencia do profesorado para o correcto desenvolvemento do obradoiro e cumprindo as condicións do estipulado no contrato.

Décimo cuarta. Procedemento de concesión

14.1. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Benestar Social da Deputación, que actuará como instrutor do procedemento, realizará a correspondente revisión da documentación administrativa e do cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases, así como todas as actuacións que considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas as seguintes funcións:

- Examinar as solicitudes e a documentación presentadas.
- Requirirlles ás entidades solicitantes a emenda ou a achega da documentación que sexa de obrigado cumprimento.
- Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

Tras o informe de Intervención, o órgano instrutor, á vista do expediente e da documentación requirida, ditará a proposta de resolución, que será elevada á Xunta de Goberno para a súa aprobación.

No caso de que se produzan renuncias de solicitudes de participación no programa, cambios de actividades, ou aprobación de novas solicitudes da lista de agarda, serán dilixenciadas polo servizo de Intervención a proposta do servizo de Benestar Social.

14.2. O procedemento de concesión será o de concorrência non competitiva. En caso de que o número de solicitudes exceda o de obradoiros ofertados, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:

- 1) Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no RUEPSS como entidades de iniciativa social, dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.



- 2) *Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións da Xunta, rexistradas na provincia de Pontevedra e clasificadas en actividades dirixidas a persoas maiores.*
- 3) *Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas entre as anteriores.*
- 4) *Outras entidades non recollidas nas categorías anteriores, excepto entidades específicas de mulleres e/ou igualdade.*
- 5) *Entidades específicas de mulleres e/ou igualdade.*

A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes.

14.3. Tendo en conta o anterior, cubriranse de forma inicial un máximo de 160 obradoiros e o resto das solicitudes quedarán en lista de agarda. En caso de que os obradoiros ofertados non se cubran, a institución provincial poderá ampliar a convocatoria inicial co obxecto de que as entidades beneficiarias poidan solicitar un segundo obradoiro.

14.4. En función do prezo por obradoiro que resulte da adxudicación poderán concederse un número superior de obradoiros ata esgotar o orzamento previsto para o programa.

4. As persoas maiores que sexan socias das entidades adxudicatarias terán preferencia na inscrición nos obradoiros. Se existisen prazas vacantes, poderán participar no programa persoas non socias, de acordo co procedemento establecido nestas bases.

14.5. Poderán beneficiarse do programa, e polo tanto participar nos obradoiros, persoas non socias destas entidades sempre que queden prazas vacantes.

Décimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo sexta. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Décimo sétima. Prazo de vixencia

Este programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.



ANEXO I

Catálogo 2026

Obradoiros do programa

“Provincia Activa”

Catálogo de obradoiros

BENESTAR NATURAL

- ✓ *Plantas Medicinais*
- ✓ *Cociña saudable e nutritiva para +50*

SAÚDE EN MOVEMENTO

- ✓ *Pilates*
- ✓ *Ioga*
- ✓ *Ximnasia de Mantemento para Persoas Maiores*
- ✓ *Movemento ao aire libre e interacción co medio natural*

EMOCIÓNATE

- ✓ *Conservando a Memoria*
- ✓ *Musicoterapia*
- ✓ *Risoterapia*
- ✓ *Mindfulness, meditación e xestión do estrés*

OUTRA VIDA

- ✓ *Restauración de Mobles e Tapicería*
- ✓ *Artesanía e Rentilización Creativa*
- ✓ *Bricolaxe*

CON RITMO!

- ✓ *Bailes de Salón*
- ✓ *Pandeireta e Canto Popular*

REDEIR@S

- ✓ *Informática básica. Aprender a utilizar o ordenador. Aplicacións móbiles*
- ✓ *Ciberseguridade e redes sociais. Boas prácticas. Compras e pagos online.*
- ✓ *Certificado electrónico, DNI electrónico e clave. Tramitación electrónica*
- ✓ *Fotografía e vídeo co móbil*

CEREBRO ACTIVO

- ✓ *Historias e memoria oral: escribe o teu legado*
- ✓ *Debuxo e expresión creativa*
- ✓ *Xogo e diversión*



BENESTAR NATURAL

✓ PLANTAS MEDICINAIS (poderá incluír saídas para coñecer e recoller plantas medicinais)

Obxectivos

- Coñecer e diferenciar os tipos de plantas con capacidades terapéuticas
- Coñecer as ferramentas básicas para desenvolver a actividade e as orixes destas técnicas e procesos
- Coñecer e aplicar as técnicas de sementeira, coidado, recolección e tratamento das plantas medicinais

Acondicionamento básico da aula

- Espazo necesario para cumprir a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e ao mantemento de distancia de seguridade
- Cadeiras e mesas suficientes
- Espazo suficiente e axeitado para desenvolver as sesións prácticas
- Vertedoiro e auga corrente para lavar os materiais e as materias primas

Materiais achegados pola empresa

- Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)
- Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario achegar material

Número de prazas: 25

✓ COCIÑA SAUDABLE E NUTRITIVA PARA +50

Obxectivos

- Crear os máis variados e exquisitos pratos e realzar a súa presentación
- Coñecer os ingredientes que conforman a variada gastronomía e os utensilios e técnicas necesarias para os saber combinar correctamente
- Aplicar as normas básicas de seguridade e de hixiene alimentaria
- Tomar conciencia da importancia da relación entre nutrición e o envellecemento activo e saudable.
- Coñecer técnicas para cocinar de forma saudable
- Aprender a economizar a aproveitar os alimentos
- Crear un espazo de intercambio para que as persoas participantes compartan as súas receitas nun ambiente de grupo.

Acondicionamento básico da aula

- Cadeiras e mesas suficientes
- Espazo suficiente e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas



- *Vertedoiro e auga corrente para o lavado dos materiais e materias primas*
- *Cociña equipada e saída de fume*

Materiais achegados pola empresa

- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos*
- *Materiais básicos que levará o alumnado*

Neste obradoiro o persoal docente achegará unicamente os alimentos precisos para a demostración. Se se quere facer unha degustación das receitas as persoas participantes deberán levar os materiais e alimentos necesarios.

Número de prazas: 25

SAÚDE EN MOVEMENTO

✓ PILATES

Obxectivos

- *Realizar exercicio físico seguindo o método Pilates, destinado a mellorar o estado do corpo e da mente*
- *Aprender técnicas de respiración e exercitar e traballar a musculatura*
- *Realizar exercicios de estiramento*

Acondicionamento básico da aula

- *Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade.*

Materiais achegados pola empresa

- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e un reprodutor de música*

Materiais básicos que levará o alumnado

Para realizar as tarefas cada participante deberá levar o seu material: unha esteira e roupa e calzado cómodos.

Número de prazas: 25



✓ **IOGA***Obxectivos*

- Favorecer a forma física a través de exercicios de respiración e estiramientos
- Mellorar a coordinación motriz e coñecer posturas básicas de ioga
- Traballar a meditación

Acondicionamento básico da aula

- Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade

Materiais achegados pola empresa

- Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guiión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)
- Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e un reprodutor de música

Materiais básicos que levará o alumnado

Para realizar as tarefas cada participante deberá levar o seu material: unha esteira e roupa e calzado cómodos

Número de prazas: 25

✓ **XIMNASLA DE MANTEMENTO PARA PERSOAS MAIORES***Obxectivos*

- Manter o corpo en forma, en todos os seus aspectos
- Lograr unha constitución flexible, áxil e potente
- Mellorar a coordinación motriz
- Acadar unha educación postural correcta
- Coñecer e controlar o traballo realizado polo corpo

Acondicionamento básico da aula

- Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade

Materiais achegados pola empresa

- Material de escritorio: carpeta, bolígrafo e folios
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)
- Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e un reprodutor de música



Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario levar material. Recoméndase unicamente utilizar roupa e calzado cómodos.

Número de prazas: 25

✓ MOVEMENTO AO AIRE LIBRE E INTERACCIÓN CO MEDIO NATURAL

Obxectivos

- *Mellorar a saúde física (mobilidade, forza muscular e ósea) e a saúde mental (redución do estrés, a ansiedade ou a depresión) ao aire libre (paseos, sendeirismo guiado, visitas a áreas verdes, entre outras)*
- *Coñecer a zona a través de paseos guiados e comentados*
- *Favorecer a estimulación sensorial a través do contacto coa fauna e flora local e a observación da paisaxe*
- *Concienciar e fomentar un sentido de responsabilidade cara a conservación del medio ambiente e favorecer a posta en práctica de iniciativas de coidado*
- *Facilitar unha vía para a meditación e a reflexión persoal.*
- *Promover a socialización con outras persoas, compartir experiencias y fortalecer vínculos.*

Acondicionamento básico da aula

Esta actividade realizarase preferentemente ao aire libre, sen prexuízo de que deberá contar cunha aula con espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas que pola climatoloxía adversa non se poidan realizar ao aire libre ou polo seu contido sexa aconsellable que se realicen no interior. O espazo deberá cumprir a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade.

Materiais achegados pola empresa

- *Material de escritorio: carpeta, bolígrafo e folios*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e un reprodutor de música*

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario levar material. Recoméndase utilizar roupa e calzado cómodos.

Número de prazas: 25

EMOCIÓNATE

✓ CONSERVANDO A MEMORIA

Obxectivos

- *Coñecer o funcionamento da mente na memorización*
- *Adquirir técnicas básicas para adestrarse no desenvolvemento da memoria*
- *Reflexionar sobre a relación existente entre unha dieta equilibrada e unha boa memoria*



Acondicionamento básico da aula

- Cadeiras e mesas suficientes
- Espazo suficiente e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas

Materiais achegados pola empresa

- Material de escritorio: carpeta, bolígrafo e folios
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)
- Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario levar material

Número de prazas: 25

✓ **MUSICOTERAPIA**

Obxectivos

- Coñecer as posibilidades que ofrece a música como ferramenta de intervención lúdica, educativa e terapéutica
- Desenvolver habilidades musicais
- Aprender a empregar a música con fins terapéuticos

Acondicionamento básico da aula

- Cadeiras e mesas suficientes
- Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade

Materiais achegados pola empresa

- Material de escritorio: carpeta, bolígrafo e folios
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)
- Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e un reprodutor de música

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario levar material

Número de prazas: 25

✓ **RISOTERAPIA**

Obxectivos

- Coñecer os beneficios da risa no ámbito da saúde
- Mellorar o estado anímico e físico a través da risa



Acondicionamento básico da aula

- Cadeiras e mesas suficientes
- Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade

Materiais achegados pola empresa

- Material de escritorio: carpeta, bolígrafo e folios
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)
- Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e un reprodutor de música

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario levar material

Número de prazas: 25

✓ **MINDFULNESS, MEDITACIÓN GUIADA E XESTIÓN DO ESTRÉS**

Obxectivos

- Adeptar a mente para lograr un estado de paz e tranquilidade
- Prever os efectos prexudiciais das emocións
- Encarar los problemas da vida cotidiana con claridade e coa menor sensación de agobio posible
- Acadar a consciencia plena para vivir o momento presente
- Adquirir destrezas no desenvolvemento de técnicas de relaxación
- Integrar a meditación para durmir como un complemento na nosa hixiene do sono
- Acadar hábitos para aplicar na actividade diaria que combatan o estrés e a ansiedade

Acondicionamento básico da aula

- Cadeiras e mesas suficientes
- Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade

Materiais achegados pola empresa

- Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guiión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)
- Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e un reprodutor de música

Materiais básicos que levará o alumnado

Para realizar as tarefas cada participante deberá levar elementos que axuden a comodidade como antifaz, manta, coxin ou esterilla.

Calzado e roupa cómodos

Número de prazas: 25

OUTRA VIDA

✓ RESTAURACIÓN DE MOBLES E TAPICERÍA

Obxectivos

- Recoñecer e diferenciar os materiais e as ferramentas que se van empregar*
- Coñecer e aplicar as técnicas de restauración, aplicación de produtos, pintura e tapicería*
- Adquirir destreza con diferentes técnicas e acabados*
- Aplicar os coñecementos acadados mediante a realización de produtos*

Acondicionamento básico da aula

- Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade*
- Vertedoiro e auga corrente para lavar os materiais*

Materiais achegados pola empresa

- Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos*

Materiais básicos que levará o alumnado

Neste obradoiro o persoal docente achegará unicamente os materiais precisos para a demostración. Para os traballos que se van realizar cada participante deberá levar o seu propio material (luvas, brochas e pinces, papel de lixa, xornais etc.)

Número de prazas: 25

✓ ARTESANÍA E REUTILIZACIÓN CREATIVA

Obxectivos

- Crear obxectos decorativos de artesanía con materiais reciclados*
- aprender a reutilizar materiais que doutro modo serían desbotados (cartón, plástico, tela...).*
- promover a conciencia ambiental dunha maneira lúdica e participativa*
- Promover a destreza manual*
- Compartir coñecementos e técnicas.*



Acondicionamento básico da aula

- Cadeiras e mesas suficientes
- Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade
- Vertedoiro e auga corrente para lavar os materiais

Materiais achegados pola empresa

- Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)
- Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos

Materiais básicos que levará o alumnado

Neste obradoiro o persoal docente achegará unicamente os materiais precisos para a demostración. Para os traballos que se van realizar cada participante deberá levar o seu propio material (luvas, brochas e pinceis, material de refugallo, telas, xornais etc.)

Número de prazas: 25

✓ BRICOLAXE DO FOGAR

Obxectivos

- Aprender a realizar pequenas reparacións e tarefas de mantemento no fogar, como fontanería, electricidade, pintura, carpintaría e instalacións sinxelas.
- Capacitar no uso correcto de ferramentas manuais e eléctricas.
- Fomentar a independencia no fogar de forma segura

Acondicionamento básico da aula

- Cadeiras e mesas suficientes
- Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade
- Vertedoiro e auga corrente para lavar os materiais

Materiais achegados pola empresa

- Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)
- Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos

Materiais básicos que levará o alumnado

Neste obradoiro o persoal docente achegará unicamente os materiais precisos para a demostración. Para os traballos que se van realizar cada participante deberá levar o seu propio material (luvas, cinta métrica, alicates, xogo de chaves, destornilladores, etc.)

Número de prazas: 25



CON RITMO!

✓ BAILES DE SALÓN

Obxectivos

- *Mellorar a coordinación motriz*
- *Adquirir nocións de bailes de salón*
- *Coñecer os elementos dos que se compón a música e a súa importancia*
- *Aprender os pasos básicos dos bailes*
- *Mellorar a capacidade rítmica*

Acondicionamento básico da aula

- *Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade*

Materiais achegados pola empresa

- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e un reprodutor de música*

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario levar material

Número de prazas: 25

✓ PANDEIRETA E CANTO POPULAR

Obxectivos

- *Coñecer a música popular galega*
- *Adquirir competencias técnicas de canto*
- *Adquirir competencias técnicas no uso da pandeireta*
- *Aprender cancións tradicionais*
- *Coñecer os diferentes tipos de música tradicional*

Acondicionamento básico da aula

- *Cadeiras e mesas suficientes*
- *Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade*



Materiais achegados pola empresa

- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e un reprodutor de música*

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro cada participante deberá levar a súa pandeireta

Número de prazas: 25

REDEIR@S

✓ **INFORMÁTICA BÁSICA. APRENDER A UTILIZAR O ORDENADOR. USO DO MOBIL E APLICACIONES.**

Obxectivos

- *Adquirir as habilidades esenciais para usar un ordenador e a tecnoloxía dixital de forma eficaz*
- *Aprender a utilizar programas básicos como procesador de texto e follas de calculo.*
- *Adquirir coñecementos no manexo de internet para buscar información e comunicarse*
- *Adquirir destrezas e habilidades informáticas básicas relacionadas co uso do móbil*
- *Aumentar a autonomía e o benestar social a través da aprendizaxe das vantaxes e facilidades que presenta o correcto uso de internet*

Acondicionamento básico da aula

- *Cadeiras e mesas suficientes*
- *Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade*
- *Conexión a internet*
- *Tomas de corrente suficientes e un sistema eléctrico que soporte a conexión de todos os equipos*

Materiais achegados pola empresa

- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e equipos informáticos*

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario levar material

Número de prazas: 20



✓ **CIBERSEGURIDADE E REDES SOCIAIS. BOAS PRÁCTICAS. COMPRAS E PAGOS ONLINE.**

Obxectivos

- *Comprender os principais riscos dixitais actuais*
- *Identificar estafas, fraudes e contidos enganosos*
- *Crear e xestionar contrasinais seguros e fáciles de lembrar*
- *Aprender a crear e manexar redes sociais*
- *Utilizar o correo electrónico e as redes sociais con precaución*
- *Realizar compras en liña de forma segura*
- *Protexer a privacidade e os datos persoais*
- *Saber como actuar ante un problema de seguridade dixital*

Acondicionamento básico da aula

- *Cadeiras e mesas suficientes*
- *Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade*
- *Conexión a internet*
- *Tomas de corrente suficientes e un sistema eléctrico que soporte a conexión de todos os equipos*

Materiais achegados pola empresa

- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e equipos informáticos (mínimo 10)*

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario levar material

Coñecementos mínimos de acceso

O alumnado deberá ter coñecementos mínimos de informática

Número de prazas: 20

✓ **CERTIFICADO ELECTRÓNICO, DNI ELECTRÓNICO E CLAVE. TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

Obxectivos

- *Adquirir coñecementos básicos sobre o DNI electrónico e certificado dixitais, como obtelos e que se pode facer con eles.*
- *Aprender a realizar trámites en liña e presentar documentación de forma segura*
- *Mellorar a autonomía para utilizar a tecnoloxía na vida diaria de forma segura e útil*
- *Reducir a brecha dixital das persoas maiores e fomentar a súa participación dixital*



Acondicionamento básico da aula

- Cadeiras e mesas suficientes
- Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade
- Conexión a internet
- Tomas de corrente suficientes e un sistema eléctrico que soporte a conexión de todos os equipos

Materiais achegados pola empresa

- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e equipos informáticos (mínimo 10)*

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario levar material

Coñecementos mínimos de acceso

O alumnado deberá ter coñecementos mínimos de informática

Número de prazas: 20

✓ **FOTOGRAFÍA E VÍDEO CO MÓBIL**

Obxectivos

- *Aprender a xerar contidos audiovisuais así como a editalos para poder exportar a través da cámara do dispositivo móbil.*
- *Aprender técnicas básicas de captura e mellora das fotografías*
- *Coñecer aplicacións móbiles para transformar e retocar imaxes e vídeos*
- *Comprender os principais riscos dixitais actuais relacionados ceseión da imaxe persoal*
- *Reducir a brecha dixital*

Acondicionamento básico da aula

- Cadeiras e mesas suficientes
- Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade
- Conexión a internet
- Tomas de corrente suficientes e un sistema eléctrico que soporte a conexión de todos os equipos

Materiais achegados pola empresa

- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*



- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos e equipos informáticos (mínimo 10)*

Materiais básicos que levará o alumnado

Móbil con App Camara e Video

Número de prazas: 20

✓ **HISTORIAS E MEMORIA ORAL: ESCRIBE O TEU LEGADO**

Obxectivos

- *Establecer unha vía de comunicación alternativa á verbal*
- *Recompilar, analizar e interpretar testemuñas persoais e colectivos para entender o pasado dende a perspectiva das persoas que o viviron*
- *Escribir o relato persoal ou historia con confianza e axuda*
- *Identificar sentimentos e emocións*
- *Coñecer e aplicar prácticas como a realización de entrevistas, recollida de información, organización do contido...*
- *Crear un espazo para reflexionar sobre o valor da vida*

Acondicionamento básico da aula

- *Cadeiras e mesas suficientes*
- *Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade*
- *Conexión a internet*
- *Tomas de corrente suficientes e un sistema eléctrico que soporte a conexión dos equipos (de ser necesario)*

Materiais achegados pola empresa

- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos*

Materiais básicos que levará o alumnado

Para este obradoiro non é necesario levar material

Número de prazas: 25



✓ **DEBUXO E EXPRESIÓN CREATIVA***Obxectivos*

- *Coñecer novas formas de expresión mediante o arte e a creatividade*
- *Adquirir técnicas artísticas*
- *Identificar sentimentos e emocións*
- *Promover o autoconecemento*
- *Estimular a imaxinación a través da utilización de diferentes ferramentas.*
- *Afrontar e superar novos retos e fomentar o benestar, desenvolvemento persoal e a socialización*

Acondicionamento básico da aula

- *Cadeiras e mesas suficientes*
- *Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade*
- *Vertedoiro e auga corrente para lavar os materiais*
- *Materiais achegados pola empresa*
- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo os exemplos prácticos*

Materiais básicos que levará o alumnado

Neste obradoiro o persoal docente achegará unicamente os materiais precisos para a demostración. Para os traballos que se van realizar cada participante deberá levar o seu propio material (lenzos, soporte, paleta, trapos, espátula, pinturas, pinceis, etc.)

Número de prazas: 25

✓ **XOGO E DIVERSIÓN***Obxectivos*

- *Manter a mente activa e estimular a axilidade mental*
- *Favorecer a participación social, crear vínculos e fortalecer a autoestima*
- *Promover o benestar físico, cognitivo e social para un envellecemento activo e saudable*
- *Previr o deterioro cognitivo a través de xogos tradicionais e ao aire libre*
- *Fomentar a solidariedade, compañeirismo e o desenvolvemento de habilidades sociais*

Acondicionamento básico da aula

- *Cadeiras e mesas suficientes*
- *Espazo suficiente, amplo e axeitado para o desenvolvemento das sesións prácticas, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento no relativo á capacidade e á distancia de seguridade*
- *Para o desenvolvemento das actividades no exterior é recomendable contar con espazo amplo e libre de barreiras arquitectónicas*



Materiais achegados pola empresa

- *Carpeta do programa: presentación e condicións do programa, guión dos contidos do obradoiro que se vai realizar e copia da póliza do seguro de responsabilidade civil*
- *Materiais didácticos: folios, bolígrafo, libreta e fotocopias (todos os materiais didácticos necesarios para o bo desenvolvemento do obradoiro)*
- *Equipamento específico: o material de demostración que precise o persoal docente para levar a cabo as actividades*

Materiais básicos que levará o alumnado

Neste obradoiro o persoal docente achegará os materiais precisos para a demostración. Cada participante poderá propoñer e achegar o material para realizar a actividade co grupo si así o desexa de acordo coa persoa docente.

Número de prazas: 25”

6.35922.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9206 PORTONOVO – VICHONA (P.Q. 0+180 AO P.Q. 0+370) E NA RÚA DO RÍO (CONCELLO DE SANXENXO)”. (EXPTE. 2025066908).

Antecedentes.**1. Proxecto.**

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de Mellora da seguridade viaria na E.P. 9206 Portonovo – Vichona (P.Q. 0+180 ao P.Q. 0+370) e na Rúa do Río”, no termo municipal de Sanxenxo.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9206 Portonovo Vichona, que transcorre polo Concello de Sanxenxo.



Na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+180 e o P.Q. 0+370 da E.P. 9206 Portonovo - Vichona, e no seu treito antigo denominado Rúa do Río, é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para executar unha actuación que permita unha mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil. O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	762.691,07 €
IVE 21%	160.165,12 €
Presuposto base de licitación con IVE	922.856,19 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente Resolución da Alcaldía pola que se aproba o Convenio para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria na EP-9206 Portonovo-Vichona (P.Q. 0+180 ao P.Q. 0+370) e na Rúa do Río” (CV: 6FK6NTQ4K42PDNWDZTC5FE95X).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente o Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 14/11/2025 co CSV: D3V7ZD05OE32VZ2K e o informe de supervisión do proxecto data 14/11/202 co CSV: NNPO9Y6538VHPICP.

Consta no expediente informe favorable asinado pola Secretaría Xeral de data 10 de novembro de 2025 (CSV: VVDCGCIDRCL8BZBP) así como o respectivo informe favorable de fiscalización da Intervención emitido en data 11 de decembro de 2025 (CSV: TOPEQ54MSKE56C2C).

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.



De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- O réxime de modificación.
- Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Sanxenxo mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	645.999,33 €	70
Concello de Sanxenxo	276.856,86 €	30
Total obras	922.856,19 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Sanxenxo:

Organismo	Achega	%
Concello de Sanxenxo	5.993,52 €	100
Total expropiacións	5.993,52 €	100

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 645.999,33 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.



A achega do Concello de Sanxenxo, por importe de 282.850,38 € (30 % do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Sanxenxo.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.



3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación.

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do convenio en aplicación da base número 16ª das aprobadas para a execución do vixente orzamento, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo co CSV: XI9B59M061MVHDYA e o seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE SANXENXO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-9206 PORTONOVO-VICHONA (P.Q. 0+180 AO P.Q. 0+370) E NA RÚA DO RÍO (CONCELLO DE SANXENXO)”.

INTERVEÑEN

D. Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

D. Telmo Martín González, alcalde do Concello de Sanxenxo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes reconécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.



IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9206 Portonovo Vichona, que transcorre polo Concello de Sanxenxo e ten unha lonxitude total de 3.721 m, incluíndo o vial principal e o treito antigo denominado Rúa do Río.

VI.- Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+180 e o P.Q. 0+370 da E.P. 9206 Portonovo - Vichona, e no seu treito antigo denominado Rúa do Río, é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para executar unha actuación que permita unha mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil, co fin de solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente ó existir desprazamentos de persoas a pé por metade da estrada provincial e do seu treito antigo, nun lugar onde existen importantes focos de atracción de mobilidade, como poden ser o acceso ao Colexio Plurilingüe Abrente ou a importantes núcleos de poboación, entre os que destacan O Outeiro ou A Igrexa, carecendo sen embargo de ningún tipo de espazo ou área reservada para o disfrute dos colectivos máis vulnerables neste ámbito de actuación, sen beirarrúas ou sendas que permitan o tránsito peonil de forma cómoda e segura, nun ámbito onde diariamente se desprazan un gran número de persoas camiñando, véndose obrigadas a ir por metade da estrada provincial, co risco e a inseguridade que iso supón, ó non existir ningún tipo de solución para os peóns.

VII.- Que a actuación consiste en acondicionar o treito comprendido entre o P.Q. 0+180 e o P.Q. 0+370 da E.P. 9206 Portonovo - Vichona, así como a totalidade do treito antigo denominado Rúa do Río.

No treito comprendido entre o P.Q. 0+180 e o P.Q. 0+370 da E.P. 9206 Portonovo – Vichona se realizará unha actuación de mellora da mobilidade peonil mediante a execución de beirarrúas de formigón coloreado, de 2,50 metros de ancho mínimo, na marxe esquerda da estrada provincial, con pasos de peóns sobreelevados que acouguen a velocidade do tráfico. A maiores, se realizará unha zona de estacionamento en liña entre o P.Q. 0+180 e o P.Q. 0+250 da E.P. 9206, na mesma marxe que as novas beirarrúas. Por último, se executarán novas redes soterradas de recollida de augas pluviais, fecais e abastecemento, e se soterrarán as redes existentes en aéreo de electricidade, telecomunicacións e alumeadado público, con colocación de novas luminarias LED de alto rendemento.

A maiores, no treito antigo da E.P. 9206 Portonovo – Vichona, denominado Rúa do Río, se contempla executar, por unha parte, unha zona de convivencia desde a PO-308 ata a intersección coa Rúa Barbeito, de lousas de granito e sobreelevada 12 cm con respecto á rasante da estrada actual, buscando en todo momento acougar a velocidade do tráfico ó actuar nunha zona moi estreita e con vivendas consolidadas en ambas as marxes, contemplando executar unha actuación onde se consiga unha convivencia amable, agradable e segura entre o peón e o vehículo motorizado. No resto da Rúa do Río, desde a intersección coa Rúa Barbeito e ata o final, o proxecto contempla executar un único carril de circulación, en sentido ascendente, con sendas peonís de formigón coloreado e ancho mínimo 2,50 metros en ambas as marxes, cunha pequena zona de estacionamento en liña entre o P.Q. 0+230 e o P.Q. 0+280 da rúa, na marxe dereita, segregando en todo momento os espazos destinados aos peóns con respecto aos vehículos motorizados, grazas a actuar nunha zona da rúa cun maior ancho total de dominio público, conectando estas novas sendas coas beirarrúas contempladas na E.P. 9206 entre o P.Q. 0+180 e o P.Q. 0+370, permitindo desta forma a existencia de itinerarios peonís cómodos, seguros e continuos na totalidade do ámbito de actuación. Por último, se executarán na totalidade da Rúa do Río novas redes soterradas de recollida de augas pluviais, fecais e abastecemento, e se soterrarán as redes existentes en aéreo de electricidade, telecomunicacións e alumeadado público, con colocación de novas luminarias LED de alto rendimento.

Con esta intervención perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.



VIII.- Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo para a execución do proxecto de “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9206 PORTONOVO - VICHONA (P.Q. 0+180 AO P.Q. 0+370) E NA RÚA DO RÍO (CONCELLO DE SANXENXO)”.

As unidades de obra contempladas no proxecto inclúen a demolición de parte dos pavimentos existentes e a execución dos movementos de terras necesarios para a construción de beirarrúas na marxe esquerda da E.P. 9206 Portonovo - Vichona, do P.Q. 0+180 ao P.Q. 0+370, así como a construción dunha zona de estacionamento en liña, na mesma marxe que as novas beirarrúas, entre o P.Q. 0+180 e o P.Q. 0+250 da estrada provincial. Ademais, as unidades de obra do proxecto tamén contemplan, por un lado, a execución na Rúa do Río dunha zona de convivencia desde a PO-308 e ata a intersección coa Rúa Barbeito, de lousas de granito e sobreelevada 12 cm con respecto á rasante da estrada actual, e por outro lado a execución, desde esta intersección e ata o final da rúa, dun único carril de circulación en sentido ascendente, con sendas peonís de formigón coloreado e ancho mínimo 2,50 metros en ambas as marxes, cunha pequena zona de estacionamento en liña na marxe dereita da rúa, entre o P.Q. 0+230 e o P.Q. 0+280. A maiores, nas zonas de senda se colocará entre o aglomerado e a mesma un caz prefabricado de formigón que permita recoller as augas que caian na plataforma os días de chuva. Por último, o proxecto contempla a renovación do aglomerado na totalidade dos diferentes treitos onde se actúa, debido ó elevado estado de deterioro no que se atopa o existente na actualidade, así como a realización dunha correcta sinalización horizontal e vertical no ámbito de actuación. Con respecto ás redes, o proxecto inclúe a realización dos movementos de terras e traballos necesarios para a execución, ao longo da totalidade dos diferentes treitos de actuación, de novas redes soterradas de recollida de augas pluviais, fecais e abastecemento, e se soterrarán as redes existentes en aéreo de electricidade, telecomunicacións e alumado público, con colocación de novas luminarias LED de alto rendemento.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe ó que se refire a presente actuación ascende a setecentos sesenta e dous mil seiscentos noventa e un euros con sete céntimos (762.691,07 €), máis cento sesenta mil cento sesenta e cinco euros con doce céntimos (160.165,12 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de novecentos vinte e dous mil oitocentos cincuenta e seis euros con dezanove céntimos (922.856,19 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	645.999,33 €	70
Concello de Sanxenxo	276.856,86 €	30
TOTAL OBRAS	922.856,19 €	100



As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Sanxenxo:

Organismo	Achega	%
Concello de Sanxenxo	5.993,52 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓNS	5.993,52 €	100

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 645.999,33 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello de Sanxenxo, por importe de 282.850,38 € (30 % do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis azeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Sanxenxo.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguén a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobranete.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Sanxenxo obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, mobiliario urbano, iluminación, etc), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local.*



5) *Solicitar a transferencia do vial que a continuación se relaciona, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*

- Treito antigo de 302 metros da estrada provincial E.P. 9206 Portonovo – Vichona, tamén chamado Rúa do Río, comprendido entre os pq. 0+000 e 0+276 da estrada provincial.

6) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9206 PORTONOVO - VICHONA (P.Q.0+180 AO P.Q. 0+370) E NA RÚA DO RÍO (CONCELLO DE SANXENXO)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*

2) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para existir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*

3) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Sanxenxo faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- Proponer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2027.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.



Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025 e 2026.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento*

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Documento datado e asinado dixitalmente.”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

7.35923.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P.-0407 BORELA – PONTE CALDELAS, DO PQ1+000 AO PQ. 1+365 (CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADA)" (EXPTE. 2025077611).

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de "Mellora da mobilidade peonil na E.P.-0407 Borela – Ponte Caldelas, do PQ1+000 ao PQ. 1+365 (Concello de Cerdedo - Cotobade)".



A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial da estrada provincial E.P. 0407 Borela – Ponte Caldelas, que transcorre polo Concello de Cerdedo-Cotobade e ten unha lonxitude total de 8.780,00 metros. Na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 1+000 e o P.Q. 1+365 da E.P. 0407 Borela – Ponte Caldelas é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para executar unha actuación que permita unha mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	1.073.821,22 €
IVE 21%	225.502,46 €
Presuposto base de licitación con IVE	1.299.323,68 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificado do acordo do Pleno data 05/12/2025 aprobando o texto do convenio pola corporación local (Cod. Validación: Z4JP9442JTKM524ETPK4MNYGT)

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente o Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 01/12/2025 co CSV: CK0SCFY90OFPW2Z e informe de supervisión do proxecto data 01/12/2025 CSV: C4Z74K3UPW80S10W.

Así mesmo consta no expediente informe favorable asinado pola Secretaría Xeral de data 12 de decembro de 2025 (CSV: 3HH3FZTAFJHAR9Z3) así como o respectivo informe favorable de fiscalización da Intervención Provincial emitido en data 16 de decembro de 2025 (CSV: NN5MVC6FKFOQADR6)

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.



No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinálase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- O réxime de modificación.
- Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Cerdedo-Cotobade mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	909.526,58 €	70
Concello de Cerdedo-Cotobade	389.797,10 €	30
TOTAL OBRAS	1.299.323,68 €	100



As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Cerdedo-Cotobade:

Organismo	Achega	%
Concello de Cerdedo-Cotobade	53.968,95 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓN	53.968,95 €	100

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 909.526,58 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello de Cerdedo-Cotobade, por importe de 443.766,05 € (30 % do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Cerdedo-Cotobade.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.



- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación.

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do convenio, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade co CSV: R94TUDM5XPR8VA70 e o seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0407 BORELA – PONTE CALDELAS, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 1+365 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)”.

INTERVEÑEN

D. Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

D. Jorge Cubela López, alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes reconécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar



a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0407 Borela – Ponte Caldelas, que transcorre polo Concello de Cerdedo-Cotobade e ten unha lonxitude total de 8.780,00 metros.

VI.- Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 1+000 e o P.Q. 1+365 da E.P. 0407 Borela – Ponte Caldelas é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para executar unha actuación que permita unha mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil, co fin de solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente ó existir desprazamentos de persoas a pé por metade da estrada provincial, actuando no núcleo poboacional de Borela, un lugar onde existen importantes focos de atracción de mobilidade pero sen ningún tipo de espazo ou área reservada para o desfrute dos colectivos máis vulnerables, cun espazo público que non permite a día de hoxe o tránsito peonil de forma cómoda e segura, nun ámbito onde diariamente se desprazan un gran número de persoas camiñando, véndose obrigadas a ir por metade da estrada provincial, co risco e a inseguridade que iso supón, ó non existir ningún tipo de solución para os peóns.

VII.- Que a actuación consiste en acondicionar o treito comprendido entre o P.Q. 1+000 e o P.Q. 1+365 da E.P. 0407 Borela – Ponte Caldelas, contemplando executar unha plataforma única de lastros de pedra, sobreelevada 12 cm con respecto da rasante da estrada actual e con prioridade peonil, con mobiliario urbano e vexetación que dignifiquen a zona de actuación, atopándonos nun entorno con elementos patrimoniais de gran beleza, sendo necesario facer unha actuación que, a maiores de dignificar o entorno patrimonial no que se atopa, marque a prioridade peonil da zona, garantindo a seguridade viaria e a mobilidade peonil na totalidade do ámbito de actuación. A maiores, o proxecto contempla tamén a execución dunha nova rede de pluviais para a recollida das augas en días de choiva, así como melloras en diversos servizos urbanos como o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións existentes na actualidade en aéreo, e a execución dunha nova rede de alumeadado público, con instalación de novas luminarias LED de deseño.

Con esta intervención perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, buscando crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.

VIII.- Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a execución do proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0407 BORELA – PONTE CALDELAS, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 1+365 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADÉ)”.

As unidades de obra contempladas no proxecto inclúen a demolición de parte dos pavimentos existentes e a execución dos movementos de terras necesarios para a construción dunha zona de convivencia desde o P.Q. 1+000 e ata o P.Q. 1+365 da E.P. 0407 Borela – Ponte Caldelas, de lastros de pedra e sobreelevada 12 cm con respecto á rasante da estrada actual. A maiores, o proxecto inclúe a realización dos movementos de terras e traballos necesarios para a execución, ao longo da totalidade da zona de actuación, dunha nova rede soterrada de recollida de augas pluviais, así como o soterramento das redes existentes en aéreo de electricidade, telecomunicacións e alumeadado público, con colocación de novas luminarias LED de alto rendemento. Por último, o proxecto contempla a colocación de mobiliario urbano moderno e de deseño, así como plantación de nova vexetación en alcorques, buscando en todo momento dignificar un espazo público situado nun entorno patrimonial de gran beleza.



Segunda.- Importe do convenio.

O importe ó que se refire a presente actuación ascende a un millón setenta e tres mil oitocentos vinte e un euros con vinte e dous céntimos (1.073.821,22 €), máis douscentos vinte e cinco mil cincocentos dous euros con corenta e seis céntimos (225.502,46 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de un millón douscentos noventa e nove mil trescentos vinte e tres euros con sesenta e oito céntimos (1.299.323,68 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	909.526,58 €	70
Concello de Cerdedo-Cotobade	389.797,10 €	30
TOTAL OBRAS	1.299.323,68 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Cerdedo-Cotobade:

Organismo	Achega	%
Concello de Cerdedo-Cotobade	53.968,95 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓNS	53.968,95 €	100

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 909.526,58 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello de Cerdedo-Cotobade, por importe de 443.766,05 € (30 % do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Cerdedo-Cotobade.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira.



No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Cerdedo-Cotobade obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, mobiliario urbano, iluminación, etc), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local.*
- 4) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0407 BORELA – PONTE CALDELAS, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 1+365 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADÉ)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para existir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Cerdedo-Cotobade faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2027.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.



Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025 e 2026.
- E demais normativa de obrigado cumprimento

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento."

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

8.35924.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VALGA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-8501 VALGA - OS MARTORES DO 0+000 AO 0+110 E NA EP-8502 VALGA - BAÑO DO P.Q. 0+000 AO 0+950 (CONCELLO DE VALGA)" (EXPTE. 2025071819).

Antecedentes.**1. Proxecto.**

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.



A Deputación de Pontevedra é titular das estradas provinciais E.P. 8501 Valga – Os Martores e E.P. 8502 Valga - Baño, que transcorren polo Concello de Valga e teñen unha lonxitude de 6.160 m e 768 m respectivamente.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello De Valga)” (CSV: VYT7ZP7HRNHQ7VM2).

Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+950 da E.P. 8502 Valga – Baño, e entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+110 da E.P. 8501 Valga – Os Martores, é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para executar unha actuación que permita unha mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil, co fin de solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente ó existir desprazamentos de persoas a pé por metade das estradas provinciais para acudir aos diferentes equipamentos públicos existentes no entorno, como poden ser o Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Baño Xanza, a Gardería Infantil Municipal de Valga ou o Centro Social do Concello, entre outros. A maiores, se necesita solucionar os problemas de inseguridade viaria existentes nos cruces e interseccións que dan acceso tanto ao Centro de Educación Infantil e Primaria como á gardería municipal, buscando en todo momento reestruturar un espazo que permita reorganizar estas interseccións de forma segura tanto para os peóns como para os vehículos motorizados.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	732.795,34 €
IVE 21%	153.887,02 €
Presuposto base de licitación con IVE	886.682,36 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente Decreto da Alcaldía do Concello de Valga nº 2025-0642 aprobando o texto integro do Convenio con (CSV: DNBP6C7F9VA25GVT).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente

- ☐ Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras e grado de prioridade de data 04/11/2025 co CSV: O3IML1C0UEC46OF7
- ☐ Constan no expediente proxecto CSV: VYT7ZP7HRNHQ7VM2 e informe de supervisión favorable data 04/11/2025 CSV: UXDLLE8E0NP7XUH0

Consta no expediente informe favorable asinado pola Secretaría Xeral de data 5 decembro de 2025 (CSV: OHK13DLH9U4BKG3S) así como o respectivo informe favorable de fiscalización da Intervención provincial emitido en data 16 de decembro de 2025 (CSV: 37MBVPKUPTBTWYPL)

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.



4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Valga mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	709.345,89 €	80
Concello de Valga	177.336,47 €	20
Total obras	886.682,36 €	100

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 709.345,89 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello de Valga, por importe de 177.336,47 € (20% do importe das obras), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Valga.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:



- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación.

Logo do informe da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Valga co CSV: DNBP6C7F9VA25GVT e o seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VALGA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-8501 VALGA - OS MARTORES, DO P.Q. 0+000 AO 0+110, E NA EP8502 VALGA – BAÑO, DO P.Q. 0+000 AO 0+950 (CONCELLO DE VALGA)”.

INTERVENEN

D. Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

D. José María Bello Maneiro, alcalde do Concello de Valga, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.



IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *Que a Deputación de Pontevedra é titular das estradas provinciais E.P. 8501 Valga – Os Martores e E.P. 8502 Valga – Baño, que transcorren polo Concello de Valga e teñen unha lonxitude de 6.160 m e 768 m respectivamente.*

VI.- *Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+950 da E.P. 8502 Valga – Baño, e entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+110 da E.P. 8501 Valga – Os Martores, é necesario realizar unha reestruturación do espazo público para executar unha actuación que permita unha mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil, co fin de solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente ó existir desprazamentos de persoas a pé por metade das estradas provinciais para acudir aos diferentes equipamentos públicos existentes no entorno, como poden ser o Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Baño Xanza, a Gardería Infantil Municipal de Valga ou o Centro Social do Concello, entre outros. A maiores, se necesita solucionar os problemas de inseguridade viaria existentes nos cruces e interseccións que dan acceso tanto ao Centro de Educación Infantil e Primaria como á gardería municipal, buscando en todo momento reestruturar un espazo que permita reorganizar estas interseccións de forma segura tanto para os peóns como para os vehículos motorizados.*

VII.- *Que a actuación consiste en acondicionar diferentes treitos situados entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+950 da E.P. 8502 Valga – Baño, e entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+110 da E.P. 8501 Valga – Os Martores.*

No treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+110 da E.P. 8501 Valga – Os Martores, se realizará unha actuación de mellora da mobilidade peonil no entorno do centro social de Valga, executando beirarrúas en ambas as marxes da estrada, así como acondicionando as zonas axardinadas e creando zonas de estacionamento para os usuarios do centro que acoden en vehículo motorizado, conseguindo desta forma unha mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil nun entorno moi sensible. A maiores, na E.P. 8502 Valga – Baño se contempla executar unha senda peonil pola marxe esquerda da estrada, de formigón coloreado e largo maior ou igual a 2,50 metros, entre o P.Q. 0+240 e o P.Q. 0+480, a maiores de dúas pequenas zonas de convivencia entre os P.Q. 0+020 e 0+080 e os P.Q. 0+480 e 0+520, en formigón coloreado, debido á existencia de edificacións consolidadas nas marxes da estrada e a imposibilidade de segregar os espazos entre peóns e vehículos motorizados nestes pequenos treitos, creando desta forma desde o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+520 un novo espazo peonil seguro e continuo que permita realizar os desprazamentos a pé de forma cómoda e segura, nun entorno moi sensible ó existir equipamentos públicos de grande interese que provocan diariamente desprazamentos a pé de veciños e veciñas do Concello de Valga.

Por último, no P.Q. 0+770 da E.P. 8502 Valga – Baño se reordenará unha pequena intersección perigosa, e se solucionarán os problemas existentes nos cruces e as interseccións dos accesos ao Centro de Educación Infantil e Primaria e a Gardería pública, nos P.Q. 0+890 e P.Q. 0+640 respectivamente, creando dúas glorietas que reorganicen o tráfico nos accesos dos equipamentos públicos, dándolle prioridade tamén á mobilidade peonil, executando nas novas glorietas unhas beirarrúas perimetrais que permitan o acceso a pé de forma segura aos nenos e nenas que diariamente acoden ao colexio camiñando.

Para a recollida das augas pluviais nas zonas da senda peonil, se proxecta executar un caz prefabricado de formigón entre a senda e o aglomerado, co fin de recoller e dirixir as augas pluviais cara os sumidoiros correspondentes. Ademais, se contempla renovar o aglomerado na totalidade dos diferentes ámbitos de actuación, debido ó estado de deterioro no que se atopa o existente na actualidade. Para finalizar, realizarase a correspondente sinalización horizontal e vertical para deixar correctamente sinalizadas as estradas provinciais no ámbito de actuación, así como a execución de pasos de peóns sobreelevados co fin de reducir a velocidade dos vehículos e permitir aos peóns o cruce de calzada de forma cómoda e segura, mellorando así a convivencia entre todos os usuarios da estrada no ámbito de actuación contemplado no proxecto.



Con esta intervención perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade, así como mellorar a seguridade viaria mediante a reordenación dos cruces e interseccións no entorno dos equipamentos educativos públicos existentes. A maiores, o proxecto contempla tamén a execución dunha nova rede soterrada de pluviais nas diferentes zonas de actuación, así como melloras en diversos servizos urbanos como o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións existentes na actualidade en aéreo, e a execución dunha nova rede de alumado público con luminarias LED de alto rendemento.

VIII.- Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Valga para a execución do proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8501 VALGA - OS MARTORES, DO P.Q. 0+000 AO 0+110, E NA E.P. 8502 VALGA – BAÑO, DO P.Q. 0+000 AO 0+950 (CONCELLO DE VALGA)”.

As unidades de obra contempladas no proxecto inclúen a demolición de parte dos pavimentos existentes e a execución dos movementos de terras necesarios para a construción de beirarrúas en ambas as marxes da E.P. 8501 Valga – Os Martores, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+110, co acondicionamento das zonas axardinadas e a creación de zonas de estacionamento para os usuarios do centro social, así como a construción dunha senda peonil na marxe esquerda da E.P. 8502 Valga – Baño, do P.Q. 0+240 ao P.Q. 0+480, e a execución de dúas zonas de convivencia sobreelevadas con respecto da rasante do aglomerado e executadas en formigón coloreado, desde o P.Q. 0+520 ao P.Q. 0+480 e do P.Q. 0+080 ao P.Q. 0+020. Ademais, as unidades de obra do proxecto tamén contemplan a reordenación dunha pequena intersección no P.Q. 0+770 da E.P. 8502 Valga – Baño, así como a creación de dúas glorietas que reorganicen o tráfico nos accesos do Centro de Educación Infantil e Primaria e a Gardería pública, nos P.Q. 0+890 e P.Q. 0+640 respectivamente, con beirarrúas perimetráis que permitan o acceso a pé de forma segura aos nenos e nenas que diariamente acoden ao colexio camiñando. A maiores, na zona da senda se colocará entre o aglomerado e a mesma un caz prefabricado de formigón que permita recoller as augas que caian na plataforma os días de chuvia. Ademais, o proxecto contempla a renovación do aglomerado na totalidade dos diferentes treitos onde se actúa, debido ó elevado estado de deterioro no que se atopa o existente na actualidade, así como a realización dunha correcta sinalización horizontal e vertical no ámbito de actuación. Por último, o proxecto inclúe a realización dos movementos de terras e traballos necesarios para a execución, ao longo da totalidade dos diferentes treitos de actuación, de novas redes soterradas de recollida de augas pluviais, de electricidade e telecomunicacións, co fin de soterrar os cables existentes na actualidade en aéreo, e de alumado público, con colocación de novas luminarias LED de alto rendemento.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe ó que se refire a presente actuación ascende a setecentos trinta e dous mil setecentos noventa e cinco euros con trinta e catro céntimos (732.795,34 €), máis cento cincuenta e tres mil oitocentos oitenta e sete euros con dous céntimos (153.887,02 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de oitocentos oitenta e seis mil seiscentos oitenta e dous euros con trinta e seis céntimos (886.682,36 €).



Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Valga mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>709.345,89 €</i>	<i>80</i>
<i>Concello de Valga</i>	<i>177.336,47 €</i>	<i>20</i>
TOTAL OBRAS	886,682.36 €	100

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 709.345,89 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello de Valga, por importe de 177.336,47 € (20% do importe das obras), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Valga.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobranete.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Valga obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, mobiliario urbano, iluminación, etc), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*



- 4) *Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local.*
- 5) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8501 VALGA - OS MARTORES, DO P.Q. 0+000 AO 0+110, E NA E.P. 8502 VALGA – BAÑO, DO P.Q. 0+000 AO 0+950 (CONCELLO DE VALGA)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta*
- 3) *precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Valga faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2027.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público*



- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025 e 2026.
- E demais normativa de obrigado cumprimento

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio. E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra
Luis López Diéguez*

*Polo Concello de Valga
José María Bello Maneiro*

*O Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay,”*

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

9.35925.- RECOÑECIMIENTO DA OBRIGA DE GASTO DA MULTA COERCITIVA IMPOSTA CON MOTIVO DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR Nº S/36/0029/22 INSTRUÍDO POLA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL A ESTA DEPUTACIÓN, POR INCUMPRIMENTO DA CONDICIÓN IMPOSTA NA AUTORIZACIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE DOUS MUROS DE CONTENCIÓN E REPARACIÓN DA CALZADA DA E.P. 2401 PORRIÑO-MOSENDE, P.Q. 4+180, NO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO E ZONA DE POLICÍA DE AMBAS MARXES DO RÍO MIÑOTEIRA, (O PORRIÑO). (EXPTE. 2022043489).

Resultando.- Que vista a resolución do expediente sancionador nº S/36/0029/22 de data 30/05/2023 incoado contra a Deputación Provincial de Pontevedra por parte da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico de data 30 de maio de 2023, pola que se acorda impoñer á Deputación de Pontevedra unha sanción por *"Incumplimiento de la condición 2 de la autorización de obras A/36/09452 otorgada por resolución de este Organismo de cuenca de 05/09/2017 al ejecutar un muro a una distancia de 0,30 metros y con una cota de 0,40 metros, cuando debería de haberse ejecutado a una distancia de 2,27 metros del cauce y el pie del muro a una diferencia de cota respecto del lecho del cauce de 0,90 metros, en Pontellas, en el término municipal de O Porriño (Pontevedra)"*.



Resultando.- Que en dita resolución a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil acordou impoñer á Deputación Provincial de Pontevedra unha sanción consistente en multa por importe de 450,00 Euros, xa que os feitos probados constitúen unha infracción administrativa tipificada no artigo 116.3 b) da Lei de Augas, e calificada como infracción LEVE no artigo 315. b) do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Resultando.- Que a devandita multa por importe de 450,00 Euros foi aprobada e declarouse o seu abono segundo Resolución Presidencial núm. 2024008218 de data 21/10/2024.

Resultando.- Que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil segundo informe de data 26/08/2024 comproba que as cousas non se repuxeron ao seu estado primitivo.

Resultando.- Que segundo o Organismo de conca a *“Diputación Provincial de Pontevedra no ha realizado, hasta la fecha, la obligación "de hacer" establecida por este Organismo, es decir, no ha llevado a cabo la reposición de las cosas a su primitivo estado, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 103 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en los artículos 119 y 324 de la Ley de Aguas (Texto Refundido aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2001; B.O.E de 24 de julio), así como en el Reglamento del Dominio Público Hidráulico, es por lo que, procede imponer la correspondiente multa coercitiva”*, a cal ascende a cantidade de 240,00 Euros.

Resultando.- Que ante a falta de pagamento voluntario da multa, a Axencia Tributaria tramitou en data 13/08/2025 acordo de dedución da contía impagada sobre as transferencias do Estado, conforme ao procedemento de recadación en vía de constrinximento da Lei Xeral Tributaria.

Considerando.- Que a teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe da Intervención Provincial de data 17 de decembro de 2025 (CSV: 1WQRQEO3JX4UIV5C).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o recoñecemento da obriga de gasto, con cargo a aplicación 25/456.4530.226.99 do vixente orzamento provincial, da cantidade de DOUSCENTOS CORENTA EUROS (240,00 €), en concepto de multa coercitiva imposta pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en execución da resolución do expediente sancionador de data 30/05/2023, en relación ao expediente nº S/36/0029/22, por realización de obras no río Miñoteira, incumprindo a condición 2 establecida na autorización A/36/09452 outorgada pola Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data 5 de setembro de 2017 para execución das obras de construción de dous muros de contención e reparación da calzada da estrada E.P. 2401 Porriño-Mosende, PK 4+180, en zona de policía de ambas marxes do río Miñoteira, no termo municipal do Porriño.
2. Ordear o pago en formalización con aplicación aos conceptos de ingreso correspondentes coas transferencias do Estado, sobre as que se aplicou a compensación acordada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.



10.35926.- 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE LALÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 6007 GOLETA – CERCIO – ESTRADA RODO – BRÁNTEGA, DENDE O PQ 2+550 AO PQ 2+800 (LALÍN)”. (EXPTE. 2024027608).

Antecedentes

1.O 30 de outubro de 2024 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín formalizaron un convenio (CSV: NVKGUPD7T2KD4WE5) co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 6007 Goleta – Cercio – Estrada Rodo – Brántega, dende o PQ 2+550 ao PQ 2+800 (Lalín)”.

As obras son financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Lalín mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	429.533,45 €	70
Concello de Lalín	184.085,77 €	30
Total obras	613.619,22 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Lalín :

Organismo	Achega	%
Concello de Lalín	30.175,09 €	100

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

Actualmente o procedemento expropiatorio atópase en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

2. En data 21 de novembro de 2025 notificase ao Concello de Lalín o borrador da primeira Addenda co CSV: O70IL5IDE1P7TEQK.

3.En data 12 de decembro de 2025 o Concello remite Certificado do acordo da Xunta de goberno local celebra o día 12 de decembro do 2025 aprobando o borrador da primeira addenda ao convenio.



4. En data 16 de decembro de 2025 a Secretaría xeral da Deputación de Pontevedra emite informe xurídico favorablemente a prórroga do convenio co informe CSV: 8LQPSXO3QEJAF727.

5. En data 17 de decembro de 2025 a Intervención emite informe de fiscalización favorable a prórroga do convenio co informe CSV: WII4TJKUGI5920GV.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

Esta addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 6007 Goleta – Cercio – Estrada Rodo – Brántega, dende o PQ 2+550 ao PQ 2+800 (Lalín)”.

Actualmente o procedemento expropiatorio otópase en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Unha vez finalizada a obra, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres (3) meses despois da liquidación do contrato da obra unha vez rematado o período de garantía, e que calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación da addenda ao convenio en aplicación da base número 16ª das aprobadas para a execución do vixente orzamento, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a primeira addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín co CSV: O70IL5IDE1P7TEQK e o seguinte contido:



“PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 6007 GOLETA – CERCIO – ESTRADA RODO – BRÁNTEGA, DENDE O PQ 2+550 AO PQ 2+800 (LALÍN)”

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

José Crespo Iglesias, alcalde do Concello de Lalín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

EXPOÑEN

I.-O 30 de outubro de 2024 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 6007 Goleta – Cercio – Estrada Rodo – Brántega, dende o PQ 2+550 ao PQ 2+800 (Lalín)”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 6007 Goleta – Cercio – Estrada Rodo – Brántega, dende o PQ 2+550 ao PQ 2+800 (Lalín)”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 30 de outubro do 2024 (CSV: NVKGUPD7T2KD4WE5) mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización da addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.-Dar traslado do presente acordo ao Concello de Lalín.

Cuarto.- A addenda ao convenio será posta a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



11.35927.- 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CRECENTE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 5005 DENDE O PQ 11+980 AO PQ 12+550”. (EXPTE. 2024045922).

Antecedentes

1.O 19 de agosto de 2024 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Crecente formalizaron un convenio (CSV: 3LOKCK1MIAFX1BCT) co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 5005 dende o PQ 11+980 ao PQ 12+550”.

As obras son financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Crecente mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	195.186,70 €	80
Concello de Crecente	48.796,68 €	20
Total obras	243.983,38 €	100

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

2. En data 25 de novembro de 2025 notificase ao Concello de Crecente o borrador da primeira Addenda co CSV: GBFJTL5835MGB4J6.

3.En data 15 de decembro de 2025 o Concello remite Certificado do Decreto da alcaldía co código de validación 4SEDQCW7Y9TQQYGTCFZKACFWX aprobando borrador da primeira addenda ao convenio.

4.En data 17 de decembro de 2025 a Secretaría xeral da Deputación de Pontevedra emite informe xurídico favorablemente a prórroga do convenio co informe CSV: QUV7KL9VC1PXYBGG.

5. En data 17 de decembro de 2025 a Intervención emite informe de fiscalización favorable a prórroga do convenio co informe CSV: F0O8FF5STKD72T2R.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).



- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

Esta addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Crecente para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 5005 dende o PQ 11+980 ao PQ 12+550”.

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do convenio en aplicación da base número 16ª das aprobadas para a execución do vixente orzamento, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a primeira addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Crecente co CSV: GBFJTL5835MGB4J6 e o seguinte contido:

“PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CRECENTE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 5005 DENDE O PQ 11+980 AO PQ 12+550. (CONCELLO DE CRECENTE)”

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Julio César García-Luengo Pérez, alcalde do Concello de Crecente, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

EXPOÑEN

I.- O 19 de agosto do 2024 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Crecente formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 5005 dende o PQ 11+980 ao PQ 12+550”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Crecente para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 5005 dende o PQ 11+980 ao PQ 12+550”.



A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 19 de agosto do 2024 (CSV: 3LOKCK1MLAFX1BCT) mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización da addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- A addenda ao convenio será posta a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

12.35928.- 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE MARÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 1203 O CAMPO-PARDAVILA (CONCELLO DE MARÍN)”. (EXPTE. 2023058766).

Antecedentes

1.O 29 de agosto de 2024 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Marín formalizaron un convenio (CSV: G6L8LIK8GKRIFZR5) co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 1203 O Campo-Pardavila (Concello de Marín)”.

As obras son financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Marín mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	832.051,77 €	70
Concello de Marín	356.593,62 €	30
Total obras	1.188.645,39 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Marín :

Organismo	Achega	%
Concello de Marín	44.346,86 €	100



A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

2. En data 20 de novembro de 2025 notificase ao Concello de Marín o borrador da primeira Addenda co CSV: GO0PKND62G097D04.

3. En data 15 de decembro de 2025 a Secretaría xeral da Deputación de Pontevedra emite informe xurídico favorablemente a prórroga do convenio co informe CSV: TCL8YJRYS72760ZH.

4. En data 16 de decembro o Concello de Marín remite Resolución : 04853 aprobando o prazo de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2026.

5. En data 17 de decembro de 2025 a Intervención emite informe de fiscalización favorable a prórroga do convenio co informe CSV: O5ZEXRN3BTAY2916.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

Esta addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Marín para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 1203 O Campo-Pardavila (Concello de Marín)”. Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación da addenda ao convenio en aplicación da base número 16ª das aprobadas para a execución do vixente orzamento, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobación da primeira addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Marín co CSV: GO0PKND62G097D04 e o seguinte contido:



“PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MARÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-1203 O CAMPO – PARDAVILA. CONCELLO DE MARÍN”

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

María Pilar Ramallo Vázquez, alcaldesa do Concello de Marín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

EXPOÑEN

I.- O 29 de agosto de 2024 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Marín formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 1203 O Campo-Pardavila (Concello de Marín)”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de e o Concello de Marín para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 1203 O Campo-Pardavila (Concello de Marín)”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 29 de agosto de 2024 (CSV: G6L8LIK8GKRIFZR5) mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización da addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- A addenda ao convenio será posta a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



13.35929.- 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ 0+000 E 2+500 DA E.P.0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRIDO(PONTEVEDRA)”. (EXPTE. 2022060068).

Antecedentes

1.O 21 de decembro de 2023 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra formalizaron un convenio (CSV: IGMDN09HUFL86WNC) co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ 0+000 e 2+500 da E.P.0002 Marco-Tomeza-Figueirido(Pontevedra)”.

As obras son financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Pontevedra mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.379.608,62 €	80
Concello de Pontevedra	344.902,16 €	20
Total obras	1.724.510,78 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Pontevedra:

Organismo	Achega	%
Concello de Pontevedra	19.835,96 €	100
Total expropiacións	19.835,96 €	100

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

Actualmente o procedemento expropiatorio otópase en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

2. En data 20 de novembro de 2025 notificase ao Concello de Pontevedra o borrador da primeira Addenda co CSV: IPV0M5NB0XHH5QBZ.

3.En data 17 de decembro de 2025 a Secretaría xeral da Deputación de Pontevedra emite informe xurídico favorablemente a prórroga do convenio co informe CSV:LGURSWDHDHPBWCWSL.



4. En data 18 de decembro de 2025 a Intervención emite informe de fiscalización favorable a prórroga do convenio co informe CSV: UJK1NZ9G51LLXUJG.

5. En data 19 de decembro o Concello de Pontevedra remite acordo da Xunta de goberno local coa aprobación da ampliación do prazo de vixencia CSV: Z6MCAF6LRJBX1WA4.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

Esta addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ 0+000 e 2+500 da E.P.0002 Marco-Tomeza-Figueirido(Pontevedra).

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación da addenda ao convenio en aplicación da base número 16ª das aprobadas para a execución do vixente orzamento , logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a primeira addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra co CSV: IPV0M5NB0XHH5QBZ e o seguinte contido:

“PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOVILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 0+000 E 2+500 DA E.P. 0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRIDO (PONTEVEDRA)

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 124.1 e. 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.



EXPOÑEN

I.- O 21 de decembro de 2023 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ 0+000 e 2+500 da E.P.0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Pontevedra)”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ 0+000 e 2+500 da E.P.0002 Marco-Tomeza-Figueirido(Pontevedra)”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 21 de decembro de 2023 (CSV: IGMDN09HUFL86WNC) mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización da addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- A addenda ao convenio será posta a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

14.35930.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS E LICENZAS DE SOFTWARE PARA REFORZAR O SISTEMA DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2025070269).

Para que a Deputación de Pontevedra poida exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta conta cunha infraestrutura de equipamentos informáticos e cun amplo parque de software que ofrece servizos tanto ao persoal da Institución, como a distintos colectivos e á cidadanía da Provincia.

O xefe do servizo de Novas Tecnoloxías informa que para que o servizo do Oral da Deputación de Pontevedra, poda mellorar a prestación dos servizos derivados das delegacións asumidas por conta dos concellos en materia de sancións de tráfico, é necesario levar a cabo o reforzo do Sistema de Xestión Tributaria, en adiante SIT-GTT, mediante a adquisición de 75 quipos de escaneado, 75 tabletas e 75 licenciamentos dunha plataforma dixital para realizar firmas electrónicas avanzadas e cualificadas con validez legal.



Dito equipamento está destinado á execución de aplicacións críticas nunha contorna virtualizada Citrix, así como para o uso específico da aplicación de Xestión Tributaria (SIT-GTT) utilizada pola Deputación de Pontevedra. A compatibilidade técnica e certificación oficial entre o hardware e software a subministrar nos distintos lotes contemplados para este contrato e as plataformas de software mencionadas é un requisito indispensable para garantir:

- Estabilidade e Rendemento: Un funcionamento óptimo e sen incidencias das aplicacións.
- Compatibilidade de Controladores: Evitar conflitos cos controladores de virtualización de Citrix.
- Soporte Técnico Válido: Asegurar que o fabricante do software e hardware ofrezan soporte técnico completo en caso de incidencias, o cal se ve comprometido se se utiliza equipamento non certificado por ambos os fabricantes (Citrix e GTT).
- Experiencia de Usuario Final: Garantir unha experiencia de usuario óptima e fluída en aspectos como a renderización gráfica, rede e uso de periféricos

Para asegurar a homoxeneidade do parque e a correcta integración na contorna existente, limitase a subministración a marcas, modelos e gamas específicas que cumpran cos requisitos de certificación e compatibilidade técnica facilitados polos fabricantes (Citrix e GTT), especificados no prego técnico e no informe complementario co csv YR90QCNU1CGM2K4.

Dado que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para levar a cabo tanto esta subministración é necesario realizar unha contratación onde os fornecedores presentarán as súas ofertas.

En base ao exposto, con data 24/10/2025, o Xefe do servizo de Novas tecnoloxías dita providencia de inicio co (csv 2A2A57UDHAUVB1BI) pola que propón iniciar a contratación da subministración de equipos informáticos e licenzas de software para reforzar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra. O contrato proposto ten un orzamento base de licitación de 160.982,03 €, 21% de IVE engadido, e dividido en tres lotes.

Tendo en conta que, con data 2/12/2025, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva con csv VUSBXEY75AKZ18JF.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto que, a Intervención informa que nas aplicacións 25/932.9320.626.01.2024 (Lote 1: 72.600,00 €), 25/932.9320.626.01.2024 (Lote 2: 65.815,53 €) e na 25/932.9320.206.00 (Lote 3: 22.566,50 €) do vixente orzamento provincial, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 9/12/2025, e as observacións contidas no mesmo co csv GMACECX8ERY3X6MV.



Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 17/12/2025, co csv K2W47ZTY2AV8RSL5, no que se recollen as seguintes observacións:

“(…) A referencia no PPT a marcas e modelos concretos para os equipos de escaneado conleva o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia. No informe do servizo de Novas Tecnoloxías xustifícase dita redución de modelos, na necesidade de que estean homologados polo provedor GTT. O cal, aporta un listado de dispositivos compatibles pero que na súa maior parte estarían descatalogados. Polo que, deberase instar ao devandito provedor (GTT) á actualización do citado listado, a fin de salvagardar o principio de libre competencia, buscando a máxima concurrencia.”

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da Subministración de equipos informáticos e licencias de software para reformar o sistema de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o 21% de IVE) ascende á cantidade de 160.982,03€.

O contrato divídese en tres lotes:

Lote nº 1: Equipos de escaneado para posta de usuario Citrix	72.600,00€
Lote nº 2: Tablet para firma electrónica	65.815,53€
Lote nº3: Software de firma electrónica para o sistema SIT-GTT	22.566,50€

O valor estimado total ascende a cantidade de 133.043,00€.



Valor estimado lote nº 1	60.000,00€
Valor estimado lote nº 2	54.393,00€
Valor estimado lote nº3	18.650,00€

2.-Autorizar o gasto por importe de 160.982,03€ con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias, do vixente orzamento provincial.

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/932.9320.626.01.2024	72.600,00€
2025	25/932.9320.626.01.2024	65.815,53€
2025	25/932.9320.206.00	22.566,50€

3-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv:VU705FFYK9AAX4Y9) e de prescricións técnicas (csv: 84HGDHDW9JV1ET2F) que rexerán contratación.

4- Nomear como responsable do contrato ao xefe do servizo de Novas Tecnoloxías.

5- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

15.35931.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA RENOVACIÓN PARCIAL DO SISTEMA DE AIRE ACONDICIONADO DO CENTRO DE PROCESO DE DATOS PRINCIPAL DA DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2025070768).

O Centro de Proceso de Datos Principal (CPDP) da Deputación de Pontevedra, situado no Edificio Administrativo, é unha instalación crítica para que a Deputación de Pontevedra poida exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, xa que aí reside toda a infraestrutura informática que posibilita a xestión diaria da Institución.

Dentro do CPDP figura a sala de servidores, fundamental para garantir a integridade e continuidade destes servizos. Actualmente, a climatización desta sala depende de catro (4) equipos de aire acondicionado que superaron a súa vida útil. Dúas (2) das unidades atópanse danadas de forma severa, ofrecendo un servizo degradado.

Dado o seu estado de obsolescencia, a obtención de pezas de recambio é inviable, o que impide a súa reparación. Esta situación xera un risco elevado para a infraestrutura crítica, xa que a falta dun control ambiental axeitado pode derivar en interrupcións severas dos servizos informáticos.



Polo exposto o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías informa que resulta necesaria a substitución dos dous (2) equipos danados por novas unidades de climatización de alta eficiencia e fiabilidade, deseñadas para contornas críticas que poidan garantir unha temperatura de traballo óptimo en todo o equipamento informático alí despregado e coas características técnicas que figuran no prego técnico.

Dado que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente esta subministración, é preciso acudir a contratación dunha empresa externa e especializada.

En base ao exposto, o Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías dita providencia de inicio co csv QIQRJJ8QGXHRKYMM, pola que propón iniciar a contratación da subministración da renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal da Deputación de Pontevedra. O contrato ten un presuposto de 145.200,00€ 21% de IVE engadido, e un prazo subministración e instalación de tres meses a contar desde a data da formalización do contrato.

Tendo en conta que, con data 5/12/2025, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva con csv W38BHH5JOVCLHG3K.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto que, a Intervención informa que na aplicación do vixente orzamento provincial existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte ao gasto do exercicio 2025.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 11/12/2025, e as observacións contidas no mesmo co csv THRXNG935NI8OH9 .

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 16/12/2025, e as observacións e recomendacións contidas no mesmo co csv 5BWEML8NFTFX52UE.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles. Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da Subministración da renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal da Deputación de Pontevedra.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o 21% de IVE) ascende á cantidade de 145.200,00€

O valor estimado total ascende a cantidade de 120.000,00€.

O prazo de subministración e instalación será de 3 meses a contar desde a data de formalización do contrato.

2.-Autorizar o gasto por importe de 145.200,00 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias, do vixente orzamento provincial.

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/926.9260.623.01 (vinculación xurídica)	145.200,00€

3.-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: V6IQQFKUDS4FU334) e de prescricións técnicas (CSV: T8RYVI7C4DUJ2HP6) que rexerán contratación.

4- Nomear como responsable do contrato ao xefe do servizo de Novas Tecnoloxías.

5- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

16.35932.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, TRAMITADO PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON FARO DE VIGO, S.A.U. PARA A ANUALIDADE 2026 (EXPTE. 2025069721).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizos publicitarios con FARO DE VIGO, S.A.U. para a anualidade 2026, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa FARO DE VIGO, S.A.U. (CIF A36600815).



No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 26 de novembro de 2025, á empresa FARO DE VIGO, S.A.U. (CIF A36600815), no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

A citada empresa presentou oferta con data 9 de decembro de 2025 e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
FARO DE VIGO, S.A.U. (CIF A36600815)	233.057,85 €	0,000 puntos

Mediante Resolución Presidencial RP2025010055 de data 11 de novembro de 2025, requiriuse a Faro de Vigo, S.A.U. (A36600815), como empresa proposta para a adxudicación, que presentase a documentación necesaria para a adxudicación do contrato, sendo presentada a través do rexistro electrónico da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra WEB2025085838 de data 16/12/2025, quedando polo tanto debidamente acreditada a constitución da garantía definitiva polo importe de 11.652,89 euros (carta de pago núm. 12025000249736 de data 16/12/2025), cumprindo así cos requisitos establecidos nos pregos.

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de “Servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. para a anualidade 2026”, á empresa FARO DE VIGO, S.A.U. (CIF A36600815), polos prezos e valores ofertados, e de conformidade coas tarifas dixital e impresa indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas (CSV: FRQQCLIGCDOEU34E e E8T5N6ZHC610CC5U).

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	282.000,00 €
------------------------	--------------



O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura. A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/924.9200.226.02 (publicidade e propaganda)	282.000,00 €

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas por insercións publicitarias realizadas que deberán ser aprobadas pola persoa responsable do contrato, unha vez acreditada a conformidade dos servizos prestados.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025069721	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



17.35933.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A
CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E
EXECUCIÓN DO PROGRAMA "+ BENESTAR" 2026-2030. (EXPTE.
2025009307)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de setembro de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "+ BENESTAR 2026-2030":

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 30 de setembro de 2025. Na mesma data, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de outubro de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas: - VIAJES HALCON, S.A.U. (NIF: A10005510)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados pola empresa Viajes Halcon SAU.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 17 de outubro de 2025, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) polos prezos e valores ofertados.

Tendo en conta o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 7 de novembro, comproba que a empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 2530, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, clasificación, así como de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2025009087 o Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF:



A10005510) que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP. A empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) presentou a documentación requirida a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025080683, de data 24/11/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 11.085,00 € (Carta de pago nº operación 12025000224192).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 do artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Adxudicar o contrato para a prestación do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2026-2030 a empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1. Prezo unitario ofertado por persoa participante no Programa de pernoita para cada un dos 7 establecementos, categoría dos establecementos (estrelas) e tipoloxía (balneario/talaso) :

NOME DO ESTABLECEMENTO		Tipoloxía: Balneario o Talaso	Categoría do establecemento	PREZO UNITARIO POR PERSOA
1	Gran Hotel Talaso Sanxenxo	Talaso	4* S	434,00 €
2	Spa Carlos I Silgar	Spa	4* S	434,00 €
3	Talaso Hotel Louxo La Toja	Talaso	4* S	429,00 €
4	Hotel Spa Galatea	Spa	4*	405,00 €
5	Hotel Marina and Spa	Spa	4*	405,00 €
6	Hotel Spa Norat Torre do Deza	Spa	4*	399,00 €
7	Hotel Spa Norat O Grove	Spa	3*	377,00 €
8	Hotel Spa Nuevo Astur	Spa	3*	375,00 €



2. Actividades complementarias a maiores das dúas esixidas. Sinalar cun X

3 actividades : ☐

4 actividades: ☐

5 actividades: ☒

3. Oferta de tratamentos complementarios de balde:

1 tratamento de balde: ☐

2 tratamentos de balde: ☐

3 tratamentos de balde: ☒

Financiamento: O programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

A Deputación subvencionará 2.097 prazas de réxime xeral con 100 euros o que resulta un total de 209.700,00€

E 30 prazas, de réxime especial, as subvencionará con 400,00 euros, o que resulta un total de 12.000,00€

O importe a pagar pola Deputación de Pontevedra financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/231.2311.227.07	221.700,00€

Ao tratarse dunha contratación anticipada quedará condicionado a aprobación do orzamento do ano 2026 e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento do prezo de contrato realizarase unha vez presentada a factura, necesariamente nos 15 primeiros días do mes seguinte á realización da actividade, salvo autorización expresa do Servizo de Benestar Social, acompañada da seguinte documentación:

Memoria individual de cada saída (cos apartados indicados no punto 7 do PPT (Seguimento e avaliación) e na que deberán constar os datos e documentación seguinte:

- Orixinais das transferencias bancarias nas que conste o nome das persoas participantes, a cantidade aboada, a data, o establecemento de destino ou xustificante que acredite o pago efectivo por calquera dos medios admitidos en dereito.
- Documento de información da estadia cuberto pola persoa responsable do programa da empresa.
- Relación das actividades realizadas dentro do establecemento para cada programa.
- Informe de incidencias e medidas correctivas adoptadas si as houbera.

Ademais dos documentos anteriores deberán presentar:

- Fotografía do autocar ou autocares empregados.
- As fotografías esixidas

As facturas serán aboadas unha vez emitido o correspondente informe favorable ou de conformidade do responsable da unidade administrativa que reciba ou supervise o traballo, ou no seu caso, do designado polo órgano de contratación como responsable deste, expedida de acordo a normativa vixente.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025009307	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Sandra Vázquez Vázquez, xefa do servizo de benestar social, ou persoa en quen delegue.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

18.35934.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DUN PRODUTO MUSEOGRÁFICO Ó AIRE LIBRE, AO REDOR DA FESTA DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS, E SOPORTE E MANTEMENTO DO MESMO, NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 14 - PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO. (EXPTE. 2024017600).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 04/07/2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Ponteareas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino”.



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/07/2025. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 24/07/2025, procedeu á apertura dos sobres A, correspondentes coa documentación administrativa (Certificado da mesa co CSV nº 7FA9TJNC8O2BY8Y8)

Na mesma sesión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes coa documentación técnica, remitíndose dita documentación ó servizo de Turismo Rías Baixas (Certificado da mesa co CSV nº 7RGTKWS9DOAR873U)

Con data 16/09/2025, a Xefa servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra emitiu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: K9787H5NPDZE6XD1)

A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 18/09/2025, e á vista do mencionado informe, acordou prestar a súa conformidade ás puntuacións recollidas no mesmo e, na mesma sesión, proceder coa apertura dos sobres C, correspondentes coas ofertas avaliábeis mediante criterios automáticos, facultando ó secretario da mesma para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o correspondente requirimento (Certificados da mesa cos CSV nº H1N8JYJ4AK0CQ9T8 e H9H3LRJ9LHBHJFMJ)

Feitas as valoracións, detéctase que a oferta formulada por TOURISTINNOVACIÓN360, S.L. (B42580233) resulta anormalmente baixa en canto ao prezo, polo que foi requirida polo secretario da mesa de contratación para que a xustificara e precisase as condicións da mesma, en particular no referente ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxese para a execución do contrato (NOT2025024582, de data 24/09/2025)

Unha vez atendido o requirimento pola empresa (REX_WEB2025067718, de data 30/09/2025), requírese o correspondente informe ó servizo de Turismo Rías Baixas, o cal foi emitido con data 20/10/2025, concluíndo que a oferta non estaba debidamente xustificada (CSV: FZCMAWALROYLZNR)

Con data 21/10/2025 o servizo de Contratación emite o correspondente informe sobre as puntuacións totais acadadas no procedemento, alcanzando o licitador LUX XPERIENCE, S.L. (B05485081) a máxima puntuación.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 23/10/2025, acordou: propoñer ó órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa TOURISTINNOVACIÓN360, S.L. (B42580233), aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas admitidas, e propoñer ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do contrato á empresa LUX XPERIENCE, S.L. (B05485081), que acada a máxima puntuación.



Mediante Resolución Presidencial nº2025008630, de data 27/10/2025, practícase o correspondente requirimento á empresa LUX XPERIENCE, S.L. (B05485081).

Unha vez recibida a documentación remitida pola empresa (REX_WEB2025077988 e REX_WEB2025077993 de data 10/11/2025, e REX_WEB2025080373, de data 21/11/2025), dende o servizo de Contratación emítese informe de data 02/12/2025 (CSV: 5UDKLZUZVGYT8F1E) no que se conclúe o non cumprimento do mesmo, ao non poder acreditar a empresa atoparse ó corrente de pagos coa Seguridade Social por non atoparse inscrita como empresaria nin ter asignado código de conta de cotización en ningún réxime, debendo polo tanto o órgano de contratación considerar retirada a súa oferta cos efectos que procedan, e acordar a continuación o requirimento de documentación ao seguinte licitador pola orde de clasificación, AMAZING UP – INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, S.L. (B98619281), sempre que cumpra cos requisitos de aptitude e solvencia exixidos no procedemento.

Mediante Resolución Presidencial nº2025009847, de data 03/12/2025, practícase o correspondente requirimento á empresa AMAZING UP – INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, S.L. (B98619281).

A documentación foi remitida con data 15/12/2025 (REX_WEB2025085625), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 6.400,00 € (carta de pago núm. operación 12025000248592, de data 16/12/2025)

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas e subcontratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizo cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación ás seguintes empresas: TOURISTINNOVACIÓN360, S.L. (B42580233), pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato, en base ó recollido no informe do servizo de Turismo Rías Baixas, de data 20/10/2025 (CSV: FZCMAWALROYLZNRF); e LUX EXPERIENCE, S.L. (B05485081), de conformidade co informe do servizo de Contratación de data 02/12/2025 (CSV: 5UDKLZUZVGYT8F1E), no que se conclúe o incumprimento do requirimento de documentación practicado ao non poder acreditar a empresa atoparse ó corrente de pagos coa Seguridade Social, por non atoparse inscrita como empresaria nin ter asignado código de conta de cotización en ningún réxime.

2.- Adxudicar o contrato de “Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Pontearreas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino” á empresa AMAZING UP – INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO, S.L. (B98619281), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo ofertado:

Prezo ofertado sen IVE	128.000,00 €
IVE (21%)	26.880,00 €
Prezo total ofertado con IVE	154.880,00 €

- Incremento de idiomas adicionais, ós propostos inicialmente no PPT (galego, castelán, inglés e portugués), na implantación do frontal web:
 - o Idioma 1: FRANCÉS.
 - o Idioma 2: ITALIANO.
 - o Idioma 3: RUMANO.

Duración:

Os traballos de implantación terán un prazo máximo de execución de 6 meses a contar dende a formalización do contrato. Este prazo dividirase nos seguintes prazos parciais:

- Planificación e deseño da solución (máx. 1 mes)
- Posta en marcha de entorno de preproducción (máx. 4 meses)
- Posta en marcha en produción (máx. 1 mes)



A implantación finalizará coa aceptación por parte da Deputación de Pontevedra da entrega e posta en marcha do sistema en produción. A partir desa data comezará o período de soporte e mantemento da solución, cun prazo máximo de duración de 36 meses.

Financiación: As obrigas derivadas deste contrato financiaranse dacordo coa seguinte distribución orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total
2026 (plataforma)	26/433.4325.642.00.2025 investimentos inmateriais (92210005 - CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS (NEXT GENERATION UE)	88.873,64 €
2026 (sinalética)	26/433.4325.652.99.2025 investimentos en concellos (92210005 - CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS (NEXT GENERATION UE)	51.374,21 €
2026 (soporte e mantemento)	26/433.4325.227.99 traballos realizados outras empresas 92210005 - CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS (NEXT GENERATION UE)	2.438,69 €
2027 (soporte e mantemento)	27/433.4325.227.99 traballos realizados outras empresas 92210005 - CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS (NEXT GENERATION UE)	4.877,38 €
2028 (soporte e mantemento)	28/433.4325.227.99 traballos realizados outras empresas 92210005 - CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS (NEXT GENERATION UE)	4.877,38 €
2029 (soporte e mantemento)	29/433.4325.227.99 traballos realizados outras empresas 92210005 - CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS (NEXT GENERATION UE)	2.438,69 €
TOTAL		154.880,00 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2026, 2027, 2028 e 2029 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.



Forma de pagamento: por fitos de facturación.

Os pagamentos realizaranse conforme á finalización das seguintes fases:

- Fase 1ª (Implantación): o pago ó adxudicatario realizarase contra a presentación dunha única factura, conformada polo servizo xestor, unha vez finalizados os traballos de implantación e posta en marcha do portal web, coa firma da correspondente acta de recepción.
- Fase 2ª (Soporte e mantemento): os pagos ó adxudicatario realizaranse ó final de cada anualidade, dividíndose o importe ofertado pola empresa adxudicataria entre o número de anos que dure o servizo (36 meses), previa presentación da factura conformada polo servizo xestor. O soporte e mantemento dará comezo coa firma da acta de recepción da plataforma.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024017600	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Ruth González Reyes, Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, asesorada por un técnico do servizo de Novas Tecnoloxías e dunha técnica do servizo de Turismo Rías Baixas.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



19.35935.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA SPORTMADNESS EVENTOS, S.L. PARA Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA TRAIL "ENTRE CASTELOS RÍAS BAIXAS". (EXPTE. 2025004601).

Na sesión ordinaria do día 05 de setembro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de Servizo de organización e execución do programa trail "Entre castelos Rías Baixas" á Sportmadness Eventos, S.L. (NIF: B86397205) polos seguintes prezos e valores ofertados:

- Prezo ofertado:

Prezo total ofertado, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado, IVE engadido
39.924,26 €	8.384,09 €	48.308,35 €

- Segundos garantidos de emisión en televisión autonómica local, superiores ao mínimo requirido: 90 segundos.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 02 de novembro de 2025 e o prazo de duración é desde a formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2025, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

No caso de aprobarse, o prazo de execución das eventuais prórrogas será fixado polo servizo de Turismo Rías Baixas, dentro dos mesmos períodos do ano considerados no contrato inicial.

Con data 16 de outubro de 2025 a xefatura do Servizo de Turismo Rías Baixas, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 01 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 16 de outubro de 2025, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 24 de novembro do 2025, a Intervención emitiu documentos de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 12025000223983, polo importe de 23.438,50 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/ 433.3363.226.09 e número de operación 12025000223982, polo importe de 24.869,85 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 26/433.3360.226.09 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026.



Tendo en conta que, con data 15 de decembro de 2025, aprobáronse mediante Resolución presidencial número 2025010201 Bases reguladoras polas que se rexerá o trail entre castelos Rías Baixas para o ano 2026.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 18 de decembro do 2025, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Servizo de organización e execución do programa trail “Entre castelos Rías Baixas””, por 1 ano, desde 01/01/2026 ao 31/12/2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo éa Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31/12/2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Aprobar a primeira prórroga do contrato do “Servizo de organización e execución do programa trail “Entre castelos Rías Baixas”” subscrito coa empresa á Sportmadness Eventos, S.L. (NIF: B86397205), durante o período 01 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (48.308,35 €, co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
2026	26/433.3360.226.09	24.869,85€
2026	26/433.3363.226.09	23.438,50€
TOTAL		48.308,35 €

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2026 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

20.35936.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN TOTAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DA “CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DE FESTAS GASTRONÓMICAS DE INTERESE TURÍSTICO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, EMPREGANDO FOOD TRUCKS”. (EXPTE. 2024084008).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de agosto de 2025, acordou adxudicar á empresa JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187) o procedemento aberto convocado para a contratación do servizo da “campana de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks”.



Resultando.- Que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 25 de setembro de 2025, establecendo un prazo de duración de 5 meses, a contar desde a súa formalización, sen previsión de prórrogas..

Resultando.- Que con data 15 de decembro de 2025 formalizouse acta de suspensión temporal da execución do contrato (CSV: S6GN473B3AL61HE2), asinada pola empresa adxudicataria JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187) e a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas.

Na devandita acta xustifícase que, *“por razóns inherentes á duración da tramitación administrativa e do procedemento de licitación, o inicio efectivo da execución do contrato produciuse nun período coincidente coa campaña de Nadal”*. Engade que o período referenciado caracterízase pola *“(…) elevada concentración de actividades comerciais, culturais e promocionais, cunha programación intensiva tanto por parte das administracións públicas como do sector privado”*. En base ao exposto, acórdase entre as partes suspender temporalmente de mutuo acordo o devandito contrato.

En consecuencia, e de mutuo acordo entre as partes, faise necesario decretar a suspensión temporal da execución do contrato, con efectos desde o día 11 de decembro de 2025, mantendo a mesma durante todo o período coincidente coa campaña de Nadal, ata a desaparición das causas que impiden a adecuada prestación do servizo.

Resultando.- En base ao exposto, con data 15 de decembro de 2025, a xefa e a directora do servizo de Turismo Rías Baixas, emiten informe proposta (CSV: CLBNFCLZEK2MO45R), no que conclúe o seguinte:

“Á vista do exposto, propónse ao órgano de contratación acordar a suspensión temporal da execución do contrato, por razóns de interese público derivadas da inadecuación do período de execución á finalidade promocional da actuación.

A suspensión terá carácter temporal e levantarase mediante resolución expresa do órgano de contratación, procedéndose á reanudación da execución do contrato unha vez finalizada a campaña de Nadal, formalizando a correspondente acta de reanudación”.

Resultando.- Con data 17 de decembro de 2025, o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio emite informe (CSV: ZQ8RCDJ7MVT6ZXR) no que conclúe:

“Á vista da xustificación para a suspensión total da execución do contrato, formulada pola xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, pode deducirse a existencia de incompatibilidades entre a intensidade das actividades propias da campaña de Nadal e a finalidade promocional específica das actuacións obxecto do contrato.

En base ó recollido na acta de suspensión, considérase axustada ao dereito e razoable a paralización temporal da execución do devandito servizo, durante todo o período coincidente coa campaña de Nadal, nos termos recollidos na acta de suspensión, procedéndose a súa reanudación unha vez desaparecidas as causas que motivaron a suspensión, mediante a formalización da correspondente acta”.

Considerando.- Que, de conformidade co artigo 190 da LCSP, *“dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (...)”*.



Considerando.- O previsto no artigo 208.1 da LCSP, polo que se establece que *“se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel (...)”*.

Considerando.- A previsión contida no artigo 103.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, pola que se sinala o seguinte: *“a acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...)”*.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión total da execución do contrato de servizos da *“campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks”*, con efectos dende o día 11 de decembro de 2025.

Rematado o período coincidente coa campaña de Nadal, desaparecidas as causas que motivaron a imposibilidade de prestación do servizo, formalizarase entre o contratista e a responsable do contrato acta de reinicio.

21.35937.- DECLARACIÓN DE ABANDONO DA EMPRESA GSI DOTACIÓN INDUSTRIAL SL DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN (EXPTE. 2023051458).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, aprobou o expediente para implementar un Sistema dinámico de adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024, acordou admitir a empresa GSI Dotación Industrial SL (NIF: B36352235) na categoría I: Vestuario laboral e equipos de protección individual.

O contrato formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e a citada empresa con data 22 de marzo de 2024, por unha anualidade e con efectos desde o 1 de abril de 2024, establecéndose a posibilidade dunha prórroga cunha duración dun ano.



A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 21 de febreiro de 2025, acordou aprobar a prórroga do “Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra” do que forma parte a empresa GSI Dotación Industrial SL (NIF: B36352235), durante o período que vai desde o 01 de abril de 2025 ata o 31 de marzo de 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío das invitación a empresa GSI Dotación Industrial SL (NIF: B36352235) mediante as Resolucións Presidenciais número 2025007910, 2025008271, 2025008332 e 2025009012, non presentou oferta en ningún dos seguintes contratos específicos:

- Subministración de vestiario e calzado para a gandería da Finca Mouriscade. (Expte. 2025063517)
- Subministración de Equipos de Protección Individual para o persoal do Museo de Pontevedra. (Expte. 2025066386)
- Subministración de vestiario de traballo e equipos de protección individual para o corpo provincial de vixilancia, inspección e control de residuos (Expte. 2025067140)
- Subministración de vestiario e calzado para o laboratorio da Finca Mouriscade (Expte. 2025068193)

Tendo en conta que a empresa GSI Dotación Industrial SL (NIF: B36352235) foi invitada a presentar oferta na licitación de todos os contratos específicos que se tramitaron desde a sinatura do contrato, sen embargo, non presentou oferta ás catro últimas invitacións consecutivas.

Tendo en conta que o apartado 7 do prego de cláusulas económico administrativas establece que *“En calquera momento de vixencia do presente sistema poderán as/os empresarios abandonalo, entendéndose que exerceron esta opción no caso de que non presenten oferta en catro licitacións consecutivas. En ambos casos é o órgano de contratación o encargado de acordar dita exclusión. O abandono do sistema non impedirá a reincorporación nun momento posterior, debendo transcorrer mais de 30 días desde a adopción da exclusión do SDA polo órgano de contratación”*.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 16 de decembro de 2025 no que, a modo de conclusión indica que:

“Tendo en conta que a empresa GSI Dotación Industrial SL (NIF: B36352235) non presentou oferta aos catro últimos contratos específicos, de conformidade co apartado 7 do PCAP, considérase que abandonou o sistema dinámico para a adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra.”

Considerando que a Xunta de Goberno foi o órgano que declarou a admisión das empresas no sistema dinámico para a adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra ó estimarse que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Excluir por abandono á empresa GSI Dotación Industrial SL (NIF: B36352235) do sistema dinámico para a adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra, ao non presentar oferta aos catro últimos contratos específicos.



22.35938.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A "MELLORADA INTERSECCIÓN MEDIANTE ROTONDA NA E.P. 7201 CACHAFEIRO-SILLEDA, P.Q. 21+800 (SILLEDA)". (EXPTE.2020039953). (DEVOGARAN 2025065307)

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 05 de novembro de 2021 (CSV.- RVP6AEVPG46N7EOY), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de "Mellora da intersección mediante rotonda na E.P. 7201 Cachafeiro-Silleda, P.Q. 21+800 (Silleda)". (Núm. Expte. 2020039953)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Movimientos de áridos y construcciones de Arosa, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36.533.353)	10.425,61€	202100202527	29/10/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 4ORUYE15N78IX92O), no cal sinala que "(...) *Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, infórmase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procederse á liquidación da obra sen variación económica.*

En base ao anteriormente exposto, procede a devolución da garantía definitiva constituída polo contratista por importe de 10.425,61 €, segundo consta na carta de pagamento núm. 202100202527, de data 29 de outubro de 2021. (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 5JW7S5AGDSVDVDK3), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36.533.353), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".



A Xunta de Goberno en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de *"Mellora da intersección mediante rotonda na E.P. 7201 Cachafeiro-Silleda, P.Q. 21+800 (Silleda)"* (Núm. Expte. 2020039953), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36.533.353), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade GENERALI ESPAÑA, S.A., de seguros y reaseguros (NIF A-28.007.268) *"Certificado de Seguro de Caución nº 2N-G-361.000.094 correspondente á Póliza de Seguro de Caución de igual número"*, por importe de dez mil catrocentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (10.425,61 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 29/10/2021, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030536 (Número de Carta de Pago 202100202527).

23.35939.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOLÁN, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+795, TREITO I (O ROSAL)". (EXPTE. 2020055080). (DEVOGARAN 2025074574)

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 09 de xullo de 2021 (CSV.- SIERKQLOVONYJDDZ), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián dende o PQ 0+000 a 1+795 treito I (O Rosal)"*. (Núm. Expte. 2020055080)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Excavaciones y construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861)	23.491,25€	202100123626	24/06/2021



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- C70ONZTLB2EKQML1), no cal sinala que “(...) *Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procederse a liquidación da obra sen variación económica.*

En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 11/10/2022, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de vinte e tres mil catrocentos noventa e un euros con vinte e cinco céntimos (23.491,25 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100123626 de data 24/06/2021. (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- B715OI9Y4ZR6M6M1), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagon-Goian dende o PQ 0+000 a 1+795 treito I (O Rosal)*” (Núm. Expte. 2020055080), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade ABANCA, Corporación Bancaria, S.A. (NIF A-70.302.039) “*Aval inscrito no Rexistro Especial de Avals, co número 667846*”, por importe de vinte e tres mil catrocentos noventa e un euros con vinte e cinco céntimos (23.491,25 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 24/06/2021, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030491 (*Número de Carta de Pago 202100123626*).



24.35940.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2026 (EXPT.E. 2025060809).

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, considera necesario dar apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión de axudas que van destinadas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que estean inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e teñan o seu domicilio fiscal ou establecemento permanente na provincia de Pontevedra.

Estas bases aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno nº 3.35786, de 21 de novembro de 2025, estando prevista inicialmente para esta convocatoria de subvencións una contía de douscentos mil euros (200.000,00€), con cargo á aplicación 26/250.2315.480.01 do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026.

Non obstante, dende o centro xestor propónse ampliar esta contía en corenta mil euros (40.000€) para así poder atender a un maior número de entidades, ascendendo o total ao importe de douscentos corenta mil euros (240.000,00€), sendo preciso en consecuencia modificar a base segunda da convocatoria.

Resultando que con data do 18 de decembro de 2025 (CSV: C0NH19FBFOR6KWM5) Intervención emite informe de conformidades sobre a tramitación do expediente para a aprobación de dita modificación das bases.

Considerando que o órgano competente para a aprobación desta modificación é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación da base segunda da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o exercicio 2026, quedando redactada da seguinte forma:

“Segunda. Financiamento e réxime económico

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/250.2315.480.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a douscentos corenta mil (240.000,00) euros.

A subvención concedida a cada entidade non poderá superar os sete mil (7.000,00) euros.”

O resto do contido das citadas bases, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno nº 3.35786, de 21 de novembro de 2025, mantense invariable en todos os seus termos.



25.35941.- APROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A ADQUISICIÓN E REPARACIÓN DE INSTRUMENTOS MUSAIS E VESTIARIO PROPIO DE AGRUPACÍONS MUSAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (EXPTES. 2025004268 E 2025054513)

Antecedentes:

Primeiro. A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025 aprobou as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición e reparación de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da Provincia de Pontevedra para o ano 2025.

Segundo. Con data 10 de setembro de 2025 publícanse as referidas bases no BOPPO núm. 172 de 10 de setembro de 2025, establecendo nas mesmas que o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.

Terceiro. Trala reunión da Comisión de Valoración nomeada ao efecto con data 16/12/2025, a xefatura do Servizo de Cultura, con data 22/12/2025, emite informe proposta respecto das solicitudes presentadas.

Cuarto. A Deputación de Pontevedra concederá, en réxime de concorrência competitiva, axudas económicas para a adquisición e reparación de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da Provincia de Pontevedra para o ano 2025, para:

Liña	Aplicación	Importe
Liña 1: Adquisición de instrumentos e de vestuario	25/330.3340.789.00	170.000,00 €
Liña 2: Gasto corrente: reparación de instrumentos e de vestuario	25/330.3340.489.05	30.000,00 €

Quinta. A proposta de concesión de subvencións realízase de acordo cos criterios establecidos na base décimo cuarta da convocatoria.

Constan no expediente a relación de persoas beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas polos motivos que se indican.

Sexta. Con data 22/12/2025 desde Intervención emiten informe de fiscalización favorable que figura no expediente co CSV: 4YIWIEH86YXNSA7Z

Fundamentos:

Primeiro. Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; artigo 232 no caso de tratarse de Asociacións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o art. 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

Cuarto.- Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d) a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Quinto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestiario propio de agrupacións musicais da Provincia de Pontevedra para o ano 2025 por un importe total de 200.000,00 € con cargo ás aplicacións 25/330.3340.789.00 (Liña 1) e 25/330.3340.489.05 (liña 2) , distribuídos do seguinte xeito:

- Na liña 1, adquisición de instrumentos musicais e vestiario: Aprobar a concesión de subvencións a 180 asociacións e entidades sen ánimo de lucro e que figuran co CSV: Y0J6FH3ZHSEQOAYS e que se relacionan a continuación e rexeitar a concesión de tres subvencións polos motivos que tamén se indican.
- Na liña 2: Aprobar a concesión de subvencións a 39 asociacións e entidades sen ánimo de lucro, e que figuran co CSV: YPUBW5FSRSWM9880 e que se relacionan a continuación:

Concedidas liña 1 (Adquisición de instrumentos e vestiario):

Denominación:	INSTRUMENTOS E VESTIARIO (CAPÍTULO VII)				
Referencia:	CU_F/25				
Relación:	RELAC/202500088 DE DATA 19/12/2025				
Importe relación:	170.000,00 €				
Importe concedido:	170.000,00 €				
Expedientes relación:	180				
Finanzamento:					
Aplicación	Descripción				Importe
25/330.3340.789.00	O. TRANSFERENCIAS, ADQ. INSTRUMENTOS E VESTIARIOS				170.000,00 €

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA)					
(1) G36217545 ASOC AMIGOS BANDA DE MUSICA DE AGOLADA 2025067765 - Adquisición de instrumentos musicais	18.773,99 €	3.000,00 €	3.000,00 €	100,00	15,96 % Concurrencia competitiva
TOTAL AGOLADA (1)			3.000,00 €		
CONCELLO DE ARBO (PONTEVEDRA)					
(2) G36271989 ASOC BANDA MUSICAL ARBO 2025066291 - Adquisición de instrumento musical	4.300,00 €	2.365,00 €	1.347,20 €	40,00	31,33 % Concurrencia competitiva
(3) G36329944 CORAL POLIFONICA DE ARBO 2025066833 - Adquisición de vestiario	2.000,00 €	2.000,00 €	505,20 €	15,00	25,26 % Concurrencia competitiva
TOTAL ARBO (2)			1.852,40 €		
CONCELLO DE BAIONA (PONTEVEDRA)					
(4) G27815232 ASOC BAIONA BAY 2025067193 - Adquisición de instrumentos musicais	3.006,90 €	1.921,00 €	1.010,40 €	30,00	33,60 % Concurrencia competitiva
(5) G36814895 ASOC FOLCLORICA AIRIÑOS DA LAGOA 2025067119 - Adquisición de instrumentos musicais	2.000,19 €	1.500,00 €	673,60 €	20,00	33,68 % Concurrencia competitiva
(6) G27821222 ASOCIACION FOLCLORICA ARDELUME DE BAÑA 2025066657 - Adquisición de instrumentos e vestiario	3.899,83 €	2.924,87 €	842,00 €	25,00	21,59 % Concurrencia competitiva
(7) G36704120 ASOCIACION FOLCLORICA VILA DE BAIONA 2025067772 - Adquisición de vestiario	10.285,00 €	3.000,00 €	2.694,39 €	80,00	26,20 % Concurrencia competitiva
TOTAL BAIONA (4)			5.220,39 €		
CONCELLO DE BARRO (PONTEVEDRA)					
(8) G36183804 ASOC CULTURA E XUVENTUDE DE BARRO 2025067487 - Adquisición de instrumentos musicais	6.400,00 €	2.467,85 €	2.020,79 €	60,00	31,57 % Concurrencia competitiva
(9) G36371375 ASOC CULTURAL CORAL POLIFONICA DE BARRO 2025067976 - Adquisición de vestiario	3.025,00 €	2.500,00 €	673,60 €	20,00	22,27 % Concurrencia competitiva
(10) G36107555 ASOCIACION GRUPO DANZAS AMOR RUIBAL DE BARRO 2025066649 - Adquisición de instrumentos e vestiario	3.576,46 €	3.576,46 €	673,60 €	20,00	18,83 % Concurrencia competitiva
TOTAL BARRO (3)			3.367,99 €		



CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)						
(11)	G01870476	ASOCIACION CULTURAL NOVOS VENTOS	982,87 €	782,53 €	168,40 €	5,00
2025062389 - Adquisición de vestuario						
TOTAL BUEU (1)					168,40 €	
CONCELLO DE CALDAS DE REIS (PONTEVEDRA)						
(12)	G36518108	ASOC CULTURAL MARIÑOLEIRA	4.000,01 €	3.000,00 €	842,00 €	25,00
2025067493 - Adquisición de instrumento musical						
(13)	G94161866	ASOC FANFARRIA FURRUXA	1.535,34 €	1.268,88 €	505,20 €	15,00
2025064336 - Adquisición de vestuario						
(14)	G36275378	ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA DE CALDAS DE REIS	4.186,60 €	1.875,00 €	1.683,99 €	50,00
2025066841 - Adquisición de vestuario						
TOTAL CALDAS DE REIS (3)					3.031,19 €	
CONCELLO DE CAMBADOS (PONTEVEDRA)						
(15)	G36191898	ASOC CULTURAL BANDA DE MUSICA DE CASTRELO CAMBADOS	3.700,00 €	2.775,00 €	842,00 €	25,00
2025067235 - Adquisición de vestuario						
(16)	G36180719	ASOC CULTURAL CON DE XIDO CAMBADOS	3.597,86 €	2.973,43 €	673,60 €	20,00
2025067921 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario						
(17)	G36228120	ASOC CULTURAL XIRONSA	1.742,54 €	1.306,90 €	673,60 €	20,00
2025067438 - Adquisición de instrumentos e vestuario						
(18)	G36576882	ASOC OBRADOIRO VOLANDEIRA	1.469,96 €	1.102,47 €	336,80 €	10,00
2025066839 - Adquisición de vestuario						
TOTAL CAMBADOS (4)					2.526,00 €	
CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA)						
(19)	G72497480	ASOCIACION CULTURAL SONS DO PETO	726,00 €	600,00 €	168,40 €	5,00
2025067436 - Adquisición de instrumento musical						
(20)	G36176352	UNION CULTURAL DE CAMPO LAMEIRO	4.600,00 €	3.000,00 €	842,00 €	25,00
2025065248 - Adquisición de instrumentos musicais						
TOTAL CAMPO LAMEIRO (2)					1.010,40 €	
CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)						
(21)	G94006129	ASOC CORAL AREAS GORDAS DE COIRO	2.500,00 €	2.500,00 €	505,20 €	15,00
2025068029 - Adquisición de vestuario						
(22)	G36030302	ASOC CULTURAL BELLAS ARTES	1.750,33 €	875,00 €	875,00 €	35,00
2025067988 - Adquisición de vestuario						
(23)	G36027365	ASOCIACION CULTURAL LEMBRANZAS DA RIA	889,89 €	650,00 €	336,80 €	10,00
2025067770 - Adquisición de vestuario						
(24)	G94092996	ASOCIACION CULTURAL PEIS D'HOS	1.151,99 €	287,93 €	287,93 €	55,00
2025068031 - Adquisición de instrumentos e vestuario						
(25)	G94021888	ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO MORRAZO	1.815,00 €	1.361,00 €	673,60 €	20,00
2025068062 - Adquisición de instrumentos musicais						
(26)	G94017704	ASOC O SON DO POBO	2.420,00 €	1.800,00 €	673,60 €	20,00
2025066604 - Adquisición de instrumento musical						
(27)	G36592582	ASOC XUVENIL CULTURAL STACCATO	3.999,99 €	3.000,00 €	842,00 €	25,00
2025066605 - Adquisición de instrumentos musicais						
(28)	G94078599	BANDA DE TAMBORES E CORNETAS DE CANGAS	857,01 €	642,75 €	336,80 €	10,00
2025067475 - Adquisición de instrumentos e vestuario						
(29)	G36394443	DANZA DE DARBO	755,00 €	380,00 €	380,00 €	25,00
2025067479 - Adquisición de vestuario						
TOTAL CANGAS (9)					4.910,93 €	
CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE (PONTEVEDRA)						
(30)	G94122728	ASOC CULTURAL AFOUTES DO CANON DE PAU	5.558,22 €	2.917,07 €	1.347,20 €	40,00
2025066607 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario						
(31)	G94168176	ASOC CULTURAL BANDA DE MUSICA DE CERDEDO	4.289,99 €	3.000,00 €	842,00 €	25,00
2025067446 - Adquisición de instrumento musical						
(32)	G94046224	ASOCIACION CULTURAL BANDA DE GAITAS E PERCUSION FOULA DE COTOBADE	1.452,00 €	900,00 €	505,20 €	15,00
2025066596 - Adquisición de vestuario						



(33)	G36273548	ASOCIACION CULTURAL GRUPO DE GAITAS OS ABRENTES DE CERDEDO	1.161,03 €	600,00 €	600,00 €	25,00	51,68 %	Concurrencia competitiva
2025068011 - Adquisición de instrumentos								
(34)	G36056091	ASOCIACION CULTURAL OS TRAZANTES TENORIO	2.121,28 €	1.570,00 €	673,60 €	20,00	31,75 %	Concurrencia competitiva
2025067927 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
(35)	G94109618	ASOCIACION ESCOLA DE MUSICA DE CERDEDO	2.949,01 €	2.211,75 €	673,60 €	20,00	22,84 %	Concurrencia competitiva
2025067155 - Adquisición de instrumentos musicais								
(36)	G94117223	ASOCIACION PANDEREITEIR@S DO VAL DE QUIREZA	2.607,22 €	1.955,42 €	673,60 €	20,00	25,84 %	Concurrencia competitiva
2025066660 - Adquisición de vestuario								
(37)	G36352649	BANDA DE MUSICA UNION MUSICAL DE TENORIO	2.385,00 €	1.780,00 €	673,60 €	20,00	28,24 %	Concurrencia competitiva
2025065963 - Adquisición de instrumentos musicais								
TOTAL CERDEDO - COTOBADA (8)					5.988,80 €			
CONCELLO DE CUNTIS (PONTEVEDRA)								
(38)	G36362648	ASOC CULTURAL CORO CANTARES DAS BURGAS	2.994,53 €	1.620,00 €	1.178,80 €	35,00	39,37 %	Concurrencia competitiva
2025067168 - Adquisición de instrumentos musicais								
(39)	G94030731	ASOC GRUPO FOLCLORICO HAI QUE ROELO	3.199,24 €	3.100,00 €	673,60 €	20,00	21,06 %	Concurrencia competitiva
2025068629 - Adquisición de vestuario								
(40)	G36273068	ASOCIACION MUNICIPAL DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL DE CUNTIS	4.120,01 €	3.000,00 €	842,00 €	25,00	20,44 %	Concurrencia competitiva
2025066851 - Adquisición de instrumentos musicais								
TOTAL CUNTIS (3)					2.694,40 €			
CONCELLO DE ESTRADA, A (PONTEVEDRA)								
(41)	G94153558	ASOCIACION CULTURAL ESCOLA DE MUSICA TRADICIONAL DE BARBUDE	4.109,76 €	2.670,00 €	1.010,40 €	30,00	24,59 %	Concurrencia competitiva
2025067758 - Adquisición de vestuario								
(42)	G36030591	BANDA DE MUSICA MUNICIPAL DE LA ESTRADA	2.396,00 €	1.797,00 €	673,60 €	20,00	28,11 %	Concurrencia competitiva
2025067191 - Adquisición de instrumento musical								
(43)	G36029783	BANDA DE MUSICA NOVA RIVEIRA CULTURAL DA ESTRADA	3.150,01 €	2.362,50 €	842,00 €	25,00	26,73 %	Concurrencia competitiva
2025067764 - Adquisición de vestuario								
(44)	G36216406	FUNDACION CULTURAL A ESTRADA	4.639,09 €	3.000,00 €	1.010,40 €	30,00	21,78 %	Concurrencia competitiva
2025067411 - Adquisición de instrumentos e vestuario								
TOTAL ESTRADA, A (4)					3.536,40 €			
CONCELLO DE GONDOMAR (PONTEVEDRA)								
(45)	G36622629	AGRUPACION MUSICAL DE VINCIOS	5.214,30 €	2.942,00 €	1.010,40 €	30,00	19,38 %	Concurrencia competitiva
2025067135 - Adquisición de instrumentos e vestuario								
(46)	G36650059	ASOCIACION DE VECINOS GALÍNEIRO DE VINCIOS GONDOMAR	2.713,88 €	2.242,89 €	505,20 €	15,00	18,62 %	Concurrencia competitiva
2025062961 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
(47)	G36685519	CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO LA MERCED DE CHAIN	4.507,25 €	2.253,65 €	1.347,20 €	40,00	29,89 %	Concurrencia competitiva
2025067998 - Adquisición de vestuario								
(48)	G36867687	NOVOS AIRES DE COUSO	1.536,04 €	1.186,52 €	505,20 €	15,00	32,89 %	Concurrencia competitiva
2025066910 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
TOTAL GONDOMAR (4)					3.368,00 €			
CONCELLO DE GROVE, O (PONTEVEDRA)								
(49)	G75518811	ASOCIACION MUSICAL DO GROVE	3.400,02 €	2.550,00 €	842,00 €	25,00	24,76 %	Concurrencia competitiva
2025068028 - Adquisición de instrumentos musicais								
TOTAL GROVE, O (1)					842,00 €			
CONCELLO DE ILLA DE AROUSA, A (PONTEVEDRA)								
(50)	G36031292	A.D. CULTURAL DORNA	1.557,04 €	1.167,78 €	673,60 €	20,00	43,26 %	Concurrencia competitiva
2025065233 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
TOTAL ILLA DE AROUSA, A (1)					673,60 €			
CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA)								
(51)	G94128642	ASOC CULTURAL CARBALLO DA MANTEIGA	3.027,60 €	2.270,00 €	842,00 €	25,00	27,81 %	Concurrencia competitiva
2025067229 - Adquisición de vestuario								
(52)	G94010907	ASOC CULTURAL CORAL DE BOTOS	650,07 €	400,00 €	400,00 €	15,00	61,53 %	Concurrencia competitiva
2025066836 - Adquisición de vestuario								



(53)	G36410967	ASOC ETNOGRAFICA DE CODESEDA	3.069,00 €	2.300,00 €	842,00 €	25,00	27,44 %	Concurrencia competitiva
2025067408 - Adquisición de instrumentos e vestuario								
(54)	G36029965	ASOCIACION CULTURAL BANDA DE MUSICA DE VILATUXE	12.640,05 €	3.000,00 €	2.727,27 €	100,00	21,58 %	Concurrencia competitiva
2025067187 - Adquisición de vestuario								
(55)	G75270124	CICT RANDELA CENTRO DE INTERPRETACION DA CULTURA TRADICIONAL RANDELA	911,73 €	683,70 €	336,80 €	10,00	36,94 %	Concurrencia competitiva
2025067472 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
(56)	G36030989	SOCIEDAD MUSICAL DE MUIMENTA	2.850,00 €	1.425,00 €	1.178,80 €	35,00	41,36 %	Concurrencia competitiva
2025065219 - Adquisición de instrumentos musicais								
TOTAL LALÍN (6)					6.326,87 €			
CONCELLO DE LAMA, A (PONTEVEDRA)								
(57)	G56715501	ASOC BANDA DE MUSICA MUNICIPAL DE A LAMA	3.050,00 €	3.000,00 €	673,60 €	20,00	22,09 %	Concurrencia competitiva
2025064338 - Adquisición de instrumentos musicais								
TOTAL LAMA, A (1)					673,60 €			
CONCELLO DE MARÍN (PONTEVEDRA)								
(58)	G94170404	ASOC GRUPO CARBALLIDO	5.495,82 €	3.000,00 €	1.347,20 €	40,00	24,51 %	Concurrencia competitiva
2025066283 - Adquisición de vestuario								
(59)	G36398711	ASOCIACION CULTURAL CORAL LEMBRANZAS	787,67 €	590,75 €	336,80 €	10,00	42,76 %	Concurrencia competitiva
2025064690 - Adquisición de instrumentos musicais								
(60)	G94141405	ASOCIACION CULTURAL MUSIMARIN	5.390,01 €	3.000,00 €	895,20 €	30,00	16,61 %	Concurrencia competitiva
2025067424 - Adquisición de instrumentos musicais								
TOTAL MARÍN (3)					2.579,20 €			
CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA)								
(61)	G36041085	ASOC CULTURAL PENAGUDA DENA MEAÑO	2.000,99 €	900,00 €	900,00 €	45,00	44,98 %	Concurrencia competitiva
2025067774 - Adquisición de vestuario								
(62)	G36143857	ASOCIACION UNION MUSICAL DE MEAÑO	12.262,54 €	3.000,00 €	2.307,60 €	100,00	18,82 %	Concurrencia competitiva
2025067756 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
TOTAL MEAÑO (2)					3.207,60 €			
CONCELLO DE MOAÑA (PONTEVEDRA)								
(63)	G36041101	ASOCIACIÓN CULTURAL CHARAVISCAS DE DOMAIO	5.741,45 €	3.000,00 €	1.347,20 €	40,00	23,46 %	Concurrencia competitiva
2025067708 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
(64)	G36574622	ASOCIACION CULTURAL CORO ORFEON MOAÑA	5.082,00 €	3.000,00 €	1.010,40 €	30,00	19,88 %	Concurrencia competitiva
2025067108 - Adquisición de vestuario								
(65)	G36030005	ASOCIACION MUSICAL AIRIÑOS DO MORRAZO	5.546,00 €	3.000,00 €	1.347,20 €	40,00	24,29 %	Concurrencia competitiva
2025067122 - Adquisición de instrumentos musicais								
(66)	G36041952	ASOC MASA CORAL MOAÑESA	1.949,00 €	1.949,00 €	505,20 €	15,00	25,92 %	Concurrencia competitiva
2025064911 - Adquisición de vestuario								
(67)	G36156446	CLUB DE JUBILADOS NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN	1.425,86 €	1.000,00 €	336,80 €	10,00	23,62 %	Concurrencia competitiva
2025068061 - Adquisición de vestuario								
TOTAL MOAÑA (5)					4.546,80 €			
CONCELLO DE MONDARIZ (PONTEVEDRA)								
(68)	G22640775	ASOC CULTURAL CANCELAS DE MOURISCADOS	3.800,01 €	1.710,00 €	1.683,99 €	50,00	44,32 %	Concurrencia competitiva
2025067242 - Adquisición de instrumentos musicais								
(69)	G36292746	BANDA DE MUSICA CULTURAL DE MONDARIZ	3.044,76 €	2.283,57 €	842,00 €	25,00	27,65 %	Concurrencia competitiva
2025067498 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
TOTAL MONDARIZ (2)					2.525,99 €			
CONCELLO DE MORAÑA (PONTEVEDRA)								
(70)	G36353936	AGRUP. BAILE E PANDEREITEIRAS SEIXEBRA	786,50 €	589,88 €	336,80 €	10,00	42,82 %	Concurrencia competitiva
2025067496 - Adquisición de instrumentos musicais								
(71)	G36458156	ASOCIACION CORAL VOCES AMIGAS	717,00 €	537,70 €	336,80 €	10,00	46,97 %	Concurrencia competitiva
2025065691 - Adquisición de instrumentos musicais								
(72)	G72719180	ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DA AMIL	4.210,16 €	3.000,00 €	842,00 €	25,00	20,00 %	Concurrencia competitiva
2025067435 - Adquisición de vestuario								
(73)	G36055127	BANDA DE MUSICA NOVA LIRA DE MORAÑA	6.360,97 €	1.590,24 €	1.590,24 €	80,00	25,00 %	Concurrencia competitiva
2025067117 - Adquisición de vestuario								
TOTAL MORAÑA (4)					3.105,84 €			



CONCELLO DE MOS (PONTEVEDRA)								
(74)	G27730233	ASOCIACION CHARANGA OS CHARAMUJAS	1.466,41 €	1.000,00 €	336,80 €	10,00	22,97 %	Concurrencia competitiva
2025067131 - Adquisición de instrumentos e vestuario								
(75)	G36493591	ASOCIACION CULTURAL O SON DOS CANTARES	9.445,21 €	2.994,14 €	2.694,14 €	80,00	28,52 %	Concurrencia competitiva
2025068024 - Adquisición de vestuario								
(76)	G36028827	ASOCIACION DO CENTRO RECREATIVO E CULTURAL DE TORROSO MOS	7.469,83 €	3.000,00 €	2.020,79 €	60,00	27,05 %	Concurrencia competitiva
2025065243 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
(77)	G27824978	ASOCIACION RONDALLA CLUB SANTIAGUIÑO DE GUIZAN	4.482,14 €	3.000,00 €	842,00 €	25,00	18,79 %	Concurrencia competitiva
2025067133 - Adquisición de instrumentos e vestuario								
(78)	G36426625	ASOC SOCIOCULTURAL MALVELA	5.493,40 €	3.000,00 €	1.347,20 €	40,00	24,52 %	Concurrencia competitiva
2025068012 - Adquisición de vestuario								
(79)	G36039287	CENTRO CULTURAL Y SOCIAL DE HERVILLE MOS	3.917,98 €	2.900,00 €	842,00 €	25,00	21,49 %	Concurrencia competitiva
2025067751 - Adquisición de instrumentos musicais								
TOTAL MOS (6)					8.082,93 €			
CONCELLO DE NEVES, AS (PONTEVEDRA)								
(80)	G94132255	ASOC MUSICAL OS GHUACAMAIS	4.913,61 €	3.000,00 €	1.010,40 €	30,00	20,56 %	Concurrencia competitiva
2025063941 - Adquisición de vestuario								
TOTAL NEVES, AS (1)					1.010,40 €			
CONCELLO DE NIGRÁN (PONTEVEDRA)								
(81)	G10913440	AGRUPACION MUSICAL SANTIAGO DE PARADA	6.381,86 €	2.230,00 €	2.230,00 €	70,00	34,94 %	Concurrencia competitiva
2025067980 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
(82)	G36995389	ASOC CENTRO CULTURAL RECREATIVO PARADA DO MIÑOR	1.560,56 €	545,70 €	545,70 €	55,00	34,97 %	Concurrencia competitiva
2025067992 - Adquisición de instrumentos musicais								
(83)	G36867067	CORAL POLIFONICA NOVOS AIRES DE NIGRAN	268,26 €	187,78 €	187,78 €	10,00	70,00 %	Concurrencia competitiva
2025067455 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
TOTAL NIGRÁN (3)					2.963,48 €			
CONCELLO DE OIA (PONTEVEDRA)								
84)	G36196749	ASOCIACIÓN CULTURAL UNIÓN MUSICAL DE MOUGÁS-BAIONA	1.049,00 €	500,00 €	500,00 €	25,00	47,66 %	Concurrencia competitiva
2025067113 - Adquisición de instrumentos musicais								
TOTAL OIA (1)					500,00 €			
CONCELLO DE POIO (PONTEVEDRA)								
85)	G16767352	ASOCIACION CULTURAL ESCOLA DE MUSICA DE POIO	3.783,27 €	1.700,00 €	1.683,99 €	50,00	44,51 %	Concurrencia competitiva
2025067995 - Adquisición de instrumentos musicais								
86)	G94052214	ASOCIACION CULTURAL POLAVILA - PONTEVEDRA	2.904,00 €	1.800,00 €	842,00 €	25,00	28,99 %	Concurrencia competitiva
2025066597 - Adquisición de instrumentos musicais								
TOTAL POIO (2)					2.525,99 €			
CONCELLO DE PONTEAREAS (PONTEVEDRA)								
(87)	G36196913	ASOC DE VECINOS SAN GREGORIO DE GUILLADE	2.863,35 €	2.147,51 €	673,60 €	20,00	23,52 %	Concurrencia competitiva
2025067984 - Adquisición de vestuario								
(88)	G36104768	ASOCIACION CULTURAL BANDA DE MUSICA UNION DE GULANS	6.092,41 €	3.000,00 €	1.683,99 €	50,00	27,64 %	Concurrencia competitiva
2025068032 - Adquisición de instrumentos musicais e vestuario								
(89)	G19937408	ASOCIACIÓN CULTURAL ÉRBEDO	674,50 €	505,87 €	336,80 €	10,00	49,93 %	Concurrencia competitiva
2025066867 - Adquisición de vestuario								
(90)	G94102134	ASOCIACION CULTURAL SADEO	4.580,04 €	2.290,00 €	1.347,20 €	40,00	29,41 %	Concurrencia competitiva
2025068059 - Adquisición de vestuario								
Resultando.- Que consta no expediente con CSV: FOUBPWMKAISREZUC informe do xefe de Servizo de Contratación, no que se recolle o seguinte: *“...A subsección 4ª, da sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, nos seus artigos 203 e seguintes regula as modificacións dous contratos. Esta regulación está baseada non principio de igualdade de trato entre vos licitadores, impondo que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores. Corolario do devandito principio contéplase unicamente dúas posibilidades para poder realizar a modificación do contrato: 1. que estean previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación. 2. Ou, en caso contrario, que se dean algunha das circunstancias do artigo 205 LCSP e que a modificación non afecte a ningunha condición esencial/substancial da licitación. Na licitación non se contemplou ningunha circunstancia de modificación do contrato, co cal queda descartada dita posibilidade. A segunda posibilidade para modificar o contrato é unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, e require que se adecúe a algunhas das circunstancias previstas no artigo 205 LCSP. A directora de obra recolle no seu informe que as discrepancias entre o recollido no proxecto e a realidade da obra non podían ser previstas nin durante a redacción e supervisión do proxecto técnico, nin na fase de comprobación do reformulo, dado que se revelan progresivamente logo do inicio dos traballos. Tamén dispón no seu informe que ditas modificacións implican unha alteración na contía do contrato que excede, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído, polo que segundo o recollido no artigo 205 da LCSP, non poderá realizarse modificación algunha do contrato, existindo causa de resolución, debendo nese caso, instruírse un procedemento con audiencia ao contratista, e que conte cos informes do Secretario e intervención, así como, do Consello Consultivo de Galicia, sendo preceptivo a súa solicitude, pero non vinculante en caso de oposición polo contratista. O procedemento debe finalizarse no prazo de 3 meses máximo desde o seu inicio, tendo unha serie de efectos engadidos coma a incautación da garantía, así como a indemnización a administración de danos e prexuízos...”*

Resultando.- Que a dito informe prestou a súa conformidade o Secretario Xeral da Deputación.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: A9L6JOCJGE1ZNPG6, informe complementario do xefe de Servizo de Contratación no que se recolle o seguinte: *“...Está perfectamente acreditado no expediente que a resolución do contrato non se debe a un incumprimento culpable por parte do contratista, senon á imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, non sendo posible modificar o contrato conforme o establecido na LCSP, polo que non procede en ningún caso nin a incautación da garantía nin indemnización algunha a Administración parte do contratista...”*

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2025008221 de data 10/10/2025 iniciouse o procedemento de resolución do contrato de obras Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra. No mesmo acto deuse audiencia ó contratista ós efectos de realizar as alegacións que estimara oportunas.

Resultando.- Que con data 27/10/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, (REX_WEB2025074327) escrito do contratista non opoñéndose á resolución do contrato, solicitando á devolución da garantía constituída e unha indemnización do 6% do prezo de adxudicación do contrato de obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial, por desistimento unha vez iniciada a execución das obras.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: NGT6RCFWQCW9WBLW informe emitido pola xefa de Servizo de Contratación, de liquidación do contrato, no que se recolle o seguinte: “...Logo da verificación en obra, compróbase que non existen unidades de obra realizadas pendentes de pago ao contratista [...]. non se considera necesaria a adopción de medidas de aseguramento adicionais, ao non apreciarse riscos para a seguridade, a estabilidade das obras nin para a prestación de servizos [...]. a resolución do contrato prodúcese por causas non imputables ao contratista, derivadas de discrepancias substanciais entre o proxecto e a situación real da obra, detectadas unha vez iniciados os traballos. As ditas diferenzas afectan á execución material das obras e fan necesaria a redacción dun proxecto modificado, cuxa contía excede o 50 % do prezo inicial do contrato, o que impide a continuación do mesmo. En consecuencia, e dado que non concorre incumprimento contractual imputable ao contratista nin danos á esta Administración, esta Dirección Facultativa informa favorablemente a procedencia da devolución da garantía definitiva constituída, unha vez aprobada a resolución do contrato...”

Resultando.- Que recolle tamén o citado informe que o importe de adjudicación da obra deixada de realizar polo contratista pola resolución do contrato ascende a 214.444,47€ IVE incluído.

Resultando.- Que con data 19/11/2025, tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2025079911), escrito do contratista mostrando conformidade ó informe de liquidación do contrato.

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP) establece que, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de acordar a resolución dos contratos administrativos e determinar os efectos desta.

Considerando.- Que artigo 205 da LCSP, recolle no seu apartado 2.2º.b), que cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran entre outras que 1º a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, aillada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, do 50 por cento do seu prezo inicial IVE, excluído.

Considerando.- Que artigo 211 da LCPS dispón no seu apartado g) que e causa de resolución do contrato a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme os artigos 204 e 205 ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, aillada ou conxuntamente, alteracións do prezo do mesmo, en contía superior, en máis ou menos, ó 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.

Considerando.- Que o artigo 213.4 da LCSP, recolle que cando a resolución se acorde polas causas recollidas na letra g) do artigo 211, o contratista terá dereito a unha indemnización do 3 por cento do importe da prestación deixada de realizar.

Considerando.- Que o artigo 246.1 da LCSP, recolle o seguinte: “...A resolución do contrato dará lugar á comprobación, medición e liquidación das obras realizadas, con arranxo ó proxecto, fixando os saldos pertencentes a favor ou en contra do contratista.



Considerando.- Que o artigo 29.7 segundo parágrafo da Lei 9/2017, indica que se entenderá por contrato complementarios aqueles que teñen unha relación de dependencia respecto de outro, o principal, cuxo obxecto se considere necesario para a correcta realización da prestación ou prestacións ás que se refira o contrato principal.

Considerando.- Que o art. 313.1.c) LCSP 2017 establece como causa de resolución específica dos contratos de servizos, entre outras, a resolución dos contratos complementarios cando se resolva o contrato principal “en todo caso”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Resolver o contrato de obras “Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra”.
2. Proceder ó abono á empresa COVISAM NORTE, S.L. (CIF B70416011), da cantidade de 5.316,80€ en concepto do 3% de indemnización da prestación deixada de realizar.(art.213.4 LCSP).
3. Aprobar a liquidación do contrato de obras “ Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra” sen que existan obrigas pendentes por parte da Deputación nin do contratista.
4. Devolver a garantía definitiva constituída por COVISAM NORTE, S.L, para facer fronte á execución deste contrato por importe de 10.499,00 €, segundo carta de pago número 202400113938 de data 23/05/2024.
5. Resolver o contrato complementario “Contrato derivado lote 4 AM seguridade e saúde na obra "Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra".

33.35949.- CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE E MOBILIDADE DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE HABITUAL NO ANO 2025. (EXPT. 2025003001).

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 27/06/2025 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2025 por importe de 300.000,00 €.

Segundo.- Con data 04/07/2025 procédese á publicación das bases anteriormente sinaladas no BOPPO (núm. 127), establecéndose un prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación de solicitudes.



Terceiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión extraordinaria celebrada o día 30/09/2025 aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos número 5/2025, polo que incorpóranse 300.000,00 € de crédito á aplicación 25/340.3410.789.05, destinada a incrementar o financiamento da convocatoria das axudas aos clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual deste 2025, tal como se fai constar no apartado de financiamento da convocatoria.

Cuarto.- Con data 17/11/2025 a xefatura do servizo de Deportes emite informe proposta ao respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de entidades beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas e trala reunión da comisión de avaliación nomeada ao efecto na mesma data.

Quinto.- Con data 17/11/2025 a xefatura do servizo de Deportes formula a proposta de resolución provisional das subvencións obxecto do presente procedemento e publicada con data 17/11/2025.

Sexto.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 28/11/2025 aprobou a modificación das bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2025 por importe de 600.000,00 €.

Sétimo.- Trala recepción da documentación requirida na resolución provisional, vinte e tres entidades modifican o orzamento indicado coa solicitude inicial. Incorpóranse ditas modificacións no informe-proposta dos expedientes que presentaron alegacións (CSV: M0FFC6W8YBOBH3WA).

Oitavo.- Con data 22/12/2025 efectúase a proposta de resolución definitiva.

Noveno.- En data 23/12/2025 fiscalízase de xeito favorable o expediente pola Intervención da Deputación.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no caso de tratarse de Asociacións, artigo 232.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025.



Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión por importe de 600.000,00 € as trinta e tres (33) solicitudes para clubs deportivos da provincia de para a adquisición ou adaptación de medios de transporte e mobilidade directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade deportiva habitual no ano 2025 e que figuran nas relacións que se achegan cos seguintes CSV:

- Deporte xeral: 22X8DF5K0MKF91CE
- Deporte náutico: 1E8Q9JC4SNX5G5EE
- Deporte persoas con discapacidade: 1FFYVW59LU6VJFNI

Segundo.- Excluir deste programa un total de setenta (70) solicitudes que figuran na relación que se achega co seguinte CSV: PEKEC451UJP5HPC4

- Dúas (2) renuncian a súa solicitude.
- Catro (4) renuncia á subvención.
- Dúas (2) excluídas pola base segunda (non poden ser entidades beneficiarias).
- Unha (1) excluída pola base sétima (gasto non subvencionable).
- Unha (1) excluída pola base décima (non presentan documentación).
- Sesenta (60) solicitudes compren cos requisitos para ser entidades beneficiarias, mais excédese o límite orzamentario fixado na convocatoria.



Subvencións concedidas

Relación de subvencións concedidas no ámbito para o deporte xeral

Terceiro extendido	Puntuación	Obxecto subvención	Orzamento presentado	Importe
CLUB DE MONTAÑA XESTEIRAS (DEPORTE XERAL-ATL/CICL/MONT)	100	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	34.104,50 €	22.671,38 €
CLUB BALONMANO PORRIÑO (DEPORTE XERAL-BALONMAN)	94	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	39.813,84 €	22.671,38 €
CLUB AROSA SOCIEDAD CULTURAL (DEPORTE XERAL-FÚTBOL)	94	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	30.743,80 €	22.304,12 €
LUCEROS (DEPORTE XERAL-BALONMAN)	94	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	44.409,42 €	22.671,38 €
CLUB BADMINTON RAVACHOL PONTEVEDRA (DEPORTE XERAL-BADMINTON)	94	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	33.299,99 €	22.671,38 €
CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL (DEPORTE XERAL-BALONMAN)	92	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	34.750,00 €	22.671,38 €
CLUB BALONMAN CANGAS (DEPORTE XERAL-BALONMAN)	89	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	34.465,14 €	22.671,38 €
REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO (DEPORTE XERAL-ATLETISMO)	86	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	35.555,67 €	22.671,38 €
MASTER DA LOURIÑA (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	84	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS DE SEGUNDA MAN	30.976,00 €	13.602,83 €
CLUB DEPORTIVO LA PEÑA L.P. (DEPORTE XERAL-FUT/FUT. SALA)	82	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS DE SEGUNDA MAN	14.950,00 €	10.845,97 €
CLUBE BADMINTON AS NEVES (DEPORTE XERAL-BADMINTON)	80	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	31.266,00 €	22.671,38 €
CLUB VIGO VOLEIBOL (DEPORTE XERAL-VOLEIBOL)	77	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS DE SEGUNDA MAN	24.738,76 €	13.602,83 €
CLUB DEPORTIVO BALONCESTO ESTUDIANTES PONTEVEDRA (DEPORTE XERAL-BALONCESTO)	75	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	33.700,00 €	22.671,38 €
ASOCIACION RECREATIVA CICLISMO OIENSE (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	75	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS DE SEGUNDA MAN	10.000,00 €	7.254,82 €
CLUB CICLISTA PONTEAREAS (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	74	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS DE SEGUNDA MAN	29.900,00 €	13.602,83 €
SOCIEDAD GIMNASTICA DE PONTEVEDRA (DEPORTE XERAL-ATLETISMO)	72	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	32.685,95 €	22.671,38 €
				307.927,20 €



Relación de subvencións concedidas no ámbito para o deporte náutico

Terceiro extendido	Puntuación	Obxecto subvención	Orzamento presentado	Importe
CLUB NAUTICO PONTECESURES (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	100	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	28.697,98 €	21.802,06 €
CLUB MARITIMO DEPORTIVO E CULTURAL BREOGAN DO GROVE (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	96	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	38.412,43 €	23.740,85 €
C.KAYAK TUDENSE (DEPORTE NÁUTICO-KAYAK)	96	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	44.500,00 €	23.740,85 €
CLUB AS TORRES (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	95	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	28.057,85 €	21.315,76 €
CLUB KAYAK VIGO (DEPORTE NÁUTICO-KAYAK)	92	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS DE SEGUNDA MAN	22.900,00 €	14.244,51 €
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO (DEPORTE NÁUTICO-VELA)	92	ADQUISICIÓN DE REMOLQUES	9.809,00 €	4.748,17 €
CLUB MARITIMO DE CANIDO (DEPORTE NÁUTICO-VELA)	82	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	38.039,67 €	23.740,85 €
CLUB DE REMO CHAPELA (DEPORTE NÁUTICO-REMO)	79	ADQUISICIÓN DE REMOLQUES	6.800,01 €	4.748,17 €
SOCIEDAD DEPORTIVA SAMERTOLAMEU (DEPORTE NÁUTICO-REMO)	76	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	37.800,00 €	23.740,85 €
CLUB PIRAGÜISMO VILABOA (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	71	ADQUISICIÓN DE BEHÍCULOS NOVOS	38.424,02 €	23.740,85 €
CLUB NAVAL DE PONTEVEDRA (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	67	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	29.438,02 €	22.364,28 €
				207.927,20 €

Relación de subvencións concedidas no ámbito para o deporte para persoas con discapacidade

Terceiro extendido	Puntuación	Obxecto subvención	Orzamento presentado	Importe
ESCOLA XADREZ DE PONTEVEDRA (DEPORTE PERSOAS CON DISCAPACIDADE -XADREZ)	41	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	36.889,93 €	25.000,00 €
CLUB DE REMO RIA DE MARIN (DEPORTE PERSOAS CON DISCAPACIDADE -REMO)	35	ADQUISICIÓN DE REMOLQUES	7.850,00 €	5.000,00 €
QUENLLA SURF CLUBE (DEPORTE PERSOAS CON DISCAPACIDADE -SURF)	25	ADQUISICIÓN DE APARELLOS ESPECÍFICOS PARA FACILITAR O TRASLADO DE DEPORTISTAS CON DISCAPACIDADE	960,00 €	768,00 €
CLUB POLIDEPORTIVO ACEESCA PORRIÑO (DEPORTE PERSOAS CON DISCAPACIDADE-DEPORTE ADAPTADO)	23	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	47.813,62 €	25.000,00 €



CLUB NAUTICO INCLUSIVO BAIXO MIÑO (DEPORTE PERSOAS CON DISCAPACIDADE-MOTONAUTICA)	23	ADQUISICIÓN DE REMOLQUES	5.082,00 €	4.065,60 €
CLUB DEPORTIVO ASPAVI (DEPORTE PERSOAS CON DISCAPACIDADE-DEPORTE ADAPTADO)	22	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS	30.390,00 €	24.312,00 €
				84.145,60 €

Subvencións non concedidas

Relación de subvencións non concedidas na liña de deporte xeral

Cód. expediente	Terceiro extendido	Puntuación	Motivo
2025054292	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO (DEPORTE XERAL-PATINAXE)	72	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057969	CLUB ESCOLA ROSALIA (DEPORTE XERAL-BADMINTON)	72	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025052524	CLUB DEPORTIVO ESCOLA HUNGARESA DE ESGRIMA DE PONTEVEDRA (DEPORTE XERAL-ESGRIMA)	72	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025056444	SARES-TKD CANGAS (DEPORTE XERAL-TAEKWONDO)	71	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057024	SOCIEDADE DEPORTIVA ATLÉTICA NOVÁS - O ROSAL (DEPORTE XERAL-BALONMAN)	70	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025058107	ASOC DEPORTIVA AVANZA (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	69	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025058220	CLUB ARMENTEIRA E PUNTO (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	67	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057751	CLUB CICLISTA TEIS (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	67	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057508	CLUB CICLISTA BICI VERDE (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	67	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057975	CLUB CICLISTA FARTO (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	67	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025052579	MOTOCUB VFM (DEPORTE XERAL-MOTOCICLISMO)	66	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057206	ASOC DEPORTIVA E CULTURAL ASMUBAL MEAÑO (DEPORTE XERAL-BALONMAN)	66	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057753	ASOCIACION DEPORTIVA PUNTA FONDON (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	66	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025051840	CLUB DEPORTIVO I E S CORUXO FUTBOL SALA (DEPORTE XERAL-FÚTBOL SALA)	65	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057970	KELTOI CRUCES (DEPORTE XERAL-LOITA)	65	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025056157	TEAM CYCLING GALICIA (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	64	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA



2025057747	CLUB CICLISTA RIBADUMIA (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	62	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025053172	CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	62	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025051836	AGRUPACION CULTURAL DEPORTIVA A SECA (DEPORTE XERAL-FÚTBOL)	60	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025054080	CLUB BADMINTON A ESTRADA (DEPORTE XERAL-BADMINTON)	60	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025056839	HOQUEI CLUB PONTEAREAS (DEPORTE XERAL-HOQUEI)	60	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025051835	GONDOMAR FUTBOL BASE (DEPORTE XERAL-FÚTBOL)	59	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057749	CLUB ATLETISMO ESTRADA (DEPORTE XERAL-ATLETISMO)	59	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057752	ASOC DEPORTIVA GRUPO DEPORTIVO CORTIZO (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	59	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025052759	SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA SALCEDO (DEPORTE XERAL-FÚTBOL SALA)	58	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025054769	CIRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO (DEPORTE XERAL-TENIS)	56	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025058106	ILLAS CIES TENIS DE MESA (DEPORTE XERAL-TENIS DE MESA)	55	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025058229	UNION RECREATIVA DE EMPLEADOS DE LA CAJA (DEPORTE XERAL-TENIS)	52	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025051844	PONTEBIKE TEAM (DEPORTE XERAL-CICLISMO)	50	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025056463	GIMNASIO ESCUELA OMNIHUM (DEPORTE XERAL-TAEKWONDO)	49	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025051841	REBOURAS TEAM (DEPORTE XERAL-TAEKWONDO)	49	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025051842	C.F. CAÑIZA (DEPORTE XERAL-FÚTBOL)	46	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025051837	CLUB DEPORTIVO C.S.C.R. DE BEADE (DEPORTE XERAL-ATLETISMO)	42	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057796	ASOC DEPORTIVA GRAND JETE (DEPORTE XERAL-XIMNASIA)	40	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025056792	CLUB DE BILLAR RIAS BAIXAS (DEPORTE XERAL-BILLAR)	35	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057993	HONG MUAY THAI ACADEMY (DEPORTE XERAL-MUAY THAI)	31	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025058030	ESCUDERIA PORTAS MOTOR (DEPORTE XERAL-AUTOMOBILISMO)	33	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057750	CLUB ESCUDERIA LALIN-DEZA (DEPORTE XERAL-AUTOMOBILISMO)	26	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA



Relación de subvencións non concedidas na liña de deporte náutico

Cód. expediente	Terceiro extendido	Puntuación	Obxecto subvención
2025058239	PIRAGUISMO PORTONOVO (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	66	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057026	CLUB ESCOLA DE PIRAGUISMO POIO (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	66	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025055720	CLUB PIRAGUISMO PENEDO (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	66	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025055534	CLUB RIO VERDUGO PONTEVEDRA (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	64	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057974	IMUA PADDLE SURF CLUB AGUETE (DEPORTE NÁUTICO-PADDLE SURF)	64	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025054335	CLUB NÁUTICO RODEIRA CANGAS (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	64	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057965	S D TIRAN (DEPORTE NÁUTICO-REMO)	61	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057972	CLUB DE MAR RIA DE ALDAN (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	58	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057506	CLUB DE REMO MECOS DO GROVE (DEPORTE NÁUTICO-REMO)	56	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025058028	CLUB DO MAR BUEU (DEPORTE NÁUTICO-REMO)	56	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057847	CLUB DE REMO VILA DE CANGAS (DEPORTE NÁUTICO-REMO)	54	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025054322	CLUB PIRAGUISMO CAMBADOS (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	48	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057205	CIRCULO CULTURAL RECREATIVO DE CESANTES (DEPORTE NÁUTICO-REMO)	46	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057961	REAL CLUB DE MAR DE AGUETE (DEPORTE NÁUTICO-VELA)	35	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057963	DACSS SCHOOL SL (DEPORTE NÁUTICO-SURF)	35	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025057075	BOUZAS CAIAC (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	33	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025055130	CLUB MARITIMO TAMBO DE MARIN (DEPORTE NÁUTICO-PIRAGÜISMO)	32	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025058230	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA (DEPORTE NÁUTICO-REMO)	29	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA
2025055719	CLUB NAUTICO UMIA (DEPORTE NÁUTICO-KAYAK POLO)	21	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA



Relación de entidades excluídas e renunciadas

Cód. expediente	Nome Completo	Ámbito	Motivo
2025051843	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	DEPORTE XERAL	RENUNCIA. XÚNTASE RENUNCIA NO EXPEDIENTE
2025052522	CLUB NAUTICO O MUIÑO RIBADUMIA	DEPORTE NÁUTICO	RENUNCIA. XÚNTASE RENUNCIA NO EXPEDIENTE
2025054043	CLUB PIRAGÜISMO ILLA DE AROUSA	DEPORTE NÁUTICO	EXCLUIDO. BASE SEGUNDA (NON ESTAR AO CORRENTE COA ATRIGA)
2025055147	CLUB DEPORTIVO DELIKIA	DEPORTE XERAL	EXCLUIDO. BASE SÉTIMA (GASTO NON SUBVENCIONABLE)
2025057281	CLUB DEPORTIVO SALITRE	DEPORTE NÁUTICO	EXCLUIDO. BASE DÉCIMA (NON PRESENTAN CERTIFICADO FEDERATIVO)
2025057513	CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	DEPORTE XERAL	RENUNCIA. XÚNTASE RENUNCIA NO EXPEDIENTE
2025057563	ESCUELA HIPICA Y EQUINOTERAPIA ABRAIN SL	DEPORTE XERAL	EXCLUIDO. BASE SEGUNDA (NON PODEN SER ENTIDADE BENEFICIARIA)
